



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 83

Sesión plenaria
26 de setembro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Propositions non de lei

4.3 33682 (10/PNP-002551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para que durante a X lexislatura volva asumir integramente o custo dos desprazamentos programados (non urxentes) das persoas en situación de dependencia, discapacidade ou con problemas de mobilidade, garantindo a universalidade e gratuidade deste servizo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344, do 01.08.2018

4.4 34520 (10/PNP-002593)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado respecto da Orde, do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que establece suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

4.5 35858 (10/PNP-002666)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

4.6 36056 (10/PNP-002675)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

4.8 36148 (10/PNP-002690)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia destinadas a elaborar un proxecto integral de coidado e atención das augas do encoro da Baxe e do río Umia, así como a convocatoria urxente de representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da

Confederación Hidrográfica Galicia-Costa, de Augas de Galicia, dos representantes dos concellos da conca do río Umia e do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

Punto 5. Interpelacións

5.1 34252 (10/INT-001140)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as políticas do Goberno galego para afrontar a situación económica e social de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

5.2 34790 (10/INT-001167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a redución da oferta educativa nos concellos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 05.09.2018

5.3 36141 (10/INT-001207)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a situación ambiental do río Umia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 36974 (10/POPX-000106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización dalgunha actuación para frear a escalada de prezos da electricidade e dos carburantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

6.2 36975 (10/POPX-000107)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o restablecemento da situación na CRTVG

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

6.3 36976 (10/POPX-000108)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a forma da acción de goberno da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 36955 (10/PUP-000193)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e tres deputados/as máis

Sobre a repercusión temporal que supón, no remate das actuacións anunciadas no barrio da Residencia, na cidade de Lugo, a decisión da Xunta de Galicia de deixar sen efecto os acordos referidos á retrocesión do pavillón xeral e do edificio da Escola.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

7.2 33580 (10/POP-003887)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e catorce deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais cidades galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 27.07.2018

7.3 35397 (10/POP-004157)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para evitar as retencións que se veñen producindo na AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 05.09.2018

7.4 35802 (10/POP-004224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da fábrica de Sargadelos, en Cervo, así como o futuro da empresa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 355, do 13.09.2018

7.5 36853 (10/PUP-000190)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e oito deputados/as máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia diante do anuncio de rescisión do contrato de subministración de enerxía eléctrica por parte de Naturgy á industria galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

7.6 36962 (10/PUP-000191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación dos recursos necesarios ao IES de Brión e ao CEIP Padre Feijoo de Allariz

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

7.7 36969 (10/PUP-000192)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luís e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola consellaría para cubrir as necesidades de persoal docente e de infraestruturas no curso escolar 2018-2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

7.8 34222 (10/POP-004036)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre a ampliación do servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para que o servizo se preste as 24 horas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

7.9 36127 (10/POP-004280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre as razóns do Goberno galego para anunciar a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos despois da votación no seo da Unión Europea que negaba esa posibilidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 355, do 13.09.2018

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización dalgunha actuación para frear a escalada de prezos da electricidade e dos carburantes. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o restablecemento da situación na CRTVG. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a forma da acción de goberno da Xunta de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 27.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 28.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións da Xunta de Galicia para que durante a X lexislatura volva asumir integramente o custo dos desprazamentos programados (non urgentes) das persoas en situación de dependencia, discapacidade ou con problemas de mobilidade, garantindo a universalidade e gratuidade deste servizo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 34.), *Sra. Vázquez Verao (EM)* (Páx. 35.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 37.)

Nova intervención da señora Blanco Rodríguez (S). (Páx. 39.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado respecto da Orde, do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que establece suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente, Calvo Pouso, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 40.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 42.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 45.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 47.) e *Sr. Casal Vidal (EM).* (Páx. 49)

A señora Nóvoa Iglesias (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 50.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 52.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vázquez Veroa (EM).* (Páx. 53.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 56.) e *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 58.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 61.)

A señora Vázquez Veroa (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 64.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 66.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 67.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 70.), *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 71.) e *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 73.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 75.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia destinadas a elaborar un proxecto integral de coidado e atención das augas do encoro da Baxe e do río Umia, así como a convocatoria urxente de representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Confederación Hidrográfica Galicia-Costa, de Augas de Galicia, dos representantes dos concellos da conca do río Umia e do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 76.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 80.) e Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Trenor López (P). (Páx. 83.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 86.)

Votación das proposicións non de lei

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e seis deputados máis, sobre a realización polo Goberno galego das xestións oportunas diante do Ministerio de Fomento, no marco do contrato adxudicado por Renfe a Talgo, para dotar Galicia de trens AVRIL para prestar o servizo na liña Madrid-Ourense-A Coruña e Vigo, co fin de mellorar os tempos de conexión coa Meseta: *aprobada por 52 votos a favor, ningún en contra e 20 abstencións.* (Páx. 88.)*

*Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa aplicación das melloras das condicións laborais na empresa pública Seaga: *rexeitado por 20 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 89.)*

*Votación dos puntos 2 e 3 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa aplicación das melloras das condicións laborais na empresa pública Seaga: *rexeitados por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)*

*Votación dos puntos 1, 4 e 5 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa experiencia, as condicións laborais e as tarefas do persoal da empresa pública Seaga: *rexeitados por 20 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 89.)*

Votación dos puntos 2 e 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa experiencia, as condicións laborais

e as tarefas do persoal da empresa pública Seaga: *rexeitados por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións da Xunta de Galicia para que durante a X lexislatura volva asumir integramente o custo dos desprazamentos programados (non urxentes) das persoas en situación de dependencia, discapacidade ou con problemas de mobilidade, garantindo a universalidade e gratuidade deste servizo: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado respecto da Orde do Ministerio para a Transición Ecolóxica que establece suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013: *aprobada por 45 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións.* (Páx. 91.)

O señor Losada Álvarez pide a palabra para explicación do seu voto, conforme o artigo 94.1. (Páx. 91.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e dous deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e dous deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno Galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo: *rexeitado por 20 votos a favor, 52 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

Votación do punto número 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande: *rexeitado por 20 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 93.)

Votación do punto número 6 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande: *rexeitado por 20 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 94.)

Votación dos puntos 8 e 9 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas

que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande: *aprobados por 45 votos a favor, ningún en contra e 27 abstencións.* (Páx. 94.)

Votación dos restantes puntos, excepto o 1, 6, 8 e 9, da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande: *aprobados por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia destinadas a elaborar un proxecto integral de coidado e atención das augas do encoro da Baxe e do río Umia, así como a convocatoria urxente de representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Confederación Hidrográfica Galicia-Costa, de Augas de Galicia, dos representantes dos concellos da conca do río Umia e do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 95.)

Modificación da orde do día

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica que a pregunta oral que figura como 7.5 na orde do día foi aprazada. (Páx. 95.)

Interpelación de D. José Manuel Lago Peñas e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as políticas do Goberno galego para afrontar a situación económica e social de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lago Peñas (EM).* (Páx. 95.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 98.)

Réplica do autor: *Sr. Lago Peñas (EM).* (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 101.)

Interpelación de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a redución da oferta educativa nos concellos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 102.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 105.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 108)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 110)

Suspéndese a sesión ás tres e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e tres minutos.

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación ambiental do río Umia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 112.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 115.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 120.)

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a repercusión temporal que supón, no remate das actuacións anunciadas no barrio da Residencia, na cidade de Lugo, a decisión da Xunta de Galicia de deixar sen efecto os acordos referidos á retrocesión do pavillón xeral e do edificio da Escola. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 122.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 123.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 124.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 125.)

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e catorce deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais cidades galegas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 126.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 127.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 128.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 129.)

Pregunta de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para evitar as retencións que se veñen producindo na AP-9. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 130.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 131.)

Réplica do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 133.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da fábrica de Sargadelos, en Cervo, así como o futuro da empresa. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 136.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 137.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación dos recursos necesarios ao IES de Brión e ao CEIP Padre Feijoo, de Allariz. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 140.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 142.)

Pregunta de D. Luís Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola consellaría para cubrir as necesidades de persoal docente e de infraestruturas no curso escolar 2018-2019. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 144.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 146.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a ampliación do Servizo de Hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para que o servizo se preste as 24 horas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 148.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 150.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 151.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 152.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para anunciar a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos despois da votación no seo da Unión Europea que negaba esa posibilidade. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 153.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 154.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 155.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 156.)

Remata a sesión ás seis e corenta e oito minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Bos días.

Imos retomar a sesión.

Pasamos ao punto número 6, de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización dalgunha actuación para frear a escalada de prezos da electricidade e dos carburantes

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

Para formular a pregunta ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, unha cuestión previa. O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza acaba de dicir que o seu Goberno intentou boicotear a folga do 8-M. Está claro que na Xunta de Galiza hai moito macho alfa e pouco respecto polo dereito das mulleres. *(Aplausos.)*

E, dito isto, permítame trasladarlle a miña preocupación porque a factura dos carburantes e da luz non deixa de subir nun país cos salarios e as pensións á cola do Estado. E o seu Goberno é corresponsable desta situación. En 2014 vostede anunciou medidas para baixar o prezo do gasóleo e da gasolina. ¿Resultado? Os carburantes non deixaron de medrar, en boa parte porque vostede decidiu incrementar os impostos; no caso do gasóleo, chegou a multiplicalo por catro. Despois de estar catro anos de brazos cruzados, agora no mes de xullo vólvenos anunciar as mesmas medidas que en 2014. É dicir, vostede ten moita propaganda pero non ten realmente alternativas nin solucións a este problema.

E no que respecta ás aportacións do Partido Popular en relación coa factura da luz, aquí imos de mal en peor. O primeiro foi o recurso á meteoroloxía; se chovía, seica ía baixar o prezo da luz. O resultado é que, desde que vostede goberna, a factura da luz subiu un 84 %.

Despois receiptáronnos resignación. Dician que había que acostumarse a pagar máis pola factura da luz. Logo viñeron as portas xiratorias; o último enchufado, un compañeiro do seu partido: Arsenio Fernández de Mesa. E, por último, o Partido Popular deixou preparada unha tarifa galega ao revés, é dicir, que, en vez de ter compensacións, imos pagar a factura da luz máis cara porque nos van penalizar por ser produtores. E isto é unha tomadura de pelo e unha estafa monumental ás familias e ás empresas deste país. E vostede é corresponsable, é cómplice necesario.

Xa sabemos que lles importa un bledo se a xente deste país non pode prender a calefacción, se hai empregos en risco polo alto custo da electricidade. O único que os motiva é manter os beneficios das eléctricas. Pero a maioría da xente deste país coincide con nós en que é ilóxico e inxusto que, sendo produtores de enerxía eléctrica, non teñamos compensacións na factura ou que, tendo unha refinería na Coruña, paguemos uns prezos absolutamente desorbitados polo gasóleo e pola gasolina.

E para frear esta inxustiza desde o BNG facémoslle propostas. En relación co gasóleo e coa gasolina, hai que sancionar realmente as petroleiras, porque é evidente que están pactando os prezos á alza e hai que rebaixar a carga fiscal. E, en relación coa factura da luz, dúas propostas: tarifa galega e IVE súper reducido do 4 %, o que permitiría aforrar 330 euros na factura da luz.

Vostede decide, señor Feijóo, de que lado está, se do lado de Galiza ou do *lobby* enerxético. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón Mondelo.

Para resposta ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, agradezo que empece vostede a acatar as sentenzas dos tribunais. Iso é un cambio de tendencia do BNG. Supoño que acatan vostedes todas as sentenzas, señora Pontón, ¿incluídas as referidas ao independentismo catalán?

Señora Pontón, ¿acatan todas as sentenzas onde a Xunta de Galicia gaña, unha tras outra, todas as referidas aos servizos mínimos dos conflitos na comunidade autónoma? E esta nós acatámola, porque di que non actuamos correctamente.

Señora Pontón, ¿verdade que é moito máis fácil ser demócrata que ser sectario?

Señora Pontón, *colorín colorado, este cuento se ha acabado*. Agora proponme unha fórmula máxica para aforrar 330 euros na factura da luz aos galegos. ¡Alá vostede! Siga vostede tomándolles o pelo aos galegos. A nós preocúpannos os galegos que teñen dificultades para pagar a luz, e por iso desde o ano 2014 establecemos un ticket eléctrico e axudas para o corte de subministración da luz. E por iso desde o ano 2014 ao ano 2017 hai trece mil familias que están beneficiadas polas políticas enerxéticas da Xunta de Galicia. E por iso no ano 2017 aprobamos unha lei, a de garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica, na que vostedes votaron en contra. E por iso somos a primeira comunidade autónoma de España en completar as axudas ao bono social do Estado; o 40 % do bono finánciao a Administración xeral do Estado, o 10 % as compañías eléctricas e o 50 % a Xunta de Galicia. E por iso lles dicimos a todas as familias galegas que estean en risco de exclusión social que teñen todos os días, todos os meses e todo o ano para pedir estas axudas.

Señora Pontón, por iso fixemos protocolos de colaboración con todas as empresas subministradoras para evitar os cortes de subministración de luz en Galicia. E por iso, señora Pontón, o Instituto Galego de Consumo ponse á disposición dos consumidores para presentar reclamacións ante calquera compañía eléctrica; con vostedes, as reclamacións que atendían eran as das compañías eléctricas.

Señora Pontón, déixeme traerlle un extracto do que dicían vostedes cando estaban no Goberno sobre o prezo dos carburantes: «Non sei o que pode facer o Goberno galego en relación cos prezos dos carburantes. A posibilidade de intervir é practicamente nula».

Señora Pontón, ¿en que mudaron vostedes? Nós si que seguimos traballando. O único decreto que fixo un goberno en relación co monopolio, co incumprimento e cos pactos dos prezos dos carburantes é este goberno, decreto do ano 2015. A partir de aí flexibilizamos a instalación de gasoleiras, 64 —34 gasoleiras inscritas e 30 máis en tramitación—.

Señorías, fixemos o primeiro protocolo de colaboración coa Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia. Estivo aquí o presidente da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia. Levo como presidente da Xunta dicindo que, na miña opinión, hai un pacto para que o gasóleo en Galicia sexa antes de impostos un dos gasóleos máis caros de España. Vostedes non sei onde estaban cando estaban no Goberno; era o mesmo, pero nós si que o denunciámos.

Señora Pontón, pactamos coa Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia un informe trimestral de prezos —polo tanto, transparentalos— e reforzar a avaliación, o seguimento e a inspección. Pero o que si plantexamos, señoría...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...é a liberdade para construír gasoleiras independentes en Galicia.

E, por certo, señora Pontón, non engane a ningún galego. Hai unha harmonización dos impostos desde o 1 de xaneiro. En todas as comunidades autónomas os impostos sobre os carburantes serán iguais. Polo tanto, señora Pontón, deixe de contarlles contos do conto nacionalista de sempre.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor presidente.

Ten a palabra, para réplica, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, eu, señor Feijóo, lamento que vostede estea orgulloso dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que di que intentou boicotear a folga de mulleres do 8-M e que o fixo, ademais, maliciosamente. Iso é o que di un tribunal. ¡Vaía respecto que ten vostede polas mulleres deste país, señor Feijóo! ¡É unha auténtica vergoña! (*Aplausos.*)

E mire, eu creo que, dado o número de asesores que ten vostede no seu gabinete, debería de preparar un pouco mellor as respostas e non vir repetirnos sempre exactamente o mesmo argumentario. Claro, ticket eléctrico: é que subiu a pobreza enerxética, hai 180.000 persoas que están en risco de exclusión social, e vostede, cunha medida que non chega nin ao 10 %, dinos que está o problema solucionado. Vostede dinos que fixo un informe polo tema dos carburantes, pero é que, desde que vostede fixo ese informe e publicou ese decreto, o prezo dos carburantes neste país non deixou de subir, señor Feijóo. Entón, ¿de que lles valen aos galegos e ás galegas eses informes propagandísticos para tapar que no Consello da Xunta non hai un goberno que realmente sexa capaz de tomar medidas?

E mire, aquí a única maxia que fan son as eléctricas, que din que teñen un déficit tarifario pero teñen uns beneficios só no último ano de cinco mil millóns de euros. Durante a crise ganaron cincuenta mil millóns de euros a custa de salear uns salarios e unhas persoas que están nunha situación de bastante dificultade. A realidade, señor Feijóo, é que coa súa política enerxética a factura da luz subiu un 84 %. E nós aquí non falamos de maxia, falamos de decisións políticas. É unha decisión política que exista unha tarifa galega. Trátase de compensarnos porque somos excedentarios na produción de enerxía eléctrica. Outros territorios reclámanos, pero xa sabemos que vostede é un fiel seguidor do centralismo e é incapaz de defender os intereses deste país.

Temos tamén outra proposta: baixemos o IVE ao 4 %, porque a electricidade non é un ben de luxo, non é un Ferrari, necesítamolo todos os días para poder estar nas nosas casas, e tamén se necesita para que as nosas empresas sexan competitivas. ¿Vostede que opina sobre iso, señor Feijóo? ¿Si ou non?

Temos máis propostas. Podería vostede, por exemplo, constituír unha compañía pública para proceder ao rescate das concesións hidroeléctricas que están caducadas; polos datos que nós temos, en Galicia-costa hai catro. Iso significaría que eses beneficios, en vez de ir para as eléctricas...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...quedarían neste país.

Señor Feijóo, poderíanse facer moitas cousas para baixar o prezo dos carburantes, o prezo da electricidade, se realmente vostede tivera esa disposición. Lamentamos que aquí poña a camiseta do *lobby* eléctrico de novo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para o turno de réplica ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Pontón, falar de xustiza hoxe no Parlamento galego creo que poderíamos falar largo e tendido, pero a vostede iso non lle interesa.

Se quere falar dunha sentenza do Tribunal Superior, podemos falar de varias. Hoxe coñecemos dúas nos xornais: unha, que condenaba a Xunta por incumprimento dos servizos mínimos, que estaban mal dimensionados; aceptámola. Outra, sobre un compañeiro do Partido Popular que vostedes permanentemente calumniaron e inxuriaron e que, polo que parece, o Tribunal Superior non ve ningún indicio ao respecto.

Pero, como sei que vostede as sentenzas as cualifica de dúas formas: unhas, as que acata, e outras, as que non acata, nós volvemos reiterar que acatamos todas as sentenzas, porque estamos nun Estado de dereito que se chama nación española. (*Murmurios.*) Supoño que tomaría nota, señoría, sobre a miña manifestación.

Pois ben, falando de privilexios, vinte e seis mil millóns de euros é o que herdou un goberno do Partido Popular de subvencións ás eléctricas, o chamado déficit tarifario. Vostedes gobernaban co Partido Socialista. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, si, ¡pero se gobernaron sempre que lle deron posibilidade de gobernar, señora Pontón! E seguirán facéndoo ata sempre.

Por certo, o Goberno do Partido Socialista condonoulles ás empresas eléctricas tres mil millóns de euros dos custos da transición á competencia. Vostedes daquela eran responsables da enerxía en Galicia, Consellería de Industria. (*Murmurios.*) *Mutis por el foro*, señora Pontón. (*Murmurios.*) Ningunha palabra, ningún comentario. Tres mil millóns de euros condonados ás eléctricas, e a herdanza, vinte e seis mil millóns de euros de débedas que estamos pagando na tarifa eléctrica.

Señora Pontón, mire, vostede trae á Cámara algúns asuntos que creo que ben merecen a pena. Fíxoo coa autoestrada do Atlántico; eu agradecínlo. Agora vólveo facer coa luz, e eu valóoro. O problema, señoría, é que vostedes traen asuntos serios á Cámara pero a súa seriedade pérdese cando falan das solucións. Para todos os asuntos importantes de Galicia as súas solucións son o independentismo de Galicia e a independencia de Galicia. Si, señora Pontón, si.

Falemos en serio. Se vostedes queren falar da independencia de Galicia, pregúnteme vostede por iso. Se vostede o que quere é intentar dicirlles aos galegos: é que cando Galicia sexa independente, imos pagar menos luz, imos pagar menos polos carburantes, señora Pontón, ese plantexamento subliminar é moi antigo. O que si lle podo asegurar é que, se o Goberno de España actuara co mesmo rigor e sensibilidade que a Xunta de Galicia cos problemas das familias con menos recursos, hoxe habería bastantes menos problemas no prezo da electricidade e no prezo dos combustibles. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, ¿a quen vai enganar vostede coa tarifa eléctrica propia de Galicia? Explíquelles aos galegos quen vai pagar as infraestruturas necesarias para manter a nosa rede. ¿Por que non lles explica aos galegos canto subiría só a factura por romper as conexións co resto do Estado? ¿Por que non lles explica aos galegos algo moi evidente? Un inciso. Vostedes están en contra da central térmica das Pontes e da central térmica de Meirama, vostedes e as Mareas. (*Murmurios.*) Si, si, si, están en contra.

Vostedes din que Galicia é excedente en enerxía eléctrica. Se pechamos As Pontes e Meirama, automaticamente Galicia é deficitaria en enerxía eléctrica; é dicir, que, en vez de exportar,

teríamos que importar. ¡Menudas contas do nacionalismo galego e das Mareas de Podemos!
(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Menuda tarifa eléctrica, señorías! ¡Menuda tarifa eléctrica nos propoñen!: pagar, pagar os galegos máis prezo por unha enerxía simplemente por un plantexamento ideolóxico de pechar as nosas centrais térmicas e de ciclo combinado das Pontes e de Meirama. Estou seguro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...señoría, de que vostedes, as Mareas —e veremos o Partido Socialista—, axudarán a manter as centrais de ciclo combinado das Pontes e de Meirama, porque, se non, ríome da tarifa eléctrica de Galicia. Van espoliar as capacidades enerxéticas do país.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o restablecemento da situación na CRTVG

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez Feijóo, estamos no momento na Compañía da Radio e Televisión da transición dixital e debería ser un momento de satisfacción, pero, en realidade, é un momento de preocupación, de malestar, de frustración. Levamos dezaoito «venres negros», cada vez máis masivos, xustamente porque os profesionais da Televisión e da Radio consideran que cada vez hai máis intervención dixital, porque nunca houbo tanta privatización como agora na Televisión pública de Galicia e porque se abren expedientes a xornalistas críticos.

Xa sei que vostede non ve a Galega e non sei se escoita a Radio autonómica, non sei se celebrar a súa franqueza ou preocuparme e lamentar o seu desapego en relación cos medios públicos, a non ser que queira dicir que non precisa atendela porque sabe de antemán o que van emitir. (Aplausos.)

Non podemos pensar outra cousa se xustamente da lei aprobada hai sete anos vostede deixa de implementar aquelas previsións que poden xustamente limitar a intervención dixital nos medios públicos. Nin elección parlamentaria por maioría cualificada do director xeral nin, como consecuencia, Consello de Informativos nin estatuto profesional, nin contratos programa nin —isto xa afecta outros elementos— Lei do audiovisual e Consello do Audiovisual.

Están incumprindo —xa llo dixen hai algo máis dun ano— o artigo 5, sobre produción propia; o 23, sobre a dirección xeral; o 27, sobre a existencia dun consello asesor; o 33, sobre os contratos programa; o 36, estatuto profesional e Consello de Informativos; o 39, o 48, o 49, a disposición transitoria cuarta, a disposición transitoria quinta. Están incumprindo todos aqueles elementos da lei do ano 2011 que xustamente podían limitar a intervención governamental sobre o que pasa nos medios públicos. Pasaron sete anos e a vida segue igual: un incumprimento premeditado, un incumprimento contumaz e un incumprimento que para nós é desleal, porque nós apoiamos aquela lei xustamente porque a apoiamos enteira, íntegra, non por partes.

E non estamos falando da calidade da programación, non estamos falando das audiencias —son problemas diferentes—, non estamos falando da necesidade de impulsar outro modelo para incorporar as novas xeracións ás audiencias da Compañía da Televisión e da Radio, co obxectivo básico de reforzar o noso espazo audiovisual propio. Non. Estamos falando da intervención dixital, estamos falando de que, se vostede quixera, o feito de que Epi e Blas sexan parella non se diría na Televisión de Galicia. Estamos falando de que, se vostede quixera, habería unha defensa dos seus intereses partidarios, en vez de defender un modelo de Televisión obxectiva, contrastada e plural que mellore o noso diálogo público. Estamos falando de que se persegue xornalistas críticos, reducindo substancialmente a nosa calidade democrática. E non me diga que non depende de vostede, porque un director xeral con maioría cualificada no Parlamento tería como principal obxectivo xustamente impulsar todas aquelas previsións legais que están inéditas nestes momentos. Depende de vostede, señor Feijóo, depende de vostede.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Leiceaga.

Ten a palabra o presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, agradezo que me fale vostede da Televisión pública. Eu creo que é bo falar das televisións públicas, señor Leiceaga. E, por respecto, vou intentar falar da Televisión pública de Galicia, porque da Televisión Española supoño que xa falarán vostedes cos seus socios onde gobernan, dado que o seu socio cogoberna no Parlamento, as Mareas de Podemos con vostedes en Madrid. Pero mire, entre a Radiotelevisión Española e a Compañía Radiotelevisión Galega hai unha gran diferenza... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Sen ningunha dúbida. Pregúntenllo aos profesionais de ambas.

Restablecer a situación da Compañía Radiotelevisión Galega. Pregúntome: exactamente, ¿que é o que queren restablecer? ¿Teñen algunha nostalxia de como xestionaban vostedes a Compañía Radiotelevisión Galega? ¿Queren volver falar de como xestionaban a Compañía Radiotelevisión Galega? Informativos para o PSOE, programas para o BNG. ¿Queren falar de todo aquilo, señor Leiceaga?

Eu quero falarlle dunha Televisión do que creo que lles importa aos galegos: as audiencias, o prestixio, as contas, o respecto dentro da FORTA, o respecto internacional ao que fan os

traballadores da Compañía, o organigrama... Falemos diso, señor Leiceaga, con independencia de que despois, se quere, falemos doutras cousas.

No mes de agosto, segundo líder de audiencia. Levamos tres anos de segundos, despois da TV3, líderes de audiencia indiscutibles. Xullo e agosto, o mellor verán dos últimos cinco en audiencia da Compañía Televisión. Líderes en informativos. ¿Cre vostede que os informativos están manipulados e, non obstante, a maioría dos galegos seguen os informativos? A verdade é que é unha forma de faltarlles ao respecto aos galegos, que se deixan manipular. Non, señoría, os galegos, cun clic, poden cambiar á Televisión que consideren oportuna e, se vostede cre que está manipulada, seguro que nin vostede a verá nin o Partido Socialista.

A Radio, segunda onda de FM, 157.000 oíntes. Vostedes dicían que iamos acabar co programa de cultura na Radio; *Cultura 365* está en antena, cun abano de colaboradores onde demostraron que vostedes nos mentían.

Dicían despois que iamos acabar cos informativos locais da Radio. Vostedes, os grupos, están neses informativos, nas tertulias. Volveron mentir.

Prestixio e imaxe, respectado internacionalmente; a Televisión Galega ostenta a Secretaría Xeral da Asociación de Televisións Rexionais Europeas. A canle de máis impacto en España. No último estudo da FORTA, a canle con máis impacto de España; o 30 % dos galegos maiores de 4 anos contactan diariamente coa Televisión Galega. É o importante, señoría, o importante é o respaldo do pobo galego. Somos a canle autonómica máis valorada de España en difusión da cultura e da identidade propia. (*Aplausos.*) Ese é o resultado, señoría, do que estamos falando.

Señor Leiceaga, nós non temos débedas na Compañía, non. Pechou cun resultado orzamentario positivo nos últimos anos e non ten débedas. E, efectivamente, estase facendo o máis importante, o maior cambio desde que se fundou a Radiotelevisión Galega: a dixitalización da compañía. En decembro do ano 2018 emitirá en HD e en 2019 en Full HD e en 2019 terá plataformas dixitais, canles temáticas, unha canle educativa, unha canle de deporte de base.

Señoría, sobre o director xeral, ¿con cantos secretarios xerais do Partido Socialista temos que falar para nomear o director xeral?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Vostede cre realmente que a Televisión Galega pode depender de quen sexa secretario xeral do Partido Socialista de Galicia? Señor Leiceaga, por favor, non pida iso, porque iso sería un *hazmerreír* de todos os galegos.

Por certo, ¿agora con quen habería que pactalo? ¿Co Partido Socialista ou coas Mareas de Podemos ou con ambos?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, se lle parece, ¿por que non o pacta o señor Pablo Iglesias e o señor Pedro Sánchez e así tiramos para diante nos próximos anos? Se lle parece, podemos plantexalo. Non. Digo, señoría, que o modelo da Radio e Televisión Española non é o modelo serio e independente e profesional da Compañía Radiotelevisión Galega.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para o turno de réplica, ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Pero se é moito máis fácil que todo iso, señor Feijóo: cumpra a lei, cumpra a lei. Punto. *(Aplausos.)* Se vostede mesmo o di: a lei prevía unha elección parlamentaria do director xeral e vostedes non a fixeron. E teñen onde elixir, efectivamente. Poden pactala con calquera dos grupos da Cámara; páctena con algún, con algún. Páctena con quen queira vostede, pero páctena, tráiana ao Parlamento. Porque eu estou seguro —coñezo o que din os meus compañeiros da oposición— de que, se tiveran que vir aquí pactar con calquera dos grupos, sería unha condición que puxeran en marcha o Consello de Informativos, o estatuto profesional, o contrato programa e todas as demais previsións que a lei ten e que non están cumpridas. Entón, teno moi fácil.

E non me veña dicir que se a Televisión Española... Mire, a Televisión Española está nun proceso de concurso público para elixir o seu director. Ese é o modelo. Pode ser que aquí tamén puideramos aplicalo, pero aquí temos outro. *(Murmurios.)* Si, si, fíxense vostedes... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Fíxense vostedes: a dirección de informativos tivo un 85 % de apoios entre aqueles que traballan en informativos nun referendo non vinculante. ¿Que apoio tería aquí o director de informativos? Hai un Consello de Informativos funcionando desde o no 2006. ¿Aquí temos Consello de Informativos, señor Núñez Feijóo? Veña dicirme sobre estas cousas e despois falamos outro día, se quere, das audiencias, falamos de todo isto que é un tema moi interesante.

Pero mire, estamos nunha situación excepcional. Non é habitual que o comité de empresa teña que substituír un comité de informativos inexistente. Non é habitual que os «venres negros» sexan cada vez máis masivos. Non é habitual que profesionais premiados en España vexan recortadas as súas funcións en programas que teñen unha longa tradición, non é frecuente e é extraordinario. *(Aplausos.)* É extraordinario que existan profesionais que son expedientados despois de poñer branco sobre negro —neste caso negro sobre negro— diante de vostede que existía un problema coa intervención dixital na Televisión pública.

E vostede non ve a Tele, e vostede seguramente me vai dicir que non ten nada que ver con ese expediente, pero igual que non tivo nada que ver con ese expediente, non faga nada, pero resolva o problema, porque, se isto se mantén, vai ser unha mancha indeleble, si, pero sobre o seu currículo. ¿Que lle vai dicir ao Évole do futuro se lle pregunta sobre esta situación, cando lle pregunte? *(Risos.)*

Pense vostede niso e ao final isto se resolve de forma moi fácil, de forma moi fácil: impulse a elección parlamentaria do director xeral, impulse a continuación ese director xeral o Con-

sello de Informativos e o estatuto profesional e fagamos entre todos que a lei se cumpra. Iso depende de vostede e non depende de ninguén máis, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Leiceaga.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Ben, é evidente que lle gusta a vostede o que están facendo a Radio e Televisión Española, os galegos xa acaban de comprobar que ese é o seu modelo. Creo que está suficientemente aclarado, pois, que temos dous modelos distintos.

Cumpra a lei. Señorías, se o primeiro que fixeron vostedes foi un real decreto lei para incumplir a lei. O primeiro que fixeron foi un real decreto lei para cesar todo o Consello de Administración, que estaba seleccionado polo Parlamento español, polo Congreso dos Deputados; real decreto lei polo que se cesa todo o Consello de Administración e toda a Dirección da Compañía de Radio e Televisión Española. *(Murmurios.)* Pero, señor Leiceaga, ¿ese é o seu modelo de cumprir a lei? ¿Cumprir a lei significa escoller unha persoa a dedo para que asuma todas as competencias do Consello de Administración e a competencia do presidente da Compañía de Radio e Televisión Española de forma unipersoal? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Iso é cumprir a lei, señor Leiceaga? ¿Parécelle a vostede que nós por un decreto da Xunta cesemos o Consello de Administración, que está seleccionado neste Parlamento, e digamos que ese é o modelo da Televisión Galega?

Pero, señor Leiceaga, un decretazo, rirse do Senado, reunir nunha soa persoa as competencias do órgano colexiado, Consello de Administración, e da Presidencia de Televisión e despois entrar na subasta dos directores: un, proposto polo PSOE, non lle gusta a Podemos; outro, proposto por Podemos, non lle gusta ao PSOE; outro, proposto por Podemos, non lle gusta porque non ten experiencia audiovisual. ¿Pero quere vostede que volvamos outra vez ao vodevil que plantexaron vostedes na Radiotelevisión? 77 desprazados e despedidos. *(Murmurios.)* Pero ¿parécelle a vostede que isto é a súa tarxeta de presentación? ¿77 profesionais da Radiotelevisión Española cesados? ¿Sabe o que di a directora de informativos? Leo: «Son froito do resentimento de profesionais que non ven colmadas as súas expectativas». Pero, señor Leiceaga, ¿este é o seu modelo?, ¿de verdade que ese é o seu modelo? Non hai ningunha purga na Televisión —di a directora de informativos da Televisión Española—. Pero, señor Leiceaga, ¿de verdade que este é o seu modelo?

Di vostede que non temos mandato marco nin Consello de Administración. Pero ¿porque di iso? O mandato marco está aprobado desde o 16 de decembro do ano 2015, ten unha vixencia de nove anos, finaliza no ano 2024. ¿E non temos mandato marco? E, despois, o Consello de Administración, a xunta xeral de accionistas, señoría, o Consello de Administración foi nomeado en xaneiro do ano 2016, vence aos cinco anos, no ano 2021. ¿Como que non hai Consello de Administración?

Señoría, agora hai que nomear o Consello de Informativos. Noméese, falen... *(Murmurios.)* ¡Ah! Iso o preocupa, ¿que Consello de Informativos? ¿O da Televisión Española ou o da CRTVG? *(Aplausos.)*

Pero, señora Vilán, con todos os respectos, mire, creo que merece a pena falar de temas serios, falar de audiencia, falar do saneamento das contas, falar da dixitalización, da Compañía, porque para temas poucos serios xa temos as purgas en Radiotelevisión Española.

Mire, a Televisión Galega é independente. Se o director toma algunha decisión, que compareza no Parlamento. Eu non asumo as decisións en materia de persoal do director da Televisión pública galega; ata aquí poderíamos chegar. El é o responsable dos nomeamentos e da selección do persoal, e do mesmo xeito que non nos consulta para poñer un ou dous presentadores, sería o colmo que nos consultara para deixar sen efecto os nomeamentos anteriores. É dicir, que cando nomea, acerta, e cando cesa, desacerta.

Pero, señor Leiceaga, ¿que me quere dicir? ¿Que os periodistas que nomea que a vostede lle gustan é un acerto e se os cesa entón está dixitalmente dirixido pola Xunta? ¿A quen quere vostede confundir?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señor Leiceaga, permítame: falando de manipulación, se quere, copiamos, pero eu non quero copiar o que fai o Partido Socialista. Podemos copiar a manipulación dos medios públicos, por exemplo co director do CIS. (*Murmurios.*) Agora resulta, señoría, que en Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o Partido Socialista é a primeira forza política nas catro provincias: (*Risos.*) na Coruña, en Lugo, en Ourense e en Pontevedra. (*Aplausos.*) ¡Oia!, señor Leiceaga, ¿que lle parece se nomeamos o director do CIS director da Compañía Radiotelevisión galega?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a forma da acción de goberno da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Si, concretamente sobre a manipulación na acción de goberno.

Pero permítame, señor presidente da Xunta, que as miñas primeiras palabras non sexan para vostede, senón para recoñecerlle a Ana Romaní publicamente por ter gañado o Premio Nacional de Xornalismo 2018, unha profesional extraordinaria, á fronte dun equipo xenial,

a directora do *Diario Cultural*, un paradigma de pluralidade, de innovación e de cultura propia. Ana Romaní, señor presidente. O peor de todo, o máis patético é que vostede seguramente nin sequera saiba quen é, e non o saberá porque é vostede o exótico presidente que non ve nin a Tele nin escoita a Radio pública do seu país; será que escoita ou que ve *Russia Today*, ou algo así, en vez de obviar a información que sae das canles de comunicación públicas.

Pois mire, Ana Romaní é vítima do seu control represivo exercido sobre a creación cultural e a liberdade informativa na CRTVG. A nivel estatal, Ana Romaní merece un prestixioso premio e, a nivel interno, Sánchez Izquierdo, *la voz de su amo*, elimina o seu programa, todo ao mesmo tempo. Si, non se ruborice, nin vostede nin os da súa bancada, porque isto pasa en máis sitios, si: pasa en Turquía, pasa en Rusia, pasa naqueles países onde se persegue os xornalistas que exercen o xornalismo libre e que denuncian as tropelías que cometen os seus gobernos, como sucede alí co tsar Putin. Aquí máis ben parecería que estivésemos diante dunha especie de Putin á galega ou un Alberto Putin Feijóo, o tsar dos Peares..., (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), si, si, si, que elimina o programa con máis audiencia...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: ...da Radio Galega, considerada tamén esta radio pública co seu servizo que debe de cumprir o *Diario Cultural*.

Pero ben, vostede, como non escoita a Radio nin está a isto, non saberá tampouco cal é o fin que debe cumprir unha Televisión pública: servizo público, formar e informar, xusto o que non está facendo neste momento a Radiotelevisión de Galicia. E non o fai. E á vista está no tratamento informativo de cuestións que interesan ao noso país.

Ímoslle poñer tres exemplos. O primeiro deles, o tratamento informativo da vaga de lumes. Mentres media Galicia ardía, mentres moitas aldeas e moitas vilas ardían, mentres moitas autovías ardían, a Televisión de Galicia emitía *Galicia en goles* e o *Land Rober*. Non pode informarse polo servizo público a xente do que estaba pasando.

Corrupción. Mentres no Estado español a sentenza Gürtell se levaba por diante o Goberno do seu compañeiro Mariano Rajoy, a Televisión de Galicia dedicáballe 76 segundos e nin sequera se amentaba o feito de que un dos principais condenados fora número 3 do Partido Popular de Galicia.

E o que xa é o colmo da manipulación, o principal caso de corrupción que afecta o seu Goberno, señor Feijóo, o caso Campeón, que se saldou coa condena a tres persoas, un deles compañeiro deputado seu cando vostede xa era presidente da Xunta e dous altos cargos do Goberno galego, nin sequera merece unha entrada en todo o ano 2018 nas informacións web da Televisión de Galicia.

Ben, é normal que, ante esta situación, os traballadores e traballadoras da Televisión de Galicia leven xa dezaioito «venres negros», reclamando equidade no tratamento informativo e reclamando independencia, veracidade e obxectividade, xusto o que lles nega unha dirección que está ao servizo do Partido Popular e non do interese xeral de Galicia.

Ben, no seu reino autoritario, como se comentou aquí, non todo o mundo quere vivir baixo esta bota, e hai cidadáns e cidadás, tamén xornalistas, que exercen o seu dereito cidadán a revólverse contra esta situación. E, por iso, dous xornalistas, o caso de Tati Moyano e de Alfonso Hermida, dimiten a custa do seu salario como presentadores do *Telexornal* para non aturar esta situación de opresión. Eles dimitiron para reivindicar o dereito...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...á formación dunha opinión pública libre e veraz. E por iso tamén, como vostede non admite nin sequera esa disidencia, mandou a Sánchez Izquierdo a abrir un expediente sancionador da forma máis rancia posible, sancionar a Tati Moyano por ir presentar unha gala benéfica contra o cancro por usar o pintalabios da Televisión de Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Non se pode ser máis cutre, máis vingativo e máis machista, señor presidente.

Remato. Non como voceiro de En Marea, senón como cidadán que exige respecto para uns medios de comunicación libres, pregúntolle directamente, e selecciónolle só un dos miles de artigos que está incumprindo vostede neste momento, da Lei de medios de comunicación audiovisual de Galicia: ¿cando vai cumprir co seu deber de promover a creación dun Consello de Informativos, ese que ten como finalidade, segundo a propia lei, velar pola independencia...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...a veracidade e a obxectividade dos contidos informativos das canles públicas da Radio e da Televisión de Galicia?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Para contestar, ten a palabra o presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): É evidente, señorías, que o cogoberno existe: un está en Moncloa e outro está no Parlamento e que gobernan xuntos. Fíxese nas dúas preguntas sobre a Compañía Radiotevisión Galega do Partido Socialista e das Mareas de Podemos.

E non lles importa aos das Mareas de Podemos, despois do espectáculo que fixeron co director da Radio e Televisión Española, falar diso, dálles igual, é como se non existira a realidade, viven na súa propia realidade. Di vostede que remata non como voceiro de En Marea; teña coidado e non remate vostede definitivamente como voceiro de En Marea, señor Villares. (*Aplausos.*)

Fálame vostede —por suposto, insultando— de se coñezo ou non coñezo a Ana Romaní. Resulta que, cando se nomea a Ana Romaní para dirixir o programa, é correcto e, se se toma unha decisión contraria, é o dedo dixital de Feijóo, aínda que non coñeza a Ana Romaní. (*Murmurios.*) Son capaz de cesar xente que nin coñezo e son capaz de nomear xente que tamén descoñezo. Ten vostede uns razoamentos cada día máis acertados.

Pero ben, fala de manipulación. Eu comprendo que Podemos fale de manipulación. Señorías, sen a manipulación non existiría Podemos. A súa política consistiu en tres cousas: primeiro, promesa de arranxar a crise económica; segundo, acabar con todos aqueles que non sexamos de Podemos, é dicir, «a casta»; e terceiro, acabar coa constitución e a democracia constitucional española. E a partir de aí vostedes montaron un partido político, empezando ¿por que? Pola manipulación, pola manipulación da verdade, da realidade, da historia, dos sentimentos.

Por iso, señoría, vostede cre que todos somos iguais e nos dedicamos a manipular. Manipular é repetir ata a saciedade que a educación pública galega é das peores do Estado, e resulta que é das mellores do Estado. Manipular é dicir que levamos diñeiro aos concertos privados e privatizamos a sanidade, e somos o goberno que menos inviste en concertos privados. Manipular é dicir que cobramos por dar unha alta os médicos para baixar a lista de espera. Manipular é dicir que construímos hospitais privados, e son os mellores hospitais públicos do Sistema nacional de saúde. Manipular é dicir que non defendemos o emprego ao mesmo grupo que quere pechar Reganosa, As Pontes, Meirama e Ence, quince mil persoas á rúa. Manipular é dicir que hai que reducir o gasto en defensa. ¡Ah!, pero as corbetas en Navantia-Cádiz, esas, hai que facelas. Déixeme citar un dos grandes estadistas do século XXI, o alcalde Kichi: «*Kichi defiende la producción de corbetas para Arabia Saudí ante el dilema entre fabricar armas o comer*». E engade: «*Si no hacemos nosotros los barcos, los harán otros*». (*Murmurios.*) ¿En que quedamos?, señor compañeiro de Kichi, señor Villares.

Manipular é dicir que o AVE é unha obra faraónica e que é da alta clase e unha obra clasista e centralizadora e despois dicir aquí que nós non tiramos polo AVE e que miramos para outro lado cando goberna o Partido Popular. Mire, manipular é dicir que na sentenza do Gürtell se dedicaron 40 segundos —agora xa subiu a 70— e resulta que foron 5 minutos. ¿Sabe o que dixo cando o vicepresidente contestou isto? Leo, literalmente: «Dáme igual 50 segundos que 5 minutos». ¡Se a vostedes lles dá igual! ¡Que máis dá! O importante é manipular, o importante non é a verdade, o importante é dicir que se eliminan os programas culturais da Radio Galega, que se eliminan as desconexións da Radio Galega.

Mire, señoría, vou citar outro dos seus políticos de cabeceira: «*Dame los telediarios y tú te dedicas a gestionar*». (*Murmurios.*) «*Que existan medios privados ataca la libertad de expresión*», di o seu líder Pablo Iglesias, iso si, salvo a Televisión privada de Podemos, *La Tuerka*.

Señor Villares, vostede ¿que pretende? ¿Que a Compañía Radiotelevisión galega sexa *La Tuerka* das Mareas de Podemos?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A Compañía Radiotelevisión Galega está chea de profesionais e eses profesionais fan esta compañía a líder de audiencia desde o punto de vista presupostario de España e a segunda se contamos os oito canais da TV3 catalá. Por iso, señoría, un pouco de respecto polos profesionais da Radiotelevisión Galega.

Se eu fose director da Radiotelevisión Galega, ¿sabe o que poría? As súas comparencias íntegras, (*Risos.*) non teña ningunha dúbida. É unha pena que non me faga caso.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Para turno de réplica ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas.

Señor presidente, permítame facerlle tres consideracións previas. A primeira, agradecemos que recoñeza vostede a súa propia ignorancia e, polo tanto, convidámolo a escoitar o *Diario Cultural*, o que queda del, e toda a serie histórica ao longo de vinte e oito anos. Estamos seguros de que aprenderá moito da cultura e da lingua do noso país.

En segundo lugar, por suposto que Podemos naceu no Estado español con manipulación, naceu para combater a manipulación, naceu para combater os recortes e naceu para combater a corrupción do Partido Popular. E, en Galicia, En Marea naceu para mandalos a vostedes á oposición, para mandalos a vostedes á oposición por practicar políticas cruentas, como foi negarlles aos enfermos de hepatite C medicamentos cando estaban á disposición nas farmacias e vostede detiña a chave desa farmacia e non a abriu e a consecuencia diso houbo xente que perdeu a vida.

Nós nacemos para levalos a vostedes á oposición tamén por negar a existencia de médicos suficientes e de persoal sanitario suficiente no sistema sanitario galego, porque hai xente que está indo a urxencias curarse das súas doenzas e vostedes non están dispoñendo medios materiais e persoais para que se curen. Para iso naceu En Marea, por suposto que si.

E mire, falando de manipulación, voulle recordar —porque as mentiras teñen tamén pouco percorrido, e xa o dixen aquí noutra ocasión— cando vostede dixo a mesma falacia sobre o tema de se se facía ou non se facía que os médicos desen altas con incentivos para iso.

Hai unha sentenza da Audiencia Nacional que anulou a instrución dada pola propia Consellería de Sanidade a este respecto, instada polo sindicato CIG, creo que é do ano 2013, e está publicada ademais e ten un comentario a ese respecto, un comentario do Tribunal feito por unha persoa que lle fala aquí.

Mire, á parte disto, di o decano do Colexio dos Xornalistas de Galicia: «Sufrimos un cerco informativo en Galicia», un cerco informativo. Non son palabras de En Marea, non son palabras de subversivos, son palabras do decano da Facultade das Ciencias da Información.

Está vostede incumprindo a lei de forma flagrante, e permítame recordarlle dous supostos concretos: a necesidade da aprobación dun estatuto profesional, que está destinado a fortalecer a calidade, a profesionalidade e a independencia dos servizos informativos. E, segundo, o Consello de Informativos, co fin —di a lei— de velar pola independencia, a veracidade e a obxectividade.

Pasaron sete anos desde que se aprobou esta lei. ¿Parécenlle poucos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—si, remato, remato— para que se aprobe isto?

Mire, está en mans do Parlamento —e vostede di que non pode facer nada, pero ¡vaia se pode vostede e o grupo maioritario!—, como din os artigos 24 e 26, derrogar o director xeral por incumprimento notorio das funcións do seu cargo. ¿Ou non é notorio que tras sete anos non se cumpra algo tan elemental coma isto?

Que non é único, por certo, porque tamén está incumprindo outra norma, en relación coa CRTVG, que deriva do Decreto lexislativo 2/2015, sobre a igualdade. O deber de aprobar un código de boas prácticas ten que transmitir o contido dos valores constitucionais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...sobre a igualdade entre homes e mulleres. E vostedes, lonxe de aprobar un decreto de boas prácticas sobre igualdade, o que fan é vulnerar a igualdade mediante a coacción, para evitar que as mulleres puidesen ir á folga o día 8 de marzo, como acaba de condenar o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

¿Isto é a liberdade informativa? ¿Isto é a liberdade dun país democrático que vostede procura para o conxunto de Galicia? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Eu xa estou acostumado aos seus insultos, non se preocupe. *(Murmurios.)* Si, si, volve vostede falar da hepatitis C, ¡jalá vostede! O que pasa é que nesta Cámara, como é natural, hai alguén que sempre pode insultar e hai outro que intenta manter a compostura institucional. *(Aplausos.)*

Mire, señor Villares, vou dar por repetidas as explicacións que lle dei ao seu socio de goberno en Madrid, ao Partido Socialista, en relación co mandato marco e o Consello de Administración.

Mire, o Consello de Administración nomeouse nesta Cámara. Eu recordo que no Consello de Administración os representantes do Partido Socialista tiveron 50 votos —deberían de ter 58—, porque a metade do Grupo Socialista non votou o propio Consello de Administración en representación do Partido Socialista que lle propuxo ao Grupo Parlamentario Popular. Mire se somos institucionais que solventamos os problemas internos do Partido Socialista, e agora resulta que o Partido Socialista volveu cambiar de líder, as Mareas de Podemos están a punto de cambiar de líder e entón teríamos que volver elixir o Consello de Administración e o director da Radiotelevisión Galega. É dicir, en función das debilidades da oposición, cambia o director da Radiotelevisión Galega. Pero comprenderá vostede que iso non é unha Televisión pública, iso é *La Tuerka* en sentido estrito, (*Aplausos.*) *La Tuerka* en sentido estrito.

Xa sei que en *La Tuerka* hai moita máis estabilidade, sempre manda Pablo Iglesias, o señor Errejón xa non ten nada que dicir en *La Tuerka*. Pero é que isto non é *La Tuerka* nin é a Televisión Nós. Non, señoría, esta é unha Televisión de mil profesionais, que compiten as vinte e catro horas, que saen en aberto para todo o mundo e que resulta que son unha das canles rexionais máis valoradas de Europa, señoría; pero non desde que chegamos nós, senón en todos os gobernos desde que se creou a Compañía Radiotelevisión Galega.

E vostede está despreciando eses profesionais. Xa lle gustaría a vostede ter a metade da metade da metade da valoración que ten a Radiotelevisión Galega dentro dos galegos, señoría. (*Aplausos.*) ¡Xa lle gustaría ter algunha valoración!

De verdade, mire: primeiro habería que poñer —respecto todos os profesionais— o señor Andrés Escolar. Podemos non quixo. Podemos propón outra galega, a señora Ana Pardo de Vera, pero é rexeitada polo Partido Socialista. Despois Podemos propón outro profesional, Andrés Gil, pero tamén é rexeitado polos profesionais da Radio e Televisión Española.

¿Iso é o que vostedes me propoñen? (*Murmurios.*) ¿Isto é o que vostedes me propoñen? Pero, señor Villares, ¿de verdade que non lle dá vergoña traer a independencia dos medios públicos a esta Cámara despois do espectáculo que acaban de facer e da gran cacicada dos últimos corenta anos en España entre o Partido Socialista e Podemos na Radio e Televisión Española? Señor Villares, mire, non manipule.

Eu non vexo a TVG nin ningún outro canal de televisión, ¿sabe por que? Porque son presidente da Xunta e teño as miñas obrigas comprometidas en axenda, o cal non significa que non lea, lea —ler— os informativos da Cadea Ser, da Cope, de Onda Cero, de Radio Nacional, da Televisión Galega, da Televisión Española, por suposto. ¿Ou cre que non estou informado do que fai As Mareas de Podemos? (*Risos.*) Que si, que estou perfectamente informado, igual mellor ca vostede. Se quere vostede información do que lle pode ocorrer, fale comigo, que lla vou dar. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Polo tanto, señoría, eu leo, leo, señoría, leo.

Eu teño unha gran cordialidade pola lideresa de Podemos en Galicia. Agora resulta que hoxe me informei de que agora hai outro contrincante, e deséxolle sorte.

Pero mire, eu dicíalle anteriormente: se o director da Compañía non fora independente, é dicir, se fora máis ou menos o director de *La Tuerka* ou de Televisión Española, pois lle po-

diamos dicir: ¡oia!, ¿por que non saca vostede — dicíalle antes— todas as comparencias do señor Villares completas?

Do que dicía antes ao que dicía agora. ¿Acórdase daquel Villares que dicía: eu milito na Constitución? (*Murmurios.*) Eu defendo a Constitución Española, e xa sei que isto non lle virá ben a outros. Señor Villares, ¿que opina vostede da Constitución? ¿O que opina o señor Errejón ou o que opina o seu xefe de En Marea, a señora representante das Mareas no Congreso dos Deputados?

Señor Errejón..., perdón, señor Villares (*Risos.*)...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...se vostede estivera vinte e catro horas na Televisión Galega, non necesitaríamos comprar moitos programas; teríamos episodios de ficción, episodios de terror, episodios de humor e incluso episodios policiacos; se non, pregúntelle á súa deputada dos retrovisores se isto non ten nada que ver con algún episodio policiaco.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor presidente.

Pasamos ao seguinte punto, de proposicións non de lei, que retomamos de onte.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións da Xunta de Galicia para que durante a X lexislatura volva asumir integramente o custo dos desprazamentos programados (non urxentes) das persoas en situación de dependencia, discapacidade ou con problemas de mobilidade, garantindo a universalidade e gratuidade deste servizo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Noela Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Non importa que marchen, porque estou segura de que na Televisión Galega poderán ver a iniciativa que imos debater agora mesmo do PSdeG, polo menos poderán ver a réplica da voceira do Partido Popular criticando o Goberno de España; diso estamos completamente seguras. (*Murmurios.*)

De todas maneiras, aínda que pouquiño nos queda da CRTVG, sempre...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...nos quedará a magnífica contribución do presidente da Xunta a unha serie que está moi de actualidade, a *Fariña*. (*Aplausos*.) Así que polo menos, aínda que non lle poidamos dar as grazas pola xestión da CRTVG, si por esa aportación nesa gran serie.

Quero, antes de nada, saudar as entidades que traballan a prol das persoas con discapacidade que nos acompañan hoxe: a Fademga, Autismo Galicia e Fegadace.

Imos debater agora unha iniciativa que trata sobre a herdanza recibida, esa tantas veces criticada. «No vindeiro ano poremos en marcha un servizo de transporte adaptado para que as persoas maiores dependentes poidan seguir vivindo nas súas propias casas, sen necesidade de seren trasladadas a unha residencia. Con este servizo, que se denominará 065, aquelas persoas que precisan acudir ao médico, a un centro de día ou achegarse a unha administración disporán dun medio de transporte axeitado para poder facelo.» Estas son unhas verbas recollidas no libro de discursos do señor Touriño, editado polo Parlamento de Galicia. Son verbas que pronunciou no debate do estado de Autonomía do ano 2007.

Por desgraza, non volvemos escoitar o actual presidente da Xunta de Galicia repetir estas verbas. Non as poderá repetir tampouco este ano no debate do estado de Autonomía, porque as súas políticas nestes últimos anos, nestes anos de goberno, o que foron é dirixidas a independizarse dos dependentes. Foron, quizais, señorías, unha das manifestacións máis evidentes desa falla de sensibilidade social, desa ausencia de compromiso coa cidadanía e dese desmantelamento do Estado de benestar que está a practicar o Partido Popular.

Desguazou un servizo público, que foi pioneiro en España, que naceu para contribuír e acrecentar o grao de autonomía persoal e de liberdade individual e que estaba baseado tamén nunha herdanza recibida, esa Lei de promoción de autonomía persoal e a Lei galega de servizos sociais.

No ano 2007 publicábase o decreto que regulaba este servizo, un servizo de desprazamento á demanda; é dicir, quedaban excluídas as urxencias e o transporte sanitario. Nunha comunidade autónoma con gran dispersión de poboación, con pequenos núcleos —tamén hai que lembrar que hai 1.716 núcleos na comunidade autónoma galega que teñen un veciño, e só en Ourense hai dous mil que teñen menos de doce—, cun elevado envellecemento, que dificulta os desprazamentos, con moitos maiores que viven sós, cuns transportes públicos que en moitos puntos do rural son completamente inexistentes, cun servizo de taxi que en moitos lugares non está adaptado a estas persoas con discapacidade e que ten ademais uns prezos que son dificilmente asumibles para moitas persoas, este servizo supuxo nese momento un auténtico balón de oxíxeno para miles de persoas neste país.

Utilizábano para acudir a citas médicas, a residencias, a centros de día, para desprazamentos tan cotiáns, señorías, como poder ir ao centro social da súa aldea botar unha partida de cartas cos seus veciños e veciñas, algo que é tan normal e que acabou pois como acabou.

E contaba sempre este servizo cun servizo de acompañamento, unha persoa que ía nese autobús, que ía pendente do traslado desas persoas con discapacidade e dependentes. Imaxinen

o que podía supoñer isto pois, por exemplo, para un veciño ou veciña de Vilariño Frío, que ten Montederramo a oito quilómetros e Castro Caldelas a trece; para un veciño e veciña —señora Rodil— de Ribeira de Piquín, a trece quilómetros de Meira, esa dispoñibilidade de transporte. O único que se solicitaba era que tiveran unha dificultade, que acreditaran esa dificultade de mobilidade, situación de dependencia e un grao de discapacidade superior ao 65 %.

En canto o señor Feijóo chegou á Xunta de Galicia, este servizo comezou a degradarse a pasos axigantados. Hai numerosas denuncias —houbera naquela época—, tanto dos grupos da oposición como das propias persoas que o recibían.

Había cuestións de recibir servizos incompletos; é dicir, tiñan viaxe de ida e non de volta, falla de resposta ás solicitudes, grandes atrasos de máis de dúas horas nas recollidas, e a daquela conselleira de Traballo e Benestar, que hoxe ten a duplicidade de ser conselleira de Medio Ambiente e candidata do Partido Popular da Coruña, pois o que fixo foi poñer o carro diante dos bois, é dicir, primeiro deixou estas persoas sen o servizo.

Imaxinen vostedes o que pode significar para unha persoa maior recibir unha carta no seu domicilio, unha carta —sexamos francos e falemos acorde coa realidade do noso país: hai moitas persoas que non saben ler—, e que neste tipo de circunstancias —o de recibir unha carta cun logotipo oficial da Xunta de Galicia— o primeiro é o susto; o segundo é baixar a dicirlle a un veciño: leme, por favor, que é o que pon aquí; e o terceiro é que lle din e que constata que da noite para a mañá vai perder eses servizos, non vai poder ir á farmacia, ao centro de saúde, ou simplemente, como lles dicía, ir ao centro social facer calquera tipo de actividades que organizan tamén os concellos.

Xa coñecen a estratexia, ¿non? Primeiro, degradar os servizos públicos ata extremos máximos para despois dicir que hai que facelo máis eficiente privatizándoo. E isto foi o que se fixo no 2014 con ese decreto que viña tras a publicación do de 2013, da carteira de servizos, que se privatizaba unha parte dela. ¿Que se facía? Incrementábase o grao de discapacidade para acceder a este servizo, do sesenta e cinco ao setenta e cinco; deixábase ao criterio da Xunta fixar unha intensidade máxima de uso; computábase unha viaxe de ida e unha de volta como dous servizos distintos; eliminábase a obrigatoriedade de contar cun monitor acompañante, e o recoñecemento de condición do 065 non implicaba tampouco un dereito a esa prestación; non se fixaba un prazo para solicitar e anular os servizos, que ata ese momento era de corenta e oito horas; e, a maiores, sobrecargouse as entidades de discapacidade cunha responsabilidade que non lles correspondía.

Agora, unha parte deste servizo está xestionado por estas entidades, por diferentes modalidades, con contratos para a xestión de prazas públicas de centros de día, recursos propios e financiamento do particular; servizos que están completamente privatizados e que ten que pagar ao cen por cento o usuario; convenios de colaboración entre asociacións, porque, claro, as grandes asociacións tiñan vehículos de transporte pero as pequenas tiveron que facer un esforzo orzamentario importante.

Ademais, a Xunta de Galicia estalles pagando a estas entidades moi por debaixo do prezo real que teñen estes servizos. E pónolles un exemplo: a unha entidade que atende persoas

con dano cerebral e dá servizo a dez persoas nunha provincia supóñenlle unha perda de case tres mil euros ao ano os servizos que está cofinanciando o Goberno galego. Iso os que están financiados, porque —repito— hai moitos que nin o están.

Un prezo de nove euros por traxecto e transporte para financiar —como lles dicía— entre entidades, a Xunta e os usuarios. Un copago mínimo de trinta e dous euros, unha persoa que percibe 450,70 euros ao mes —vou volvelo repetir por se non me escoitaron os deputados e as deputadas do Partido Popular: 450,70 euros— por vinte viaxes paga trinta e cinco euros. Cando co malo malísimo do Bipartito —con ese goberno dirixido polo señor Touriño, onde a vicepresidencia recaía en mans do Bloque Nacionalista Galego— era gratis. Os mileuristas aboan agora cento tres euros, señorías, cando antes pagaban vinte e oito euros. Ao que hai que engadir tamén, por suposto, o copago do centro de día. Co cal simplemente en servizo de asistencia as familias en Galicia están gastando máis de cincocentos euros ao mes.

Esta medida foi criticada por todos os grupos da oposición, por suposto, polo PSdG, polas entidades sociais, polo Colexio de Traballadores Sociais e pola propia Valedoría do Pobo nese Informe sobre os dereitos das persoas con discapacidade intelectual en Galicia e polos informes do 2014, do 2015 e do 2016. E dicía cousas como: «Os problemas do transporte adaptado afectan todo o territorio pero son máis perentorios no medio rural. A anterior Consellería de Trballo e Benestar reformouno, pero sen resultados positivos para as persoas que xa antes tiñan dificultades». Isto non o di o PSdG, dio a Valedoría do Pobo. Os desprazamentos máis longos e caros non se están a cubrir por parte dos centros.

Como todo servizo pioneiro que é de aplicación progresiva —como o foi toda a Lei de dependencia— ten que ir mellorándose co tempo. Nós, dende o PSdG, recoñecemos que había eivas, por suposto que si, porque era un servizo que —como dicía— levaba moi pouco tempo funcionando. Pero o que se fixo en lugar diso foi reduciilo a cascallos e trasladar o problema e esa xestión ás familias, aos dependentes e, por suposto, tamén ás entidades sociais. Nun tremendo exercicio de irresponsabilidade por parte do Goberno galego nun momento moi complicado de crise económica.

Supoñemos que agora nun contexto de crecemento económico, e agora que a nova chegada do Goberno socialista á Moncloa pois fixo ata que o Partido Popular fale de dependencia, que simulen esa preocupación en diferido pola dependencia; si, si, simulación en diferido da dependencia é o que están facendo vostedes. Ben, mentres a súa actitude nos anos de goberno era unha declaración de independencia das políticas de dependencia, porque esa foi a realidade destes últimos anos tanto a nivel estatal como a nivel autonómico. Co cal hoxe —xa que veñen sempre reclamando ao Goberno de España —igual a nós parécenos electoralismo— pero teñen a posibilidade de demostrar que non é electoralismo, que realmente cren que hai que mudar as políticas de atención aos dependentes e apoiar esta iniciativa.

E máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Blanco.

Hai un problema co tempo, pero voules ir contabilizando eu os minutos.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Monserrat Prado Cores.

Avísoa cando vaia rematando para que controle o tempo.

A señora PRADO CORES: Ben, moi bo día.

E tamén saudar as persoas que nos acompañan desde a tribuna.

Efectivamente, o BNG no escaso tempo que estivemos no Goberno da Xunta tomou moi en serio a atención á dependencia e ás persoas con discapacidade. E nun período moi escaso de tempo empezou a poñer en marcha un servizo pioneiro, o Servizo de Apoio á Mobilidade Persoal, o 065; un instrumento fundamental na política real de accesibilidade dos servizos e instalacións. Porque a política ten que ser real, non ten que ser soamente discurso de palabrería, de publicidade e quedar nos papeis. Algo tan básico como facilitar o desprazamento programado non urxente ás persoas con problemas de mobilidade e desprazamento en condicións de seguridade, con medios precisos e con apoio de persoal de acompañamento durante o traslado.

¿E que se pretendía? Pois superar dificultades da dispersión poboacional que temos en Galicia, trinta e cinco mil núcleos de poboación, un déficit moi evidente en transporte público e, ademais, un transporte público que non está adaptado ás necesidades de moitas persoas con diversidade funcional. E para que estas persoas con diversidade funcional puideran ter o mesmo dereito a acceder aos servizos sanitarios, aos servizos sociais, aos servizos formativos, ter unha vida, cando menos, un pouco máis autónoma, pois igual non autónoma de todo pero, cando menos, un pouco máis autónoma.

Mais un proxecto que estaba en marcha, que xa estaba dotado, que xa estaba iniciado, que xa había unha serie de vehículos, que xa estaba en marcha a dotación doutros moitos, nisto chegou o Partido Popular, chegaron os recortes do Partido Popular. E o transporte adaptado, o 065, para o Partido Popular era caro, deixou de subvencionalo, deixou de subvencionar o transporte diario, o transporte semanal e reduciuno a casos puntuais e introduciu os copagos. E na literatura que acompañou esta decisión podemos ler na publicación nos *DOG* cousas como «a necesidade de novos escenarios de racionalización e eficacia na xestión», «a finalidade de mellorar con criterios de eficacia e eficiencia a prestación do servizo»... Baixo esta palabrería, o que se agochou foron recortes e practicamente a eliminación de algo tan necesario —insisto— para que esa autonomía persoal que está nos papeis se poida converter nunha realidade. A cuestión foi recorte, desigualdade entre as asociacións, exclusións e botar á custa dos familiares e das entidades sociais que esa autonomía se puidera converter en algo de realidade.

A escusa da crise novamente e, evidentemente, non había cartos. Non había cartos porque os cartos tiveron que destinalos a salvar os bancos e tiveron que destinalos a poder seguir facilitándolles o negocio, por exemplo, ás eléctricas, ou eses cincuenta mil millóns de beneficios que seguen tendo as eléctricas. Non había cartos ou non hai cartos para as cuestións de facilitarlle a vida á maioría da poboación, de facilitarlles a vida ás persoas con diversidade

funcional. E os cartos sempre teñen que ir para os petos dos mesmos, sempre teñen que ir para salvar os bancos, para salvar as grandes empresas para poder facilitarlles que os menos sigan tendo beneficios millonarios. Pero os cartos non poden chegar para facilitar a vida das persoas. Cuestións tan sinxelas como ir da casa á parada do bus pois é imposible para moitas destas persoas, que se tiveran que custearse este transporte sería imposible e é imposible. E abocou moitas destas persoas, fundamentalmente dos ámbitos das vilas, do rural, a quedar sen esta prestación, a que as entidades que puideron prestalo pois o fixeran e as que non pois volver quedar recluídas nas casas, e que as familias que puideron dar este servizo o fixeran e os que non pois quedaran recluídas.

Polo tanto, imos votar a favor desta iniciativa do Partido Socialista. E supoño que o Partido Popular volverá escudarse na cuestión dos recursos. Insisto: eses recursos que non lles racanean aos que máis teñen e que lles é tan fácil racanear e sacarllelos aos que menos teñen e aos que máis o necesitan.

De momento, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Bo día.

O primeiro é unha lembranza a todas as vítimas de violencia machista que nas últimas horas padecemos, sobre todo a esas dúas nenas que onte foron asasinadas; onte non tivemos unha lembranza para elas. (*Aplausos.*)

E o transporte adaptado, efectivamente, é un servizo público fundamental para a garantía da igualdade de oportunidades, porque estamos falando de igualdade de oportunidades. Sexamos como sexamos as persoas temos os mesmos dereitos. E, concretamente, este Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, o 065, é unha ferramenta fundamental para que as persoas en situación de dependencia ou con diversidade funcional, aquelas que non poden usar o transporte público colectivo, puideran acceder a servizos e recursos —que xa foron desgranados aquí— que son fundamentais non só para a súa vida en xeral senón para precisamente facilitar a súa autonomía persoal, facilitar un proceso de autonomía persoal. En fin, foi creado por un goberno progresista, pero en 2014 foi empeorado pola Xunta do Partido Popular.

Gustaríame lembrar como se definía o servizo de transporte adaptado, porque se definía literalmente como «un servizo público de carácter social de axuda ao desprazamento programado e non urxente», que se desenvolvía a través dunha —e cito tamén literalmente— «rede de responsabilidade pública». ¿Que sucedeu? Pois que co Decreto do 2013 e do 2014 do Partido Popular, coa famosa coartada de buscar eses criterios de eficacia e eficiencia na prestación do servizo, pois houbo un «desguazamento» —utilizo a palabra da señora Blanco— dese servizo público, disgregando, por un lado, os desprazamentos programados non urxentes dos de carácter regular, cando a anterior regulación englobaba ambas as mo-

dalidades e dun xeito como facendo entender como se as persoas que precisan un transporte regular non tivesen as mesmas ou maiores necesidades de desprazamento. Así, o transporte regular quedou suxeito a copago coa conseguinte —xa se dixo aquí— desigualdade de acceso ao servizo por parte das persoas con menor capacidade económica.

¿E que supuxeron as novas regulacións do Partido Popular? Pois que o grao de discapacidade que se debería acreditar para acceder ao servizo pasase dun sesenta e cinco a un setenta e cinco por cento; que se deixase a criterio da Xunta fixar unha intensidade máxima de uso; que computaban como dúas viaxes a viaxe de ida e volta e como servizos distintos, aínda que, evidentemente, se trata do mesmo; que se elimine a obrigatoriedade de contar no transporte coa asistencia de monitor ou monitora acompañante; que a nova regulación non estipule un baremo para determinar a preferencia no acceso ao servizo, e dáse a prioridade por orde de entrada das solicitudes. Para nós isto é un claro desmantelamento do concepto de servizo público.

E é que ademais estes cambios levaron un importante traballo e gasto a maiores ás asociacións —algunhas destas entidades de discapacidade acompañánnos hoxe—, e repercutiron, sobre todo, nas persoas máis desfavorecidas e, sobre todo, nas persoas desas zonas rurais máis diseminadas. Vivimos como vivimos, o noso país ten unha poboación dispersa, hai que adaptar os servizos ao territorio.

Estamos unha vez máis a que se condicionen servizos básicos, dereitos básicos, dereito á igualdade de oportunidades, en función da capacidade económica das persoas. E unha vez máis a Xunta descarga as súas responsabilidades nas entidades de carácter social. Neste sentido, os colectivos sociais que traballan coa discapacidade tamén nos teñen trasladado o gran déficit económico que lles supón a asunción do transporte adaptado, ao ter perdido esa condición de servizo público, e téñennos solicitado ademais a consideración das necesidades especiais deste servizo para determinados colectivos. E é que a diversidade funcional, a discapacidade non é unha cuestión homoxénea, hai diferentes necesidades. Por exemplo, persoas con dano cerebral adquirido que requiren unha especialización. Iso tamén o temos que mellorar. Nós, dende logo, temos o compromiso de seguir traendo a este parlamento as necesidades que nos teñen trasladado as entidades e os colectivos sociais que traballan coa discapacidade.

Unha cuestión máis, unha cuestión concreta, pero que para nós é moi importante: ao transporte adaptado con carácter non urxente e non regular —neste caso falamos do non regular— teñen dereito as persoas en situación de dependencia, as persoas con discapacidade agora superior a setenta e cinco por cento, e, excepcionalmente, poderán obter a condición de persoas usuarias aquelas persoas que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao trinta e tres por cento e inferior ao setenta e cinco por cento sempre que se acredite a concorrencia de circunstancias que aconsellen o uso de transporte adaptado, e así conste no informe social unificado. Neste sentido, o feito de que a Xunta vai favorecer a non-petición de informe social na valoración da discapacidade vai supor tamén perda de dereitos para a cidadanía. E aquí cabe tamén lembrar que os atrasos na valoración da discapacidade, evidentemente, manteñen durante meses persoas sen servizos aos que teñen dereito.

En resumo, falamos dun servizo fundamental, trátase de permitir ás persoas con diversidade funcional en situación de dependencia trasladarse a servizos que son necesarios para que a súa vida diaria sexa máis digna. Para que non se vexa que son servizos de luxo cito estes servizos: consultas médicas, traslados a centros asistenciais, programas ou actividades destes centros, actividades de carácter educativo e formativo que favorezan a integración laboral e a promoción da autonomía persoal —para que estas persoas poidan promover a súa propia autonomía...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...persoal—, e asistir a actividades relacionadas co coidado persoal de carácter terapéutico ou rehabilitador.

En resumo, temos que recuperar en conxunto a condición de servizo público do transporte adaptado porque é unha garantía de igualdade de oportunidades. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Resulta curioso que a portavoz socialista para falar dun tema tan importante como o servizo do transporte adaptado traia a esta cámara un libro cos discursos do señor Touriño, loando esa política social da parte nacionalista dese goberno da Xunta de Galicia, formado polo Grupo Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, porque nese libro quizais nos discursos oficiais o señor Touriño —como di a portavoz socialista— loaba esas accións de servizos sociais, pero logo nos medios de comunicación o que dicía o señor Touriño é que o Bloque Nacionalista Galego tiña un chiringuito montado co tema dos servizos sociais. Polo tanto, non creo que vostede estea absolutamente de acordo co que se facía naquel momento.

Vostede vén aquí dicir que o Partido Popular fala da dependencia dende que o Partido Socialista está no goberno de España. Penso que iso é faltarlles ao respecto non só aos deputados desta cámara, senón a moita xente que neste momento necesita esas axudas da Lei da dependencia. E, por outro lado, aquí a única independencia que se declarou relativa á dependencia foi a independencia que vostedes declararon. Por certo, con autobuses e presuposto moi importante por parte da Xunta de Galicia, que tiña que ir destinado ás persoas con situación de dependencia.

E se falamos do servizo de transporte adaptado, dese 065, efectivamente, naceu no ano 2008, pero naceu como un servizo de axuda ao desprazamento programado e non urxente para as persoas con discapacidade ou dependencia que non podían utilizar o servizo de transporte ordinario. Así está recollido nese decreto do ano 2007, no seu artigo primeiro.

Pero vostede di na súa iniciativa que ata o 2014 o servizo era universal e gratuíto. E nós hoxe queremos explicarlle aquí que o servizo non era nin universal nin gratuíto ata o 2014. Mire:

vostedes saben que durante eses anos a utilización que se estaba a facer do servizo de transporte adaptado era para servizos de transporte regular, cando o obxectivo inicial deste servizo era o de cubrir transportes puntuais. Ben, o oitenta por cento dos usuarios dese servizo durante eses anos cubrían servizo regular diario. Déronse casos de que nun mesmo centro había uns usuarios que chegaban pagando polo transporte e outros usuarios que o facían gratis á conta do servizo do 065. Quéixanse os usuarios de que esta situación facía que moitos usuarios do transporte puntual quedasen sen servizo.

E a oposición denunciábo. Denunciábo porque presentaron varias iniciativas neste parlamento, e pedíanlle á Xunta de Galicia que corrixa estas deficiencias do servizo ante as constantes denuncias das persoas usuarias. Pois, ben, isto foi o que fixo a Xunta de Galicia: corrixe as deficiencias do servizo de transporte adaptado, revisando o servizo para incrementar e mellorar a atención aos usuarios e dividir o transporte en dúas modalidades: unha modalidade de transporte programado puntual, o 065, e outra modalidade de transporte regular.

O transporte programado puntual, o 065, no decreto do ano 2007 dicía que os usuarios do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade deberían aboar unha contraprestación económica por cada desprazamento e que a porcentaxe de participación virá determinada pola capacidade económica do solicitante. Isto no decreto do 2007. No decreto do 2014 a gratuidade queda garantida por decreto, cando antes se contemplaba o copago.

O servizo universal. Nos últimos catro anos incrementáronse nun trinta e oito por cento as solicitudes atendidas deste servizo. Polo tanto, incrementáronse os usuarios, e antes había usuarios que quedaban sen o servizo.

Transporte regular. Está regulado polo decreto do ano 2013, polo que se define a carteira de servizos sociais para a atención ás persoas en situación de dependencia. Este transporte pasa a ser prestado polas entidades da discapacidade onde hai prazas concertadas da Xunta. Entidades do terceiro sector que son fundamentais para a prestación dos servizos sociais en Galicia; dende logo, para nós, para o Partido Popular, porque para vostedes en moitos debates parlamentarios o que queren é que as entidades do terceiro sector deixen de formar parte da prestación dos servizos sociais e que sexa a Xunta a que non colabore coas entidades do terceiro sector. Dende logo, nós si consideramos que as entidades do terceiro sector son fundamentais en Galicia para prestar os servizos sociais, ¡fundamentais! (*Aplausos.*)

O custo deste transporte regular pasa a cubrirse por primeira vez con financiamento do servizo da Xunta de Galicia, e as persoas usuarias deste servizo participan no seu funcionamento de acordo coa capacidade económica, como xa marcaba o decreto do ano 2007. Polo tanto, nesta iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista o que se pide é que os desprazamentos programados non urxentes sexan universais e sexan gratuítos. E hoxe nós vimos dicirlle aquí que o transporte programado non urxente, o 065, é máis universal que nunca, e está garantida a súa gratuidade por decreto. Cousa que vostedes non fixeron.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Arias.

Ten a palabra por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

O primeiro, agradecer tanto ao Bloque Nacionalista Galego como a En Marea o apoio a esta iniciativa.

Señora Rodríguez Arias, ¿sabe o que é faltarlles ao respecto aos dependentes? Faltarlles ao respecto aos dependentes é reducir dende o 2012 ata o 2017 uns catro mil seiscentos millóns de euros de aportación por parte do Estado; *(Aplausos.)* dous mil setecentos millóns de euros ás comunidades autónomas, mil novecentos millóns de euros con esa eliminación, eliminación dramática polo feito de en como se produciu ás cuidadoras dos dependentes. Catro mil seiscentos millóns de euros.

Había cousas que corrixir. Estamos de acordo, pero se nós o dicíamos. Pero a min cando din isto, ou sexa cando utilizan a escusa de para corrixir, eliminar, lémbrenme moito aquilo que dicía o señor Bush, —xa llelo teño dito algunha vez— de que para que non ardan os montes, mellor cortamos as árbores. E vostedes practícano exactamente igual. Claro, para que non estea mal, eliminámolo, así non está mal.

Vostede mentiu nesta tribuna. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque non é certo que antes se pagara e agora fora gratis. Vostedes cuartearon e separaron os servizos, e hai unha parte do servizo, a mínima, que é gratuíta. E a Valedoría do Pobo di: «Os transportes considerados non regulares que segue atendendo víronse limitados respecto do número de servizos que antes prestaban, sobre todo nos desprazamentos da fin de semana ou con periodicidade alterna, que se reduciron á metade». É dicir, a metade do que partiron volvérona partir pola metade, e a outra parte estana xestionando as entidades sociais, algunhas, porque non todas. Non hai entidades sociais en todos os pobos da comunidade autónoma galega, nin hai entidades sociais que poidan permitirse facer as rutas de todos os concellos e todas as aldeas. E hai persoas —como dixo aquí a señora Prado Cores— que teñen que quedar nas súas casas polas súas políticas.

E si vou seguir dicindo que vostedes se independizan dos dependentes, por suposto que si. Fíxérono cando estaban no Goberno de España, e estano facendo agora mesmo.

Mire, xa teremos tempo de falar disto, pero informe da AGAT, de atención temperá: non teñen respecto nin polos menores, nin polos nenos e nenas desta comunidade autónoma. *(Murmurios.)* Atención temperá de cero a seis anos: Galicia é a comunidade autónoma que menos dedica por neno e ano de todo o Estado. Andalucía, cincuenta e oito euros por neno e ano; Galicia, catorce, señorías, ¡catorce! *(Aplausos.)* Este é o respecto ás persoas con discapacidade e á infancia do Partido Popular nesta comunidade autónoma.

Respecto das entidades do terceiro sector, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) mire se as respectamos que ata lles agradecemos que fagan o que vostedes son incapaces de facer. Porque precisamente foron as entidades do terceiro sector as que foron un auténtico colchón para as familias, para a cidadanía e para os seus familiares durante os anos de crise, onde había un goberno galego e un goberno de España absolutamente ausentes, e estaban elas e eles, as entidades sociais que acudiron ao rescate de moitas persoas por culpa da súa ineficiencia, ineficacia e, sobre todo...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...falta de compromiso coa cidadanía. (*Aplausos.*) Porque, ao final, o que vimos denunciando e o que dicimos hoxe do desmantelamento do Estado do benestar é a falta de compromiso do que vostedes tanto presumen cos galegos e coas galegas.

E máis nada e moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado respecto da Orde, do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que establece suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse emendas por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. Que exclúa a Galiza do Anexo da Orde que se atopa en tramitación respecto aos suplementos territoriais para o exercicio 2013, en tanto que os impostos medioambientais establecidos pola Administración autonómica non deben ser aboados polas persoas consumidoras galegas.

2. En caso de non prosperar os recursos legais e políticos á aplicación dos suplementos territoriais, demandar do Estado a asunción de todos os custes que sexan requiridos para dar cumprimento a estas Sentenzas .

3. Demandar a derogación dos artigos 16.4 e 17.6 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico que recollen a posibilidade de repercutir os suplementos territoriais sobre as persoas consumidoras por supoñer unha penalización ás comunidades produtoras e unha inxerencia ns competencias galegas en materia de tributación ambiental.>>).

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que realice as actuacións necesarias para proceder ás modificacións legislativas na Lei 24/2013, do 26 de decembro, del sector eléctrico, e nas ordes IET/221/2013, do 14 de febreiro e IET/1491/2013, do 1 de agosto, aprobadas polo anterior goberno de España respecto aos suplementos territoriais para o exercicio 2013, co obxectivo de que aqueles impostos de carácter medioambiental establecidos pola Administración autonómica teñan que ser asumidos polas compañías titulares das instalacións ou actividades afectadas, todas elas con elevados beneficios empresariais, e non sexan aboados ou repercutidos ás persoas consumidoras.>>).

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Instar o Goberno do Estado e ao Ministerio de Transición Ecolóxica a modificar a Orde ETU/66/2018, do 26 de xaneiro, e a Proposta de Orde de agosto de 2018 que a desenvolve, para calcular os recargos autonómicos nas peaxes da tarifa eléctrica correspondentes ao exercicio 2013, adecuándoos ás dúas sentencias do Tribunal Supremo sobre a aplicación do art. 17.4 da Lei 54/1997 na súa redacción dada polo Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, que imponen cargar aos abonados dunha comunidade autónoma os recargos autonómicos sobre as actividades de subministración eléctrica, entendendo as mesmas referenciadas as actividades reguladas de transporte e distribución, pero en ningún caso as actividades liberalizadas de produción.

2. Como consecuencia da modificación plantexada no punto 1, declarar nulos os recargos estimados na Proposta de Orde de agosto de 2018 calculados sobre os tributos ambientais das actividades de produción eléctrica.

3. *Facer todos os informes necesarios para demostrar as causas e o destino medioambiental do Canon Eólico; Canon de Saneamento; Imposto sobre a contaminación atmosférica e o Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de auga encorada.*

4. *Regular, documentar e desenvolver a lexislación de maneira axeitada para garantir o destino dos tributos recadados polos canons e impostos referenciados no punto 3 a mellora medioambiental nas zonas afectadas polas instalacións de produción afectadas polos mencionados tributos.*

5. *Instar o Goberno de España e o Ministerio de Transición Ecolóxica, en tanto non se derroque de maneira completa a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, que derogou á súa vez a Lei 54/1997, do 27 de novembro, a derogar o artigo 16 eliminando desta maneira o carácter potestativo da inclusión de suplementos territoriais nas peaxes de acceso.»).*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Hoxe o Grupo Popular trae unha iniciativa de extrema actualidade, relacionada co posible incremento da factura da luz dos consumidores galegos.

Nos últimos días en que o prezo da electricidade marca os seus prezos máis altos parécenos de vital importancia solicitar que en ningún caso os consumidores galegos teñan que aboar outro sobrecusto do que non teñen ningunha responsabilidade.

Aínda que xa é un tema tratado neste parlamento en máis dunha ocasión, vou explicar dunha forma sinxela en que consiste o suplemento territorial. O suplemento territorial resultaría da aplicación cando actividades eléctricas, —insisto— actividades eléctricas fosen gravadas con tributos de carácter autonómico ou local, e ao prezo da electricidade se lle podería engadir un suplemento territorial. Isto, señorías, era o que se indicaba na Lei do sector eléctrico de 1997. É dicir, estes suplementos serán un instrumento opcional que co Real decreto do ano 2012, sobre medidas para garantir a estabilidade presupostaria, se converteu en obrigatorio. Mentres non se aprobou a nova Lei do sector eléctrico de decembro de 2013, lei na que estes suplementos volverían ser opcionais, estivo en vigor o decreto en que estes suplementos eran obrigatorios.

O Goberno do Estado reclama a Galicia mediante a Orde ETU/66/2018 a aplicación de suplementos para tres impostos —insisto: só pola recadación do ano 2013—, que serían o imposto sobre a contaminación atmosférica, o imposto sobre o uso e aproveitamento da auga embalsada e o imposto do canon eólico. Os citados impostos foron postos en marcha por distintos gobernos autonómicos, tanto por gobernos do Partido Popular como polo propio Goberno bipartito. E, por suposto, imaxinamos que os gobernantes que os implantaron nunca pensaron que uns impostos de carácter medioambiental que penalizan os impactos na contaminación do medio ambiente —valla a redundancia— levados a cabo polas empre-

sas que os provocan os tivesen que pagar os consumidores galegos. Estes impostos, señorías, en ningún caso gravan o consumo de electricidade nin se refiren á produción ou xeración de enerxía eléctrica.

Señorías, hai que destacar que nesta liña o Goberno actual da Xunta de Galicia foi e segue sendo coherente ao reclamar ao Goberno central a retirada de Galicia da Orde de suplementos territoriais para o 2013, por non ser impostos que gravan a enerxía eléctrica, por ser impostos medioambientais. Polo tanto, en ningún caso poden ser repercutidos aos abonados galegos.

O Goberno da Xunta de Galicia interpuxo un recurso contencioso contra a orde ditada polo Ministerio de Industria do Goberno anterior, e é de obrigación que o Grupo Popular reclame ao novo executivo unha resposta a este conflito. Polo tanto, repito: o Goberno e o Grupo Popular son coherentes ao reclamar unha solución favorable a este importante conflito aos dous últimos gobernos do Estado.

Despois de escoitar estes días un balance dos cen primeiros días de goberno, despois de asistir aos regodeos continuos desa bancada, por parte do Grupo Socialista, do flamante goberno cos ministros e con máis ministras da historia, teño que destacar aquí que no ámbito enerxético o novo goberno tamén deixa unha serie de medidas que prexudican moito os consumidores galegos. Vou dicir tres elas:

Primeira medida: a nova ministra de Transición Enerxética, que se define como profundamente ecolóxica e comprometida co medio ambiente, declaroulles a guerra ás centrais de carbón e alerta de que hai que pechalas o antes posible. Pechar as centrais sen poñer ningunha alternativa que garanta a subministración eléctrica e, por suposto, o máis importante para a comunidade galega, poñer en risco máis de dous mil postos de traballo que hai hoxe nas centrais térmicas das Pontes e Meirama. E onte mesmo, señorías, aprobouse no Congreso unha proposición de lei a instancia de Foro Asturias na que o Grupo Socialista no Congreso se volveu poñer de perfil e recoñeceu que as centrais térmicas non están nos seus plans e que intentará pechalas o antes posible.

Segunda medida: a falta de solución ás empresas con alto consumo de enerxía eléctrica, tanto de Galicia como do resto de España, ao non compensar estas industrias coas axudas de cento cincuenta millóns de euros tal e como quedaron previstas nos presupostos feitos polo Goberno do señor Rajoy para o 2018 e dos que o señor Sánchez está sacando réditos. Señorías, consecuencia disto, é a posta en risco da supervivencia de empresas galegas tales como Alcoa, Megasa ou Ferroatlántica, que dan emprego na nosa comunidade a máis de tres mil cincocentas persoas, e cuxa factura eléctrica representa o corenta por cento dos seus custos de produción.

E non hai dous sen tres, terceira medida: o flamante anuncio da subida de impostos ao diésel, a tecnoloxía empregada pola maioría de vehículos dos que son propietarios os galegos. Concretamente, unha medida que afectará máis de seiscentos cincuenta mil condutores, que soportarán importantes incrementos cando teñan que encher o seu depósito. Señorías, os coches diésel son os que empregan as familias máis vulnerables e as de clase media da nosa comunidade.

Consecuencia directa deste globo sonda ou medida de «extrema necesidade» cualificada polo señor Sánchez é a inquietude das nosas industrias deste sector, que dan emprego a máis de doce mil empregos directos na nosa comunidade, con importantes datos de facturación e sendo líderes en exportacións, así como tamén, por suposto, na mesma fabricación de coches de motor diésel.

Xa ven, señorías: só tres medidas en cen días do flamante Ministerio de Transición Ecolóxica, que mostran a verdadeira cara dos gobernos socialistas, baseada fundamentalmente na subida de impostos e na subida sen límites do desemprego do noso país.

Na liña de despropósitos que está sendo o novo goberno do Estado, a semana pasada, no medio dunha escalada espectacular dos prezos da electricidade, comparece a ministra de Transición Ecolóxica, todos expectantes para ver que ía anunciar, moitos anuncios, moita publicidade e propaganda —que lle encanta ao señor Losada dicir iso dos gobernos do Partido Popular, pero eles son os máis publicistas da historia, isto ninguén o pode negar—, e anuncia unha medida, plaxiada absolutamente do Grupo Popular, que rexistrou e que incluso debateu no Congreso xa dous días antes.

Señorías, no sector eléctrico a transición enerxética —repetímolo moitas veces nas comisións neste parlamento— é de vital importancia para os vindeiros anos, e medidas como as que acabo de resumir para nada axudan a contribuír a unha transición enerxética ordenada, asumible en custos e que non faga perigar a subministración enerxética.

O Goberno galego sábeo e traballa a diario para facilitar iniciativas que poidan supoñer un abaratamento dos prezos da luz, como son a aposta polas enerxías renovables. E, por suposto, en aras de axudar os máis necesitados, leva anos con iniciativas que faciliten a vida das familias máis vulnerables. Exemplos son o Tícket Eléctrico Social e a recente orde que se executou e se aprobou no pasado período de sesións, que evitará que se poida cortar a luz aos consumidores en situación de vulnerabilidade severa. (*Aplausos.*)

Pasamos nuns anos de ter a enerxía a un prezo asequible a encabezar os primeiros postos da Unión Europea. E creo que é importante destacar que a situación do sistema eléctrico que atopou o Partido Popular no 2011 cando chegou ao goberno é moi distinta á herdanza recibida polo señor Sánchez hai só tres meses. Señorías, non é o mesmo deixar un buraco de máis de vinte e seis mil millóns de euros, un déficit de tarifa que non paraba de medrar e que temos que pagar todos os consumidores, que deixar un déficit de tarifa contido, podendo permitirse que nos dous pasados anos non se incrementase unha parte da factura que representa o co-renta por cento da factura de electricidade. Ese foi o motivo fundamental da esencia recortista da Lei do sector eléctrico de 2013: corrixir os despropósitos do Goberno do señor Zapatero, xa que a situación do sector eléctrico no noso país era insostible.

Estamos de acordo en que é posible que o sistema eléctrico necesite ou precise unha reforma, pero ten que ser de forma garantista. Non podemos cometer erros do pasado como o impulso desmesurado de enerxía renovables cando eran extremadamente caras, que se primaron excesivamente —como dicía antes—, que estamos pagando nun terzo da nosa factura, nin tampouco facendo perigar a subministración da enerxía, por non ter repostado ao peche das

centrais nucleares ou de carbón. E, por suposto, non se pode chegar ao goberno e, en vez de presentar unha planificación de medidas de reforma que garantan unha subministración eléctrica e que conteñan os prezos da enerxía, introducir a inquietude no sector con ameazas de peches de centrais, con ameazas de subidas de impostos sen ningún control.

Insisto: neste caso, o Grupo Popular de Galicia trae a este pleno unha proposición sinxela, que solicita ao Goberno central que exclúa Galicia de que os seus consumidores teñan que verse penalizados pagando un suplemento na súa factura. Insisto en resaltar con esta iniciativa a coherencia do Grupo Popular, que solicitamos un acordo co Grupo Socialista de Galicia no anterior goberno que excluíse Galicia desta orde. E agora co novo goberno de Pedro Sánchez vémonos obrigados en reclamálo de novo. Non pode ser, señorías, que tributos impostos ás compañías que explotan recursos que causan impactos no medio ambiente sexan repercutidos aos consumidores da comunidade galega, beneficiando a quen contamina e prexudicando os usuarios.

Polo tanto, señores da oposición, consideren o apoio a esta iniciativa que solicita algo moi concreto e que redundará no beneficio de todos os consumidores de Galicia.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Nóvoa.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, como a señora Nóvoa dedicou o setenta por cento da súa intervención a falar dunha cousa que non era o asunto que tocaba, pois voume tomar a licenza eu de desmentir aquí neste momento as acusacións absolutamente falsas que verteu de forma absolutamente torticeira o señor presidente da Xunta de Galicia no debate coa señora Pontón.

Señores do Partido Popular, o BNG non é quen quere pechar as térmicas neste país. Se hai térmicas neste país nunha situación moi complicada é pola súa inacción política. *(Aplausos.)* O BNG sempre defendeu que cumpriran a lei, que se adaptaran e que se mantiveran os postos de traballo, e tamén que recibiran o mesmo trato que recibiron no Estado as centrais térmicas de carbón autóctono español. Foron vostedes os que permitiron, entre outras cousas, mentres se dedicaban a sacar fotos de propaganda electoral, que este país fose excluído dos beneficios do Plan carbón. *(Aplausos.)*

Señora Nóvoa, de verdade, se non estiveramos en setembro, sendo vostede ourensá coma mín, pensaría que esta iniciativa é unha entroidada, unha entroidada ou unha broma de mal gusto. Porque, a verdade, vostede vén aquí, dá tres ou catro explicacións do tema e parece que esquece unha cuestión que non é menor, que é que vostedes, o Partido Popular de Galicia e do Estado, teñen a responsabilidade fundamental de que Galicia vaia acabar pagando a factura da luz máis cara do Estado. *(Aplausos.)* Tarifa eléctrica galega pero ao revés. Claro, pedir un desconto por ser un país produtor é separatista, pero isto —non sei— debe ser unha revolución innovadora das súas.

Señora Nóvoa, non serán veces as que temos falado deste tema, e non será xa non nesta lexislatura, senón na anterior, que o nacionalismo galego advertiu de que isto ía pasar, mentres vostedes miraban para outro lado. Porque vostede fala aquí da lei de 1997 e da lei de 2013 así como se fose unha cousa xestionada polo Espírito Santo. Pero é que mire: no 1997 era presidente do Estado o señor Aznar e no 2013 o señor Rajoy, e que eu saiba eses señores son e eran do Partido Popular.

E ¿que dixeron vostedes desde Galiza cando o nacionalismo advertía de que eses puntos da lei que vostede mencionaba poderían repercutir en que os galegos e galegas pagásemos eses suplementos autonómicos? Non dixeron absolutamente nada. E iso é algo que o BNG non só defendeu no Congreso senón que tamén trouxo iniciativas a este parlamento pedindo a derogación deses puntos. Vostedes votaron en contra, chamáronnos alarmistas, de todo, ben, o seu discurso habitual. E agora sabemos en boca do señor Tahoces que presentaron un recurso de inconstitucionalidade a eses puntos. A min xa me dá a risa, porque, claro, vostedes din que nós somos uns incoherentes, que as nosas propostas en materia de electricidade son absolutamente infundadas, e logo temos que ver como vostedes son os que din que os seus propios preceptos son inconstitucionais.

En fin, levan vostedes, señora Nóvoa, moitos anos mirando para outro lado. Por iso é un chiste de mal gusto que veña aquí presumindo de que non teñen ningunha responsabilidade neste asunto. Teñen esa responsabilidade porque no peor momento da crise económica, no peor momento da aplicación de políticas absolutamente austericidas do Partido Popular, foi o señor Rajoy quen aprobou un Real decreto de estabilidade orzamentaria no ano 2012. E unha vez máis, como con tantos outros temas, ¿quen vai pagar os seus recortes?, ¿quen os vai pagar? A clase traballadora galega na súa factura, as pequenas e medianas empresas galegas na súa factura. Iso é o que vai pasar.

Por iso, primeiramente, nós non o incluimos na nosa emenda, pero algo que deberían facer vostedes é ter un pouco de humildade e pedir desculpas aquí, pedir desculpas aos galegos e galegas por esta situación. Porque vostedes, antes de 2018, non presentaron nin un só recurso legal, nin unha soa apelación ao Estado, nin unha soa vía de negociación bilateral como se demandou desde aquí, nada, absolutamente nada fixeron ata febreiro-marzo de 2018, cando se coñeceu unhas destas resolucións.

Ese decreto —como digo— é o que explica que haxa numerosas sentenzas que dan a razón ás eléctricas. E vostede vén aquí dicindo que é de extrema actualidade; éo, pero tamén o era hai moito tempo. Por iso, señora Nóvoa, vemos o resultado das políticas do Partido Popular. Isto vai custar en total para o Estado cento once millóns, dos que Galiza vai pagar o trinta e catro por cento, trinta e oito millóns, mentres outras comunidades que non producen apenas, como Madrid, ¿que van pagar? Pois os madrileños e madrileñas van pagar dous millóns de euros entre todos e todas, aínda que triplican a poboación que hai en Galiza. Ese é o seu modelo de tarifa eléctrica galega invertida: que paguemos máis quen máis producimos; ese é o seu concepto de tarifa única. Que os galegos paguen máis en lugar de verse beneficiados, pois ¿xa me dirá? Se ese é o seu concepto de solidariedade, que nós teñamos o impacto de producir e por riba paguemos máis, pois ¿xa me dirá?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E remato xa, señora Nóvoa.

Nós reclamamos —e iso reflectímolo tamén na nosa emenda—, governe quen governe, que se supriman eses dous puntos desa lexislación, que son os que posibilitan que isto poida pasar. Isto advertiuno o BNG hai moito tempo. Pero recórdolle que tamén falou vostede dun imposto que aprobou o Goberno bipartito, e o señor Tahoces dicía que iso podería pasar. Claro, ¿que pasa? Que daquela non había un decreto de 2012 austericida como o de vostedes patrocinado polo tal. Non me diga que é unha sorpresa porque non o é en absoluto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: —Remato xa.— Nós incluímos na nosa emenda esa supresión e tamén que se isto avanza, que se a sentenza avanza, e nós estamos incluídos nesa orde, que sexa o Estado español quen o pague e non a clase traballadora galega.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: A ver se vostedes defenden iso governe quen governe en Madrid.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moita grazas, señora Presas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señora Nóvoa, hai un cadro de Salvador Dalí no MOMA, en Nova York, que se titula a *Persistencia da memoria*. E eu creo que convén falar da memoria e da persistencia da memoria. É verdade que os dirixentes do Partido Popular nos teñen acostumbrados a memorias lábiles. O outro día asistimos a unha comisión de investigación no Congreso dos Deputados na que o señor Aznar non sabía que había caixa B no Partido Popular —era o único, mesmo os xuíces o sabían—, e nin sequera sabía quen fora invitado á voda da súa filla no real sitio de El Escorial. E recordo tamén como neste mesmo parlamento o señor Feijóo non recordaba con quen paseaba en iate polas rías galegas, e non recordaba onde viaxaba con ese persoeiro ou a que se dedicaba. (*Aplausos.*) Entón, convén ter memoria, señor Nóvoa.

Mire: as estratexias industrial e enerxética do Partido Popular nos gobernos de Aznar permitiron un proceso de liberalización e privatización brutal. Xa sei que me vai dicir que empezou nos últimos gobernos de Felipe González. Pero é moi diferente que o Estado manteña o cincuenta e un por cento das accións dunha empresa a que teña o cero por cento. Eu creo que é

diferente. E se de Aznar pasamos ao señor Rajoy, sabemos exactamente o que pasou, por moito que vostede veña aquí e nos fale da xestión da señora Rivera, que, por certo, pode ser ecoloxista pero non é «ecolóxica», porque non é un iogur, quero dicir que é ecoloxista. Un enfoque ideolóxico. Eu sei que todo o que ten que ver coa terminación *-ista* a vostedes lles produce absoluto repelús. Ecoloxista, ¡ecoloxista!; ecolóxicos son os iogures, algúns, outros non.

Polo tanto, que pase catro minutos falando da xestión de cen días e que se esqueza absolutamente da xestión de oito anos do señor Aznar e de sete anos do señor Rajoy... Porque o dicía a señora Presas: as leis do sector eléctrico que montaron a andamiaxe deste sector en España foron dos gobernos de Aznar e de Rajoy. Gústelles a vostedes ou non; cóntenos a historia que queiran aquí de ecoloxismo, de ecoloxistas e de ecolóxicos. Foron da dereita. E, por certo, como son da dereita, iso explica que as grandes eléctricas españolas teñan máis beneficios que as grandes eléctricas alemás, tendo un mercado que é máis ou menos a metade. E, se non, veña aquí e cóntenos de que nos está falando, porque a verdade é que a súa intervención, que na forma foi moi suave —está moi ben iso—, pero no fondo é un auténtico escándalo, unha tomadura de pelo descomunal.

Oia: ¿por que votaron en contra en xuño deste mesmo ano dunha proposición de lei do Grupo Socialista que pedía exactamente o que piden vostedes agora?, ¿por que votaron en contra? A min gustaríame sabelo. ¿Quere que llelo diga eu? Dígollelo: votaron en contra porque agora goberna o Partido Socialista en Madrid. Por certo, cando o señor Feijóo di solemnemente entre insulto e insulto ao alcalde de Vigo na sede de Goberno da Xunta de Galicia, onde ten que falar dos resultados do Consello da Xunta... Polo tanto, aí é onde ten que dicir o que de verdade non di: a política do Partido Popular e do Goberno da Xunta mudou radicalmente dende que goberna en España o señor Pedro Sánchez. (*Aplausos.*) Non pode dicir algo que é falso. Non pode dicir que o que defendían cando gobernaba Rajoy é o que defenden cando goberna Pedro Sánchez, porque é falso. É falso no tema do AVE, é falso no tema das autovías, e agora vemos tamén que é falso no tema do mercado eléctrico. É falso. Porque o señor Feijóo, que acostuma a mentir, salvo que teña moi mala memoria —¡que tamén pode ser!—, debería, el si, dar a cara en moitas cuestións nas que, dende logo, non está a dala como presidente da Xunta de Galicia.

Mire: vostedes votaron en contra —e eu teño aquí a súa intervención, señora Nóvoa— porque dicían que había recursos en marcha. Eses recursos seguen en marcha, ¿ou non? ¿Seguen en marcha ou non? ¿Ou é que o Goberno galego retirou ese hipotético recurso de inconstitucionalidade? Ao mellor, retirouno. Se o retirou, pois podemos ir á vía política. Porque a vía política era a vía que o Grupo Socialista e os demais grupos da oposición reclamabamos para solucionar este problema, que era un problema que ía á auténtica cerna do que ten que ser a transición enerxética, que é que quen contamina, paga. Por certo, tanto en termos de oferta como de demanda. Quen contamina producindo enerxía eléctrica, ten que pagar; tamén é certo —e eu sempre o defendín así— que como consumidores, aqueles que están por riba de pautas normais de consumo enerxético, tamén teñen que facelo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, señora Nóvoa, non veña aquí falarnos, de verdade, de milongas. Dígollo con absoluto respecto.

E en canto á emenda que nós presentamos, esta é unha emenda patriótica, non o patriotismo de Montoro, aquel de «*que caiga España, que ya la levantaremos nosotros*», (*Aplausos.*) ou o de Casado, de dicirlle ao presidente da Comisión: «*España es un desastre*». Que se ve que iso si é Marca España do novo presidente do Partido Popular a nivel estatal...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...senón que, efectivamente, en España, nunha transición enerxética no conxunto do Estado, o razoable é que esta medida se aplique a todas as comunidades autónomas afectadas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Moitas grazas.

Bo día.

Ben, poderíamos definir esta proposta con catro frases: filibusterismo político, conivencia co oligopolio eléctrico, incompetencia e uso de Galicia por interese partidista, submisos cando o Goberno do Estado é do PP e ariete cando os gobernos do Estado non son do PP.

Pero para min, hoxe o máis forte, o que non podo entender, aínda que xa estamos acostumados, é que un presidente da Xunta minta descaradamente neste parlamento. Espero que hoxe, xa que non hai manipulación, o *Telexornal* da Televisión de Galicia inclúa que Feijóo mentiu descaradamente neste parlamento. Ao mellor, din: bueno, iso xa non é noticia, pode ser. O señor Feijóo dixo explicitamente —respondendo á señora Pontón— que un dos problemas de que suba a tarifa eléctrica é que os custos de transición á competencia os aprobou un goberno do PSOE, apoiado polo BNG. Ben, pois iso é mentira. Os custos de transición á competencia aprobáronse polo Real decreto lei 54/1997. ¿Saben vostedes quen gobernaba en 1997? Pois, efectivamente, o asesor de Endesa. ¿Xa saben quen é o asesor de Endesa por douscentos mil euros ao ano, non? O señor Aznar. ¿Saben cando se eliminaron os custos de transición á competencia? Pois en 2006, no Parlamento de España. ¿E saben quen gobernaba no 2006? O señor Zapatero. Efectivamente, elimináronse con voto do BNG. Esa é a verdade. O resto, mentira.

Filibusterismo político. En xaneiro, En Marea presentou unha proposición non de lei sobre este asunto moito mellor fundamentada técnica e xuridicamente. Por certo, despois explicareino. ¿E saben que votou o Partido Popular? En contra. Naquel momento non era pertinente protexer os galegos do tarifazo, dos trinta e oito millóns de euros que van ter que pagar, porque estaban preparando un contencioso-administrativo. Esperemos que o contencioso-administrativo, que solicitamos e aínda non temos, non vaia coa argumentación que fixo a señora Nóvoa, porque o erro é bastante grande a nivel técnico.

E ¿por que digo que é un erro bastante grave? Porque o que din vostedes é que se suprima do anexo a Galicia. Ou sexa, a orde pode estar ben, pero no anexo que se quite a Galicia; os

demais, ben, os demais que paguen, pero que suprima a Galicia. ¡Un argumento, a verdade, xurídica e tecnicamente bastante competente!

En cambio, non van contra o que é a cerna da orde; unha orde —como dicía antes— feita en conivencia co oligopolio. Como vostedes saberán, as sentenzas do supremo, as leis que desenvolveu o Partido Popular, porque tamén a señora Nóvoa dicía: o Goberno do Estado cargounos os trinta e oito millóns. Claro, eludiu dicir: o Goberno do Estado do Partido Popular. Ben, pois a cerna do asunto, que espero que por aí fora o contencioso-administrativo, porque, de feito, emendamos corrixindo os aspectos técnicos desta proposición non de lei, é que a directiva europea —por favor, léana— fala de que se poderán recargar os tributos locais que afecten a subministración eléctrica. Lean tamén as definicións da directiva europea: subministración eléctrica é o transporte e a distribución, e en ningún caso a produción.

Pois a orde do Partido Popular de xaneiro deste ano, eludindo a realidade do que di a directiva europea, di que a traslada cargando xustamente o contrario do que di a directiva europea. En vez de cargar ao transporte e á distribución, que é o que define a directiva como subministración, carga á produción, en contra totalmente do que define a directiva. Por iso plantexamos unha emenda que vai nese sentido, que se pida a supresión desas recargas, pero polo que son, porque non teñen nada que ver coa sustentación legal que aplicou o Partido Popular para impoñelas, que é que a subministración eléctrica non ten nada que ver coa produción.

Pero imos máis alá: plantexámoslle tamén que se reformen as leis e os decretos que estableceron estes tributos, para deixar claro que, efectivamente, son tributos medioambientais, que é unha das cousas que alegou o Tribunal Supremo para fallar a favor das eléctricas, dicindo que este tipo de impostos non estaban sendo utilizados de verdade finalistamente como impostos medioambientais para resolver problemas medioambientais onde había afectacións negativas por culpa da produción eléctrica, senón que se estaban a aplicar e utilizar para outras cousas, como se fora un imposto, un tributo xeralista.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Por iso plantexamos tamén na nosa emenda varias iniciativas, para que os impostos medioambientais sexan utilizados finalistamente para usos medioambientais nos concellos afectados polas consecuencias negativas da produción eléctrica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten a palabra por parte do grupo autor da proposición non de lei a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Non me quedou para nada claro o que van facer. Ben, sorprendéranme a ver se van apoiar esta iniciativa ou non.

Señora Presas, se apoiar as centrais é poñerse de perfil, vaia vostede e cóntelles alí aos traballadores ou ás comarcas das Pontes e de Meirama, coméntelles vostede que van axudar e que están en contra do peche das centrais. (*Murmurios.*) Absterse señora Presas, iso é poñerse de perfil. (*Aplausos.*)

Miren, señora Presas e señor Losada: vostedes gobernaron aquí, e vostedes sustentaron, señora Presas, o Goberno do Estado en Madrid, e unha Lei do sector eléctrico de 1997, Goberno do señor Aznar, e de 2013, Goberno do señor Rajoy, ¿que fixeron vostedes nestes anos para cambiar algo do sector eléctrico? Dígolles eu o que fixeron: encher o sector eléctrico de débedas, que agora os consumidores pagamos durante máis de vinte anos, señora Presas. Vostedes e o Partido Socialista. Non tocaron nada. Na lei do ano 1997 xa aparecían estes suplementos, ¿que fixeron vostedes?, ¿díganmo? Estamos en 2018, e nada, señora Presas.

En canto á tarifa galega, eu, de verdade, é que é un mantra que xa aburre, non llo compra ningún. Díxolle o presidente hoxe á mañá, o señor Tahoces, eu, debatémolo, expertos na propia comisión que escoitamos, que non sae a conta. Non queiran outro mal negocio para Galicia, señoría. Non, os galegos non lle compran ese discurso.

Señor Losada, a verdade, é que, para memoria e falando de memoria, hoxe non somos os máis indicados de falar de memoria, porque para falta de memoria *la que tiene la señora ministra de Justicia*, que non recordaba as súas comidas co señor Villarejo (*Aplausos.*) Tres, tres: unha, para criticar un compañeiro, criticar un compañeiro agora ministro; outra, para dicir que prefire traballar con mulleres, «*el Gobierno más feminista de la historia*». ¡Por favor, señor Losada! (*Protestas.*) ¡Para memoria la suya!

Mire, señor Losada, falta de memoria outra vez. Dígolles a vostedes o mesmo: ¿que fixeron para cambiar a Lei do sector eléctrico? Si, si que fixeron algo, cando se tramitou a Lei do sector eléctrico emendaron. Agora volve a dicir á señora Presas: ¿sabe o que emendaron? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dúas emendas que dicían que os suplementos territoriais fosen obrigatorios, ¡obrigatorios! Ou sexa, que isto só, isto que estamos debatendo hoxe aquí, señorías, non aplicarse só para o ano 2013, que puido ser unha medida de contención que fixo o Goberno do señor Rajoy no ano 2012 polo buraco que había, é que os señores socialistas querían que estes suplementos fosen obrigatorios para sempre, señor, (*Aplausos.*) para todos e para sempre. É dicir, hoxe aquí non estaríamos reclamando que se quitase un suplemento do ano 2012, é que estaríamos reclamando do 2013, do 2014, do 2015 e do 2016. ¿Canto sería, señor Losada? (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) Bueno, entón de memoria, ¡coidado! ¡Vostedes!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Posiciónese sobre as emendas, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Miren, señores de En Marea, é que discutir con vostedes sobre enerxía... As súas propostas consisten —xa llelo dixen moitas veces— en nacionalizar as eléctricas. Lea, lea a prensa, o que pide o seu grupo: nacionalizar as eléctricas. As centrais hidroeléctricas, por suposto, pechar as centrais. O gas non pode tampouco intervir na transición enerxética, ¡Reganosa fóra! Señor Casal, a nós non nos gustan estas ideas para nada. Conosco desta forma non vai chegar a ningún acordo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Por suposto, non me podo comparar con vostede que me dá leccións. Vostede si que mas dá todos os días. Agora xa, xurista tamén, enxeñeiro, charlas de como adecuar a potencia... ¡pero é que agora tamén é xurista!

En canto ás emendas, señor presidente, non as aceptamos.

E reafírmome, esta é unha proposta sinxela... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...que afecta a Galicia. Porque aquí a vostedes, señores do BNG, señores do Partido Socialista ou señores de En Marea, ¿que lles interesa?, ¿que exclúan a Galicia? ¿Que é o que lles interesa de verdade? ¡Estar en contra do que propoñemos! *(Risos.) (Murmurios.)* Non, non, señores, era unha proposición moi sinxela, que vostedes, se queren, a aproban e estarán do lado dos consumidores, que non terán...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...—ou intentaremos que non teñan— que pagar máis enerxía da que eles, por suposto... ou sufrir un impacto que xeran as eléctricas e que o teñan que pagar os consumidores galegos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta iniciativa presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 35858).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno central e lle demande que se adopten as medidas necesarias para que no seo do Pacto de Toledo, se garanta a actualización das pensións pola aplicación do IPC.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 35858).

Emenda de adición.

Engadir os seguintes puntos:

«- Derrogación das reformas laborais e das pensións, nomeadamente as de 2011 e 2013.

- A aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan á clase traballadora diante do capital.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Hai dez anos caía Lehman Brothers e parece que abaneaba o mundo e se aceleraba a historia. O sistema sufriu entón unha das súas crise máis virulentas, agravouse en Europa coa crise da eurozona no 2010 e saltáronlle os costuróns por todas partes: aumento brutal do desemprego, desaloxos de vivendas, tamén de persoas pensionistas —tamén foron desaloxadas aínda hai pouco—, caída do produto interior bruto, empobrecemento brutal da clase traballadora, redución da autopercibida como clase media. E hoxe, dez anos despois aquela idea do 15M —non, queda demasiado mes— o remate dos salarios segue sendo real, neste caso queda demasiado mes ao remate da pensión.

A crise. e sobre todo as políticas da ditadura da austeridade, provocaron un afondamento brutal das desigualdades. Aquí, no noso país, aumentou a diferenza entre quen gaña máis e quen gaña menos; aumentou a diferenza entre os ingresos salariais e os ingresos do capital a favor destes; reduciuse a porcentaxe dos salarios na riqueza nacional ata niveis insospeitados; os gobernos, en definitiva, puxéronse ao servizo do poder financeiro, agasalláronlle rescates millonarios á banca, e modificaron as regulacións laborais a favor do capital. Había unha directriz clara e terrible: adelgazar o gasto público e o Estado do benestar para permitir a expansión do sector privado, como nos plans de pensións. E nese gasto público as prestacións sociais son un elemento fundamental; había que atacalas por parte da ditadura do neoliberalismo.

Así que a evidencia do «Non nos representan» abaneou, ese si, o escenario político. Pero este escenario nós repetimos: aínda non rematou. ¿Por que? Porque agora, catro anos despois de que crece a macroeconomía, dixéronnos que rematara a crise, ¿verdade?, dixéronnos que rematara tamén a crise de réxime, pero aí están as grandes mobilizacións do 8 de marzo, as grandes mobilizacións tamén das persoas pensionistas, das que hoxe nos acompaña unha representación.

Continúa a loita social, e a sociedade continúa mobilizada porque, aínda que se recuperara o PIB, aínda que teñamos máis riqueza que antes da crise, non vivimos mellor; e, dende logo, non viven mellor as persoas pensionistas. Ademais, a propia falta de tradución do aumento do PIB nos salarios e nas pensións compromete o mantemento do crecemento. E máis no noso país, ¿verdade?, que as pensións do noso país supoñen unha cuarta parte da demanda interna.

Así, igual que a clase traballadora e en xeral as persoas pensionistas non viven mellor, ben ao contrario, sufriron a caída do seu poder adquisitivo. Por exemplo, hai un ano —pouco antes de que as persoas pensionistas recibiran aquela carta de burla, aquela carta que moitas queimaron, vendéndolles esa suposta suba das pensións— resulta que os xubilados e xubiladas galegas deixaban de ingresar unha media de 13 euros ao mes polo IPC. Este setembro tamén, por certo, tiveron que afrontar esa costa de setembro, que xa se está a converter máis dura que a de xaneiro.

As pensionistas levan anos de recortes. En 2011 endurecéronse as condicións de acceso ás pensións. Dende o 2012 os recortes brutais tamén as afectaron a elas. Pero no 2013 sofren unha terrible navallada, porque se pretendía adiantar a aplicación do factor de sostibilidade, esa penalización do aumento da esperanza de vida, ao 2019. Eliminábase a actualización das pensións conforme ao IPC e introducíase o famoso factor de revalorización —opaco e arbitrario, do que xa temos debatido nesta Cámara—, que supoñía un brutal recorte da pensión inicial en relación co último salario e que supoñía na práctica a conxelación das pensións.

Isto xa o viviron no 2017, xa o viviron cando as pensionistas perderan case 2 puntos de poder adquisitivo. E foi unha decisión contraria —repetímolo— á propia Constitución, ¿onde queda o dereito a pensións suficientes e actualizadas?

Esta mañá o señor presidente falaba da nación española, enchíasele a boca e defendía esa nación española, pero, ¿cal é e por que norma se rexe? Porque entendemos que son patriotas, si, do 155 —dese si—, pero do artigo 50 da Constitución, aí son vende patrias da súa patria. E manter este sistema —o sistema que en 2013 quixo aplicar o Partido Popular— suporía que en vinte anos se reducirían as pensións nun 40 % en termos reais. E isto non o di En Marea, recoñéceno institucións como o Banco de España ou a OCDE. Ademais, ese chamado factor de sostibilidade engadiría unha perda de poder adquisitivo en cada década do 5 % máis. Así que, de manter ese sistema, no 2050 atopariámonos con que as pensións dese ano serían practicamente as mesmas do ano en que estamos, practicamente as mesmas a pesar da suba dos prezos. Por iso propoñemos que cómpre dunha vez blindar que a suba das pensións, que a actualización das pensións, se vincule ao IPC, á suba real dos prezos.

Todos estes recortes sociais foron acompañados tamén de recortes nos dereitos civís, ¿para que?, para intentar acalar a protesta. Pero non se conseguiu e non se consegue tampouco agora, porque as persoas pensionistas seguen reivindicando a necesidade de ter vidas dignas. Lembremos as cargas infames no Congreso nos pasados días, e aproveitamos unha vez máis para condenalas.

No noso país, en Galiza, a importancia das pensións é indiscutible, porque falamos de máis de 670.000 persoas que chegarán a ser 1 millón antes de 2050. Estamos a falar xa na actua-

lidade de case o 25 % da poboación galega; falamos de máis de 760.000 prestacións; falamos —xa o dixemos— dun cuarto da demanda interna, dunha importancia fundamental para a nosa economía. Falamos de que 1 de cada 3 concellos coma o meu teñen nas prestacións sociais a principal fonte de ingresos. É evidente que este é un reto, ninguén nega o reto do envellecemento. ¿Por que? Galiza só conta con 1,29 cotizantes por xubilado pese á mellora do emprego —titulaban os xornais—. Pero este reto —nós dicimos— pode superarse pola vía da xustiza social ou pola vía do economicismo, pola vía de condenar as pensionistas á miseria. E isto é ao que optaba o PP co chamado factor de sostibilidade.

A importancia das persoas pensionistas no noso país tamén se cuantifica en que o 32,12 % destes fogares galegos aos que nos referimos teñen as prestacións sociais como única fonte de ingresos. Única fonte de ingresos. Pensións das persoas, na maioría dos casos, maiores que, logo de traballar duramente toda a vida, fixeron —lembrémolo— durante a crise como colchón económico, evitando que esta crise social tan brutal fora aínda maior. E ségueno facendo, e isto pódese cuantificar. As persoas pensionistas, durante a crise, elevaron un 25 % o seu gasto en Galiza para axudar a familiares sen ingresos. E, mirando os datos, non o fixeron só a custa da súa pensión, senón tamén dos seus aforros, porque apoiaron aínda máis do que ingresaron por pensións. En lugar de recoñecerlles a estas persoas o labor que fixeron de colchón económico, o Goberno central aplícalles recortes brutais, cando o que tiñamos que facer como sociedade é unha homenaxe en forma de vidas dignas para estas persoas. Un Goberno decente, dende logo, tería unha débeda con estas persoas.

E todo isto —lembramos—, este ser colchón económico, fixérono as pensionistas galegas coas pensións máis baixas do Estado. Outro titular, xa que estamos hoxe falando de titulares, para que non se diga que isto só o di de En Marea—: «Galiza é a autonomía, a primeira, con máis pensións de xubilación por baixo do salario mínimo. O 56 % das persoas pensionistas galegas están por baixo do salario mínimo interprofesional. O que se eleva, no caso das mulleres, a máis do 80 % porque, si, aínda o temos peor as mulleres; con vidas laborais precarias ou con vidas laborais en moitos casos inexistentes, as pensións aínda son máis de miseria.

Así pois, a revalorización das pensións conforme ao IPC real, conforme ao que custa a vida, é unha batalla do movemento galego en defensa das pensións —hoxe temos aquí a unha representación e aproveitamos para saudala—, do sindicalismo combativo, de todas as pensionistas que cada semana saen ás nosas vilas e cidades. E de todas as que se mobilizan, que estiveron tamén a semana pasada nesa mobilización estatal en Madrid, e estiveron tamén algunhas na carga do Congreso, nunha semana na que tamén hai convocatorias da CIG en defensa das pensións e na que tamén hai unha Xornada europea convocada por Lidia Senra esta fin de semana.

Estamos neste debate porque é fundamental blindar o poder adquisitivo das pensións. É algo tan básico como non condenar á miseria á maioría deste país. Falamos —repetímolo— do 25 % da poboación. Pensión media: 901 euros, fronte á media estatal de 1.080 euros, o 62 % no limiar da pobreza. Falamos de desigualdade tamén entre pensionistas do interior e pensionistas da Galiza atlántica.

O actual ordenamento xurídico en realidade —en teoría— xa contempla a revalorización das pensións. Esa Constitución que tanto defende o presidente Feijóo quedou abrogada pola vía dos feitos nestes anos. ¿Onde queda ese artigo 50?, ¿esa actualización das pensións?, ¿esa suficiencia económica coas reformas que implementaron no 2013? Iso si, a Constitución tampouco a utilizan para o dereito á vivenda, pero si apelan a ela para aferrollar pobos como o catalán ou como o galego.

Por iso nós pedimos vincular a revalorización das pensións ao IPC, parécenos que iso é de xustiza. E é que non só o pide de En Marea, pídeno personalidades con tanto prestixio —tamén nestas bancadas— como o presidente da Fundación Círculo de Economía. Di literalmente: «vincular a revalorización das pensións á evolución do IPC é un obxectivo xusto. Hai poucos países do noso nivel nos que a revalorización das pensións non estea vinculada dalgún xeito á evolución dos prezos». E é que falamos de que a revalorización das pensións conforme ao IPC real é a única vía para que as persoas maiores poidan manter os seus ingresos, poidan manter unha vida digna.

Por iso, porque é posible revalorizar as pensións conforme ao IPC sempre, porque son sostibles os sistemas públicos de pensións, porque a porcentaxe de PIB que gasta o Estado español en pensións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...é aínda inferior á media europea, pedimos que este Parlamento se pronuncie a favor de revalorizar por lei as pensións conforme á evolución real dos prezos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Saudamos as persoas que nos acompañan desde a tribuna e que seguen a reivindicar unhas pensións dignas en Galiza, seguen a mobilizarse en Galiza. E tamén aproveito para mandar un saúdo ao colectivo de pensionistas da CIG, que hoxe tamén van saír á rúa en reivindicación dunhas pensións públicas dignas e garantidas.

Porque en Galiza seguen a ser miles as persoas pensionistas que perciben que non se están a establecer medidas que axuden a mellorar as condicións de vida das persoas que, despois de toda unha vida de traballo, perciben pensións cunhas contías que non lles permiten satisfacer as súas necesidades básicas, que non lles permiten, dende logo, levar a cabo unha vida nas condicións que deberían.

Imos votar a favor desta iniciativa que presenta hoxe En Marea porque consideramos que blindar a revalorización segundo o IPC é preciso. Ademais consideramos que non é sufi-

ciente, e presentamos unha emenda na que o que demandamos é que hai que tamén derrogar as reformas laborais e das pensións, fundamentalmente a de 2011 e 2012, e hai que proceder á aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais, que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e que fortalezan a clase traballadora diante do capital, porque hai que revalorizar as pensións. Mais en Galiza, por exemplo, temos as segundas pensións máis baixas do Estado, e segundo o IGE, a datos de xullo deste ano 2008, a metade das pensións en Galiza non chegan aos 677 euros. Segundo datos da Gestha, que son os técnicos de Facenda, o 39,2 % das pensións en Galicia están por debaixo do umbral da pobreza, é dicir, 8.200 euros ao ano; é dicir, 300.000 persoas dos pensionistas en Galiza teñen que arreglarse con 8.200 euros ao ano. Destas, a maior parte son mulleres, por ter unha vida laboral moi inestable, por abandonar a vida laboral para coidar aos fillos, para coidar a maiores, por ter unha vida laboral con contratos a tempo parcial... E entón, revalorizar a pobreza non serve de nada.

Se estamos nun contexto de reformas laborais que levaron a unha situación na que ademais se foron introducindo toda unha serie de elementos, na que ampliaron a idade de xubilación, ampliaron o cómputo a 25 anos, introduciron toda unha serie de reformas, estamos nun mercado laboral de precariedade, o que vai facer é que toda a xente que vén detrás chegue a unha xubilación que vai ser tan mísera que revalorizar esa pensión vai significar ter miseria, co cal, hai que revalorizar a actual pero hai que cambiar as condicións para que as pensións futuras non sexan pensións de miseria.

E todas esas medidas foron especialmente mesquiñas en Galiza. Primeiro, porque temos as pensións máis baixas do Estado. Unha porcentaxe de pensionistas, en relación coa nosa poboación, moito máis alta, o cal inflúe a unha parte máis importante da nosa poboación.

Pensións que son o único ingreso en moitas das nosas familias; é dicir, que as pensións son o único sustento de moitas das nosas familias. E tamén porque se suma a outras medidas especialmente lesivas, que inflúen moito nos nosos pensionistas e que son tremendamente inxustas, como os copagos por medicamentos, polas residencias, pola suba do IVE, pola da auga, pola da luz, pola dos carburantes.

Temos un empobrecemento maior dos nosos pensionistas e das nosas pensionistas. O 60 %, como dicía antes, están por debaixo do limiar da pobreza porque a media das nosas pensións está entre o 15 % e o 20 % por debaixo da media do Estado. O problema é que ademais esa brecha non fai máis que aumentar, co cal, esa medida é necesaria —insistimos— mais non é suficiente. Ademais, afecta dun xeito brutal ás mulleres. Así, 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por debaixo do umbral da pobreza. As medidas que se incrementaron ás mulleres que cobraban complementos a mínimos por non chegar a esa contía mínima, viron reducida a cantidade dese complemento, co cal, esas medidas que se introduciron a elas non chegaron porque se rebaixaron os complementos de mínimos. Co cal, estamos continuamente nese xogo perverso, no que parece que se están mellorando as condicións de vida dos pensionistas cando, en realidade, practicamente son frangullas.

Co cal, consideramos que a iniciativa que presenta En Marea é positiva, ímola votar a favor, pero parécenos que non é suficiente. E non se nos pode dicir que neste contexto non se dan as condicións e que temos que ir...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...pedindo pouquiño a pouquiño. Cremos que chega o momento no que non se pode estar continuamente pedindo case desculpas por demandar melloras para a clase traballadora. É o momento de que a clase traballadora, que aguantou cando se nos pediu que apertáramos o cinto porque había que aguantarse, tamén ten que chegar o momento de que esas medidas cheguen á clase traballadora...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e hai que demandar —remato, presidente— unha mellora do mercado de traballo porque o futuro das pensións depende do número de cotizantes e da calidade dos seus salarios, e as políticas de fomento de emprego digno e de salarios dignos son fundamentais para que as pensións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...do futuro inmediato, do que vén, sexan pensións dignas.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados, e bos días tamén aos invitados pensionistas a este Parlamento galego.

Antes de iniciar a miña intervención propiamente dita... —xa vexo que non está aquí o señor Balseiro, pero, facendo alusión ás verbas que onte dedicou á miña persoa—, queríalle dicir, en primeiro lugar, que eu cando subo a este estrado intento traer os meus datos, pero que en ningún momento, nunca, teño sido irrespectuosa con ningún dos deputados nin das deputadas que hai neste Parlamento galego. (*Aplausos.*) Polo tanto, cando el fala da perda de «rumbo» —e xa sei que vai polo meu apelido—, voulle dicir que do meu apelido me sinto absolutamente orgullosa de nunca perder ese rumbo. (*Aplausos.*)

Tanto el como —creo recordar— tamén a señora Prado del Río dicían que eu, cando saio aquí, minto —ou que onte mentía—, e que non eran 200 os desaparecidos no padrón municipal do Concello de Cercedo-Cotobade. Por certo, tamén falaba de Cercedo-Cotobade, pero

é que eu me sinto máis cerca de Cerceda que de Cerdedo e, polo tanto, pódome trabucar, como calquera persoa das que pode saír aquí.

Mire, as noticias din: *Los 200 desaparecidos de la fusión entre Cerdedo y Cotobade. El concello tuvo que dar de baja a dos centenares de vecinos tras detectar el INE irregularidades en el padrón.* E, se non me equivoco, este que aparece aquí é precisamente o señor Balseiro, ¿verdade que si?

E dígolle máis. Na Comisión 1ª: *La Xunta de Galicia ha alegado que no goza de competencias para pronunciarse o investigar las irregularidades detectadas en el censo de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), cuyo gobierno municipal se vio obligado a dar de baja a 200 personas que figuraban en el padrón sin residir en el ayuntamiento. Así se ha expresado este miércoles la directora xeral de Administración Local Marta Fernández Tapias en la Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.*

Estes son datos, e, polo tanto, que sexa a última vez, porque non lle vou consentir a ningún que me diga que minto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Está aquí, despois... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Cando queira, despois escoito todo o que vostede me teña que dicir.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Señora Rodríguez Rumbo, por favor, vaia á cuestión. *(Murmurios.)* Silencio, ¡silencio todos!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Por último, non me fale de películas, de...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio todos. Silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...Lola, no me des tormento...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio todo o mundo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E recoméndolle...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón, señora Rodríguez Rumbo, desculpe un segundo.

Por favor, silencio. Está unha deputada no uso da palabra, silencio a todos. *(Murmurios.)* A todos, a todos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É normal facer unha brincadeira cando un fai unha intervención e facer... en fin, alusións a outro tipo de asuntos. Vostede leva tres minutos, pídolle que vaia ao asunto.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: De acordo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Escoiten a todo o mundo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Pido absolutamente o mesmo a todos os deputados e as deputadas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A todo o mundo. Si, todos. Todos fan o mesmo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...veñan da bancada que veñan.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Todos fan o mesmo. É normal facelo uns segundos. *(Aplausos.)* Tres minutos, de cinco, creo que son abundantes. Continúe.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Volvo repetir que as pensións públicas para os homes e as mulleres neste país son unha das grandes obras do PSOE e das que máis nos sentimos orgullosos, *(Aplausos.)* das que máis. Ademais, imos apoiar esta iniciativa porque a nosa postura non ten mudado en absoluto da que defendemos, tanto na interpelación como na moción que presentamos nós no primeiro trimestre deste ano, e da que defenderon outros grupos políticos votando a favor do mesmo.

Volvo recordar que o artigo 50 da Constitución é o marco legal no que se establece garantir as pensións axeitadas e periodicamente actualizadas. Volvo repetir que o Pacto de Toledo, creado no ano 1995, foi aprobado pola práctica totalidade dos grupos políticos, e volveu repetir que co voto favorable do Partido Popular. Coa creación deste marco de Toledo buscábase un mecanismo de defensa do sistema da Seguridade Social; que fora un foro de debate e acordo dentro dun contexto de diálogo e consenso; excluír a loita partidista, co fin de garantir a súa eficacia e a súa perdurabilidade, e adecuar permanentemente o sistema de protección á realidade sobre a que actúa. Pero o Partido Popular, cando perde as eleccións, non entende e non recorda o que votou no ano 1995 e para que se creou ese Pacto de Toledo, porque non asume que ten mudado un goberno democraticamente. Polo tanto, agora quen goberna é o señor Pedro Sánchez e non o señor Mariano Rajoy. *(Aplausos.)*

Entre as recomendacións do Pacto de Toledo, que eran 21, soamente vou recordar algunhas: separar e clarificar as fontes de financiamento; manter o poder adquisitivo das pensións; crear o fondo de reserva da Seguridade Social e reforzar o principio de contributividade como elemento básico para a preservación do equilibrio financeiro do sistema. Recomendación que, insisto, votou favorablemente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...o Partido Popular nese momento.

Como xa o tempo me queda pequeno, vou recordar que o Partido Popular sempre prima a rendibilidade económica fronte á rendibilidade social, e concibe as pensións públicas como un gasto, e nunca como un dereito. Vostedes sempre propoñen...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...reducir os gastos para reequilibrar as pensións. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non lle vou recordar a contribución toda do Partido Popular, porque xa se recordou aquí polas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Rodríguez Rumbo, moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...miñas antecesoras, pero hai un real decreto de copago farmacéutico, a eliminación de continuos medicamentos do catálogo da Seguridade Social...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e, por último, a Lei 23/2013.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, xa non está no uso da palabra. (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Moitas grazas. (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*) Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo. Non está vostede no uso da palabra. Señora Rodríguez Rumbo, moitas grazas. (*Aplausos.*)

Ten a palabra, por parte do Grupo Popular, o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos.

O que queda claro é que o Partido Socialista quere falar de calquera cousa, incluso do alcalde imputado de Cerceda, menos falar de pensións. O certo, señora Rodríguez Rumbo, é que vostede hoxe ten un discurso moi distinto ao que tivo nesta mesma tribuna hai catro meses. (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*) Vemos que mudou o discurso.

Para enmarcar o debate sobre as pensións, eu teño que dicir que o Partido Popular está hoxe exactamente no mesmo punto que a última vez que debatemos no Parlamento sobre esta cuestión. ¿E que dicíamos daquela? Dicíamos que traballariamos dun xeito responsable por un sistema sostible no tempo; que a mellor maneira de traballar polas pensións é apostar polo crecemento económico e pola creación de emprego; que un bo complemento ás pensións era reducir a presión fiscal dos pensionistas cuxas retribucións eran menores, e fixémoslo, modificando ese mínimo exento do IRPF de 12.600 a 17.000 euros anuais; e que calquera reforma do sistema tiña que pasar polo Pacto de Toledo. Dixémolo e seguímolo dicindo.

¿Que ocorre co Partido Socialista? Que o Partido Socialista o seu discurso depende. Depende de se está na oposición; depende de se está no goberno; e hoxe vemos ao Partido Socialista cun discurso moi distinto. Falar da política hai catro meses pode parecer hoxe falar da pre-historia, pero eu creo que convén facer memoria do mesmo que dicíamos.

Hai catro meses o Partido Popular dicíalles que aprobasen os orzamentos xerais do Estado; díxenllelo eu aquí dende esta tribuna. Que aprobasen un orzamentos que permitían subir a pensión un 3 % a medio millón de galegos. ¿Que fixeron vostedes? O contrario. Votar en contra deses orzamentos que lle subiron a pensión a medio millón de galegos. Iso queda na memoria do Partido Socialista.

Hai catro meses vostedes negábanse a esa subida porque pedían que a subiramos menos. ¿Recordan?, vostedes pedían menos. Vostedes conformábanse con algo máis do 1 %. Nós revalorizamos un 3 % e vostedes votaron en contra. Hoxe vostedes aplican precisamente eses orzamentos do PP, despois de dicir que eran pouco menos que o peor que lle podía pasar a este país.

Onte o Gran Wyoming —eu fago citas para que logo non se me acuse do mesmo do que se acusa ao presidente do Goberno— dicía que o Goberno de Sánchez era como *Juego de Tronos*, que cando un empezaba a coñecer os nomes dos protagonistas, ¡pam!, se los cargaban, (*Murmurios.*) que é o que nos pode pasar hoxe cando vexamos dimitir á terceira ministra nos últimos tres meses. Eu creo que sería moito mellor que convocasen eleccións. (*Murmurios.*)

Eu teño que dicirles unha cousa aos señores da bancada do Partido Socialista de Galicia. Creo que non é casual que Pedro Sánchez nomeara a un anestesista como delegado do Goberno en Galicia, ¡non é casual! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque, efectivamente, conseguiu o que Pedro Sánchez lle pedía, que era anestesiar a bancada do PSdeG-PSOE. (*Aplausos.*) Eu a verdade é que non sei se é polo ruído das aspas do helicóptero presidencial, pero o certo é que eu vexo o Partido Socialista moi aturdido. Non sei se é que co ruído das aspas do helicóptero non escoitan, ou se é porque non conseguiron nomear dentro dese goberno a ningún representante do PSdeG-PSOE; nin sequera nas pedreas, cando dimiten os ministros, conseguen nomear un ministro galego. Eu creo que hoxe ou mañá teñen a posibilidade de intentalo novamente, e veremos o peso do PSdeG-PSOE no conxunto do país.

Son un PSdeG-PSOE anestesiado, completamente anestesiado. Calaron a boca cando o Goberno de Sánchez tratou de atrasar o AVE a Galicia, e o inefable señor Fernández Leiceaga foi alí sacarse unha foto co ministro Ábalos. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Calaron a boca cando o goberno de Sánchez tratou de sisarnos 198 millóns de euros do IVE, calaron a boca. Calaron a boca cando o goberno de Sánchez puxo en perigo os contratos das corbetas de Arabia Saudí, que son unha ameaza para o futuro naval...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e agora tamén calan a boca, anestesiados, cando o goberno de Sánchez lles di: no me muevan lo del pazo de Meirás.

Son vostedes un PSOE anestesiado, un PSdeG-PSOE anestesiado. (*Aplausos.*) Un partido aturdido, un partido moi aturdido. Voulles facer números. Señora Rodríguez Rumbo, vostede queixábase de que non a deixaba falar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Escóiteme, por favor. Escóiteme para poder razoar. O outro día dicía o señor Gonzalo Caballero que o Partido Popular de Vigo era un partido marxinal porque teñen sete concelleiros nunha corporación de vinte e sete. Eu teño que dicirlles que aquí vostedes teñen catorce nunha corporación de setenta e cinco, que aquí representan o 17 % do voto e nós en Vigo o 20 %. Polo tanto, díganlle a ese profesor de economía que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...20 é máis que 17 e que en Vigo nós somos a segunda forza, (*Aplausos.*) ¡orgullosos!, pero é que vostedes aquí son a terceira.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Sobre as pensións. Mire, o Partido Socialista... (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, se xa falei antes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O Partido Socialista foi o único partido en España que conxelou as pensións, ¡o único partido! Eses cinco millóns de parados que vostedes xeraron provocou... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Tellado. ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...unha quebra para o sistema na redución do número de cotizantes.

Eu quero felicitalos... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!, ¡Silencio, dixen! (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) ¡Silencio, por favor! Hai un deputado no uso da palabra. ¡Silencio! Non están vostedes no uso da palabra. Ou vou ter que empezar a chamar á orde.

Remate, señor Tellado. ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Entendo o nerviosismo, porque lles ía falar de Carlos Solchaga e entendo que non queiran...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Tellado, remate.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Decía o señor Solchaga o outro día: *Los pensionistas no tienen razón, no han pagado ni la mitad de lo que perciben...*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Tellado, moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: *...No se pueden revalorizar las pensiones con el IPC. Pero, ¿a que PSOE lle temos que facer caso?*

Mire, eu quería, señor presidente, rematar facendo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, está vostede xa fóra do tempo.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...unha...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado. Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUERIA: Señora Vázquez Verao..

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

Señor Tellado xa non está vostede no uso da palabra. *(Aplausos.) (Interrupcións.) (Murmurios.)*
¡Silencio, por favor!

Ao rematar o asunto damos a palabra a quen a solicite.

Ten a palabra a señora Vázquez Verao.

Moitas grazas.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, é que ten valor o Partido Popular de acusar a outro grupo de falar de todo menos do tema, e vostede precisamente, señor Tellado, que ten o récord nese sentido. E iso que hoxe lle faltou algún dos hits seus.

Dixo vostede que estamos no mesmo punto que no debate da primavera pasada. Pois o seu punto naquel debate era votar en contra das propostas da oposición para revalorizar as pensións conforme ao IPC. En Marea ten presentado neste Parlamento, non podó falar agora mesmo... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor! ¡Silencio todos! ¡Silencio!

A señora VÁZQUEZ VERAO: Se o PP está no mesmo punto, naquel momento votou, por exemplo, en contra dunha proposta de lei de En Marea que pedía precisamente recuperar a

revalorización das pensións conforme ao IPC. Se están nese mesmo punto, comprendo que vaia votar en contra desta iniciativa. O que non comprendo é que faga esta burla ás pensionistas do noso país non adicándolles nin sequera o último minuto a elas. Si, adicoullo fóra de tempo, pero non conta. *(Aplausos.)*

En canto ás emendas, non aceptamos a emenda do PSOE. Agradecemos o seu apoio a esta proposición non de lei, pero non a aceptamos porque entendemos que esta cámara debe pronunciarse explicitamente a favor da revalorización das pensións conforme ao IPC, e non ten por que agardar a que haxa ou non un acordo no Pacto de Toledo. Non excluimos buscar unha posibilidade de transacción, de feito temos acadado aquí acordos en relación tamén co Pacto de Toledo no que tiña que ver tamén con eliminar a excesiva penalización das persoas con longas carreiras de cotizacións. Con todo, agradecemos ese voto a favor.

E logo tamén aceptamos a proposta do BNG porque, efectivamente, a baixa contía das pensións galegas depende fundamentalmente deses baixos salarios, desa precariedade laboral, que é un mal endémico no noso país, e, por suposto, nós defendemos a derogación das contrarreformas do mercado laboral que tanto sufrimento trouxo á clase traballadora. E tamén, ese fundamental aumento do salario mínimo interprofesional ata os 1.000 euros, que terá —este si— un efecto directo no aumento da recadación por cotizacións. O problema do sistema de pensións non é de gasto, é de ingresos, de como se reduciron nun 30 % os ingresos por cotizacións, por iso cómpre un novo marco que mellore a calidade do noso emprego.

Así pois, agradecemos o apoio dos grupos da oposición, e advírtolles, señores do Partido Popular, que as pensionistas mobilizadas fixeron unha advertencia e fan unha advertencia: non votaran a quen bloquee a actualización das pensións conforme ao IPC real, conforme á suba real dos prezos. Vostedes verán. Converteron isto nun debate de bipartidismo, e o bipartidismo rematou, señor Tellado. O solo electoral do PP váiselles afundir debaixo dos pés. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pedía a palabra o señor Leiceaga. ¿Para que quere o uso da palabra?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Para solicitarlle ao señor Tellado que elimine as referencias a unha institución que non está no debate. Eu creo que a referencia que fixo do Goberno non só é inxusta, senón, ademais, difícil de xeneralizar. ¿Que diríamos do caso do señor Fernández de Mesa, por exemplo? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

Eu creo que non foi, en todo caso, ofensiva, ou eu non a entendín como ofensiva. A quen lle toca interpretar, por sorte ou por desgraza, é ao que está na Presidencia, e eu non a entendín como ofensiva. Polo tanto, supoño que se é ao contrario, se retira.

Non, non fai falla que... Non, non.

Proseguimos coa seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta iniciativa presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 36056).

Emenda de modificación.

O punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

<< 1. A que, logo de que o Goberno de España levantase as súas reservas, realice as xestións oportunas co obxecto de acadar no menor prazo posible a transferencia á Comunidade Autónoma da AP-9, de acordo coa lei aprobada por unanimidade na Cámara galega, ao tempo que faga as actuacións necesarias tendentes á minoración das súas peaxes para a cidadanía, incluíndo neste sentido aquelas propostas de modificación das cláusulas actualmente en vigor ca concesionaria.>>)

(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz, e por iniciativa do deputado Alberto Pazos Couñago, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 36056).

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. Que non repercuta as futuras obras que se realicen na AP-9 en suba de peaxes, senón que cumpra o compromiso adquirido polo anterior Ministerio de Fomento coa Xunta de Galicia de pagar estas actuacións con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.

2. A realización dunha auditoría global sobre a calidade do servizo que se está a prestar aos usuarios da AP-9.

3. A apertura de dilixencias informativas á empresa concesionaria cando se produzan situacións reiteradas de atascos na AP-9 e, de ser o caso, a imposición do correspondente sanción.

4. A aplicación de medidas compensatorias aos usuarios cando se produzan situacións excepcionais que non garantan a prestación dun servizo de calidade, incluíndo a posibilidade de levantar barreiras cando sexa oportuno.

5. Que manteña a Comisión conxunta creada entre Xunta e Ministerio en febreiro do ano pasado como marco estable no que abordar os asuntos relativos á AP-9. Esta comisión reunirase, como veu facendo ata o de agora, cunha periodicidade mínima semestral.

6. Que se manteñan todos os compromisos xa acadados con anterioridade entre Xunta de Galicia e Goberno do Estado no marco da Comisión mixta entre Xunta e Ministerio de seguimento da xestión da AP-9.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 36056).

Emenda de adición.

Débense engadir os seguintes puntos ao final da parte resolutiva:

«5. A exixir ao Goberno español a deixar sen efecto o acordo con AUDASA de subida de tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e os dous seguintes.

6. Que no prazo de tres meses elabore un estudo da viabilidade do rescate da AP-9 para o público, contemplando o seu custe económico, o seu impacto tarifario para o público e as alternativas para o seu financiamento.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

Nós imos falar da AP-9 e vémonos na obriga de traer, unha vez máis, unha proposición non de lei porque segue o espolio, seguen os abusos, segue a compracencia do Goberno central — isto non cambia— e segue tamén a complicidade da Xunta de Galiza. E volveremos traer aquí a AP-9 as veces que faga falta ata que consigamos o obxectivo dunha autoestrada galega e libre das abusivas peaxes.

Non incluímos na proposta de acordo a transferencia porque, primeiro, é obxecto doutro debate e xa foi aprobada aquí reiteradamente a petición, a través dunha proposición de lei, da transferencia Galiza da autoestrada e tamén do rescate, por certo, na primeira versión.

Non traemos aquí o debate da transferencia, pero si queremos denunciar a caradura do Partido Popular, que vetou sistematicamente, desde o Goberno central e desde a Mesa do Congreso, a admisión a trámite das leis aprobadas polo Parlamento galego ata en tres ocasións; boicoteou no Parlamento do Estado todos os intentos de conseguir a transferencia, e agora, para rizar o rizo, ten a indecencia de propoñer que se tramite a través da Comisión Mixta de Transferencia entre o Estado e a Xunta. E preguntámonos nós, ¿que estiveron facendo ata agora?, ¿por que non fixeron isto xa en todos estes anos? (*Aplausos.*) ¿Ocorrúeselle agora, foi unha idea agora que cambiou o Goberno do Estado?

¡Non teñen vergoña! Vostedes, que en dez anos non conseguiron nin unha soa transferencia, veñen agora dar leccións de como facer as cousas. ¡Manda carallo na Habana! Non sei se isto atenta contra o decoro, pero é unha expresión popular.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non é moi axeitada.

O señor BARÁ TORRES: Pois, ¡manda truco na Habana!, se prefire o presidente.

Tampouco é obxecto deste debate a operación especulativa de venda da AP-9 a fondos de investimentos estranxeiros, que, como vemos estes días, queren apropiarse do lucrativo negocio de sablear a miles de galegos e galegas facendo caixa todos os días de 380.000 euros, operación que agora está suspendida polo xulgado temporalmente pero que se vai consumir en datas próximas. E vaise consumir coa pasividade e a complicidade da Xunta, que non di nada, aínda que está en xogo tamén aquí a participación galega a través de Abanca nesa concesión.

Desde logo, o que demostra tamén ese debate sobre a venda especulativa son as cifras que se manexan para a venda da AP-9 e o valor que, segundo a concesionaria, ten esa concesión.

A proposta que traemos aquí hoxe ten que ver co anuncio que fixo o Ministerio de Fomento —un anuncio oficioso— de aplicar neste ano dúas novas subas das peaxes, derivadas dos convenios asinados cos gobernos do Partido Socialista e do Partido Popular en 2011 e 2013. Por certo, queremos lembrarllas a imposibilidade legal de aplicar a suba do 1 % neste ano porque a cláusula sexta do convenio de 2011 di claramente que se ten que aplicar no ano seguinte. Nós queremos que non se aplique nin este ano nin o seguinte, pero, desde logo, este ano non se pode facer.

Queremos ir máis alá neste debate sobre a suba das peaxes, e queremos denunciar os convenios asinados e exixir a súa revisión, por conter condicións claramente abusivas e que favorecen descaradamente os intereses da concesionaria. Isto pódese facer e xa o fixo o Goberno do Partido Popular co convenio de 2006, no que fala nun informe do Ministerio de Fomento dun enriquecemento inxusto da concesionaria. Pódese facer a revisión dos convenios.

E a este efecto tamén queremos interpelar o Partido Socialista sobre unha cuestión concreta que defenderon reiteradamente nesta Cámara, que é se van seguir proponendo que o Estado se faga cargo do incremento das peaxes, porque ata agora en todos os debates que tivemos sobre esta cuestión o PSOE dixo que se tiña que facer o Estado cargo do incremento das peaxes. Se van defender esta postura diante do Goberno central, por exemplo, para que se aplique xa no caso da peaxe entre Redondela e Vigo. E se van seguir defendendo tamén a recuperación dos 2.000 millóns de euros que se deixaron de investir nos últimos gobernos do Partido Popular e que son claramente unha débeda con Galiza que esta pendente de saldar.

Xa sabemos que o Goberno central está dándose présa para anunciar investimentos en Valencia ou para saldar a débeda con Cataluña. Onte anunciouse unha cifra de 1.456 millóns de investimentos en Cataluña, a ver se tamén se aplican para esa débeda que hai no caso de Galiza.

A nosa proposta, de todas maneiras, vai máis alá da cuestión da revisión dos convenios. Propoñemos tamén unha auditoría global sobre as deficiencias que presenta o servizo que presta a concesionaria e sobre as obras de ampliación da ponte de Rande; obras da ponte de Rande sobre as que hai moitas dúbidas a respecto do seu custo real, que está baixo sospeita, e nós neste sentido falamos dun pelotazo nas obras de ampliación de Rande. Obras, por certo, que a estas alturas aínda non están rematadas. Non están rematadas as da ponte de Rande e non están rematadas tampouco no que ten que ver cos novos carrís da ampliación, e que sofre —sabémolo ben— a veciñanza, por exemplo, de Chapela ou de Trasmañó, que teñen aínda promesas incumpridas a respecto de melloras derivadas destas obras. E non están rematadas tampouco porque vemos todos os días, cando pasamos pola ponte de Rande, como as pasarelas de evacuación dos carrís laterais están ocupadas con maquinaria que impide a súa utilización, por exemplo, no caso dun accidente, o cal supón un grave risco para as persoas que utilizan estes carrís exteriores. Disto falaremos mañá na Comisión 2ª, pero tamén queríamos deixalo hoxe aquí claro.

Por certo, respecto de todas estas obras pendentes, hai convocada unha manifestación o próximo sábado por parte das asociacións veciñais de Chapela e de Teis, que reclaman que o Ministerio de Fomento cumpra os compromisos a respecto destas obras e tamén das pantallas antirruído, ou da transformación en vía urbana do último tramo da autoestrada no acceso a Vigo, que foron iniciativas e propostas aprobadas por unanimidade neste Parlamento e que están sen cumprir, e isto temos que achacar ao Goberno do Partido Socialista, pero sobre todo ao Goberno do Partido Popular, que estivo gobernando no último ano e que non cumpriu estes acordos.

Tamén demandamos —cosa que aínda nunca se fixo—, un expediente informativo e sancionador á concesionaria polas reiteradas retencións e atascos. Non se fixo gobernando o Partido Popular ao longo de todos estes anos, que actuou desde a Xunta de Galicia con absoluta compracencia e permisividade. Non se aprobou algo tan básico como uns protocolos que establezan como actuar en caso de atascos e retencións, mediante medidas como o levantamento das barreiras.

Queremos denunciar aquí, unha vez máis, que non hai dereito a que un atasco se converta nun atraco, que é o que está pasando na autoestrada; é dicir que as persoas usuarias, ademais de sufrir retencións de horas, teñen que pagar a peaxe igual que se a autoestrada funcionase con normalidade.

E, por último, solicitamos tamén nesta proposta o estudo de formas de compensación pola non axeitada prestación do servizo durante as obras de Rande, coa redución dos carrís, por exemplo, nos días en que houbo atascos. O que propoñemos é algo tan sinxelo como que se aplique unha dedución no cómputo da compensación que ten que pagar o Estado derivada deses convenios aos que fixen referencia, que tiñan que ver coa gratuidade do Morrazo e a viaxe de volta entre Pontevedra en Vigo. Se non se presta o servizo en condicións normais, o lóxico é que o Estado non pague esas compensacións. Non entendemos como isto non se fixo xa. Propoñemos que se aprobe, polo tanto, este acordo.

En conclusión, acabamos de saber, como sabemos todos estes anos, que Audasa ingresa máis de 140 millóns de euros ao ano, dos que arredor de 44 millóns de euros son beneficios des-

pois de impostos. A AP-9 é unha auténtica máquina de facer cartos; é un negocio multimillonario, un negocio moi apetitoso para eses fondos de investimento voitre internacionais que están pelexando agora por facerse co control de Itinere, e xa é hora de cambiar o guión. Xa é hora de que os gobernos de Galiza e do Estado se poñan do lado da xente, das persoas usuarias da autoestrada, do lado de Galiza. Xa é hora de deixar de premiar a Audasa, xa é hora de penalizala, de exixir a prestación dun servizo en condicións e de rematar cos abusos, primeiro paso para acabar coa estafa e co espolio da AP-9. Porque a autoestrada non era unha navallada, jera un auténtico atraco a man armada! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, no Pleno deste Parlamento do 10 de xullo deste mesmo ano, é dicir, hai dous meses e medio, aprobamos por unanimidade unha proposición de lei orgánica que lle recordo que no punto 1, sobre o traspaso de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, apartado d), di literalmente: «as modificacións que afecten ao réxime económico-financieiro da concesión, en particular no que atinxe ao establecemento, atención e supresión de tarifas e peaxes, así como a aplicación dos programas de desconto, etc., son competencia da Comunidade Autónoma.»

E no artigo 2, sobre o traspaso de servizos, establécese unha comisión mixta de transferencias Estado-Xunta de Galicia, como se fai con todas as transferencias en calquera ámbito.

Polo tanto, parece razoable que, se hai dous meses e medio fomos quen de chegar a un acordo unánime, nos manteñamos dentro dese acordo no que se refire a todo o relativo á AP-9.

No texto que vostedes propoñen, no apartado 1, que este Grupo Parlamentario emendou, din vostedes a revisión e anulación dos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa do 2011-2013, por establecer cláusulas abusivas e claramente favorables aos intereses da concesionaria.

Se me permite, e sen ánimo ningún de corrixir a ninguén, se se pide a anulación, ¿para que pedimos a revisión? Pidamos directamente a anulación. Non ten sentido revisar cando o que queremos facer é anular. Polo tanto, hai que pedir a anulación directamente. Non ten sentido perder o tempo e dicir que imos revisar para rematar anulando esa concesión.

Polo tanto, este grupo parlamentario propúxolles, como vostede sabe, unha emenda que entendemos que, respectando o texto e o espírito do acordo acadado unanimemente —como xa dixen— hai dous meses e medio neste Parlamento, di que «logo de que o Goberno de España levantase as súas reservas —e niso estou de acordo con vostede, as reservas eran todas do Partido Popular, primeiro, porque tiña compromisos parlamentarios, e despois porque resulta que a AP-9 debía de chegar ata cerca de Lisboa porque era unha vía internacional;

era unha cousa realmente pintoresca a argumentación que se facía despois, porque comprometía os orzamentos, etc.—, que se realicen as xestións oportunas co obxecto de acadar, no menor prazo posible, a transferencia á Comunidade Autónoma da AP-9, de acordo coa lei aprobada por unanimidade neste Parlamento, e ao tempo que faga as actuacións necesarias tendentes á minoración das súas peaxes para a cidadanía, incluíndo, neste sentido, aquelas propostas de modificación das cláusulas actualmente en vigor coa concesionaria.

Polo tanto, entendemos que esta proposta de modificación do primeiro punto da súa proposición non de lei atense estritamente ao que temos que facer co procedemento. Eu, francamente, creo que un Parlamento non debe instar a ningún Goberno a facer algo, en principio, contrario á normativa. Non se poden anular dun plumazo unhas concesións, hai un procedemento establecido. E o pintoresco tamén é que vostedes saben perfectamente que hai un procedemento para rescatar, retrotraer, anular, deixar sen efecto, empreguen o termo que queiran, unha concesión pública, e, polo tanto, ese é o procedemento que se debe de seguir, non que o Parlamento inste a un Goberno a anular unha concesión e, polo tanto, cometer un acto claramente... ou, cando menos, con moitos visos de ser fraudulento.

En canto ao resto da súa proposición non de lei, podémola asumir perfectamente. Habería un matiz, con respecto á redacción do que poñen no punto 3, que vai na mesma liña argumentativa que no punto 1, porque din vostedes: a apertura de expedientes informativos e sancionadores. Case seguro que Audasa merece sancións por todo o que vostede acaba de relatar, que, efectivamente, é o que ocorre case sempre, sobre todo no verán, un fin de semana si e outro tamén. Pero dos expedientes informativos, si, sancionadores, e como consecuencia do expediente informativo, que parece que é así, dedúcese que a concesionaria non está actuando correctamente.

Francamente, boto de menos algo na súa proposición non de lei pero decidimos non engadirlo, máis que nada porque é unha consideración sociopolítica, e é que en realidade deberían dirixirse ao Partido Popular de Galicia para que intensifique, da maneira que estime procedente, a súa persuasión sobre o Grupo Parlamentario do Partido Popular no Congreso dos Deputados e vote a favor da aprobación desta proposición de lei tal e como a aprobou este Parlamento hai dous meses e medio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Esta mañá deu un recital o Partido Popular cando falou de falta de memoria da oposición. En cuestións de memoria estaría ben traer aquí aquel grande exemplo de memoria do señor Feijóo, cando dixo: «*Solo sé que había nieve.*» Non sabía se estivera nos Picos de Europa ou en Andorra. ¡Ese si que é un bo exemplo de memoria!

Tamén dixo o señor Tellado, nesa forma de non afrontar honestamente os debates, que é facer ruído e desviar a atención cara as culpas do Partido Socialista ou doutros grupos no

pasado, sobre todo do Partido Socialista. Nesta intervención vai volver pasar porque ninguén quere falar do fundamental dentro do Partido Popular, e o fundamental —quero recordar— é que hai unha infraestrutura que atravesa Galicia de arriba abaixo, que non ten competencia posible, que se lle deu en concesión dende un Goberno que debería defender o interese xeral, que lle produce a esta empresa, participada por fondos buitre, por bancos e por grandes empresarios, 1 de cada 2 euros de beneficio; 1 de cada 3 despois de impostos.

Só ese feito fala de para quen traballaron os gobernos que tomaron estas decisións ao levarnos a esta realidade. Isto é corrupción e da grave, da profunda, igual que a corrupción da privatización de Endesa, igual que a corrupción das eléctricas etc. Isto é corrupción e grave, porque isto é un feito. Porque ese discurso cando o señor Aznar privatizou a AP-9, despois de ser rescatada con diñeiro público, pode ser que sexa para unha mellor xestión da autoestrada.

O mesmo que era director xeral cando era pública, seguiu sendo director xeral ata o ano 2017. Polo tanto, os xestores non cambiaron. E ese señor era amigo de Mariano Rajoy, amigo do Casino de Pontevedra de Mariano Rajoy. Nese consello de administración estivo sentado tamén o señor Bárcenas, e iso nos explica moitas das cousas polas que temos que soportar galegos e galegas, todos os días, un atraco a man armada por parte dos representantes das institucións que deberían defender o interese xeral. A partir de aí podemos discutir os detalles.

Tamén dixo o señor Tellado que calou a boca o Partido Socialista, e o Partido Socialista ten parte de responsabilidade na consolidación dos privilexios de Audasa. Si, ten parte de responsabilidade, pero a fundamental é do Partido Popular, e aí o Partido Popular de Galicia e o señor Feijóo calaron sistematicamente.

O señor Feijóo xa era alguén no ano 2000, cando o señor Aznar prorrogou de 2023 a 2048 a concesión, nunha prórroga duns anexos dun decreto sobre aquel desastre da ponte das Pías nas escuridades, falla de transparencia total. Calou o señor Feijóo cando se privatizou no 2004 por parte do señor Cascos e do señor Aznar. Calou o señor Feijóo co Decreto 104/2013, de actualización de tarifas, que é parte do responsable da suba das tarifas proposta. Por certo, proposta xa polo Goberno Popular antes de que chegase o Goberno Socialista. Calou tamén co veto infame do Partido Popular, do Goberno Popular en Madrid, á tramitación da lei aprobada unanimemente aquí, no Parlamento galego. Vostedes non son capaces de defender o mesmo aquí, no Parlamento galego, que en Madrid. Rinse dos galegos e das galegas. Aquí votaron a favor da transferencia e alí o señor Rajoy vetou antidemocraticamente, como demostrou o propio Tribunal Constitucional, a tramitación dunha lei só porque poñía en perigo o negocio da empresa.

Fóra dos detalles, tamén queremos dicir —queda un minuto— que vostedes tamén calaron con esta suba de peaxes do 3,8 % anunciada a finais de 2017. Calaron completamente como Goberno galego e como Grupo Parlamentario. E esta suba da que vostedes lle botarán a culpa ao Partido Socialista ten dous responsables: o Partido Socialista e o Partido Popular. Unha parte do convenio de 2011 para sufragar as obras de Rande, unha vergonza, unhas obras que van beneficiar e van posibilitar máis negocio da empresa e que imos ter que pagar todos os usuarias desa autoestrada, pero despois hai dúas partes que corresponden a decisións do Partido Popular, que son as que se pide aquí que se revisen e nós apoiamos que se revisen.

Pero, fóra deses detalles, hai dúas cuestións fundamentais e aquí todos os grupos se deberían de comprometer: Unha é apoiar a transferencia da AP-9 a Galicia. En Marea vaino facer aquí e alí, en Madrid; o Partido Popular e o Partido Socialista veremos. O Partido Popular ata o de agora puxo obstáculos. E outra é traballar polo rescate para o público da autoestrada. ¿Por que nin sequera se nega en ningunha emenda que presentamos facer un estudo da viabilidade do rescate...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...estudando o custo económico —xa remato— para comparar coa situación actual?

Nós cremos que cunha concesión ata o 2048, cuns beneficios de 1 cada 2 euros e con estas condicións, dá marxe para pensar por que non rescatalo ao público. Moito máis cando en 2020...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...vencen os préstamos por montante de 400 millóns, vai haber que refinar a débeda e, se soben os intereses, van ter dereito a subir aínda máis as peaxes. Polo tanto, ¿por que sistematicamente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...se negan a estudar este rescate? Xa non digo apostar polo rescate, senón estudar para comparar esta situación coa posibilidade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...de rescatar para o público e xestionar directamente esta autoestrada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, señor presidente.

Señorías, en atención ao decoro vou intentar nin anestésialos nin chamarlles caraduras, porque parece que son termos equiparables. Como tamén vou intentar obviar a querencia natural que parece amosar o señor Bará pola Habana, que iso si que ¡manda carallo! Pero, en fin. Vamos entrar á cuestión central.

Vou empezar por analizar brevemente a iniciativa presentada polo BNG, que nos propón basicamente tres cousas: unha auditoría do servizo —entendemos que a realizar polo Estado—;

unha apertura de expedientes informativos e sancionadores —se procede— por incumprimentos; e incumprir unha serie de compromisos, unha serie de contactos, basicamente non asumir a subida do 1 % anual acordada polo Ministerio de Fomento e dirixida polo señor Pepe Blanco; e eliminar a bonificación do 50 % establecida para os usuarios no traxecto Vigo-Pontevedra. Porque hai que contalo todo, vostedes queren eliminar esa bonificación.

Nós a isto presentámoslle unha emenda que consideramos coherente. Non temos problemas en que o Estado faga unha auditoría, sempre que a faga o Estado. Nós matizamos que a aplicación de medidas compensatorias nos parece ben, sempre que se produzan incumprimentos graves. E nós non podemos apoiar que se incumpran compromisos de Estado. Asumimos os que o señor Zapatero asinou con Audasa, ¿verdade?, e exiximos tamén os que o señor Rajoy asinou con Galicia a través dunha comisión mixta. E eses son: a non repercusión en peaxes de obras futuras, o acordo de eliminación da peaxe de Redondela —da que non sabemos nada dende que chegaron os socialistas ao Goberno—, e as obras de compensación en Chapela, Rande e Teis, porque teñen unha tramitación previa que se complementou polo informe do Consello de Estado do 27 de maio. Por iso, señor Bará, non a puidemos aprobar, porque tres días despois houbo unha moción de censura. Dende o 27 de maio está pendente de aprobación no Consejo de Ministros, nada sabemos ao respecto.

Quero falar tamén brevemente das emendas presentadas polos outros grupos. En Marea súmase a isto de incumprir contratos, a eles o dos contratos non lles gusta, salvo que sexan subscritos cos abaixo asinantes, que a eses os defenden a capa e espada. E pídennos tamén elaborar un estudo de viabilidade do rescate. Nós entendemos que, se queren deixar sen efecto a suba de peaxes entre 2018 e 2020, terán que explicar como pretenden compensar esas obras realizadas. E o estudo —repítolle—, sempre que o faga o Estado, nós non temos inconveniente.

A máis interesante é a emenda socialista. É unha emenda que me permito bautizar como a emenda ¿onde vas? Mazás traio. (Risos.) Mire, propoñen vostedes que xestionen a transferencia da AP-9, ¡como se alguén cuestionara isto! Nin o BNG nin ningún grupo cuestionou esta cuestión, estamos todos de acordo. Soa un pouco a aquilo de *excusatio non petita*, pero nós entendemos que, sempre que as condicións sexan favorables —as condicións da transferencia—, estaremos todos a favor. Por iso pedimos que se negocie nunha comisión mixta, porque queremos falar de cales son as condicións.

Despois fálanos, señor Álvarez, de minorar as peaxes. ¿Onde quedou a afouteza socialista? Porque a parte máis importante das emendas é as que non se presentaron. Emendas non presentadas que anteriormente si apoiou o PSOE: asunción con cargo ao orzamento da ampliación da capacidade da AP-, evitando a súa anual acumulativa de peaxes do 1 % durante vinte anos. Pleno do 10 de maio de 2017 —ningunha palabra hoxe diso—. Eliminación da peaxe de Redondela con cargo aos orzamentos do Estado. Pleno do 20 de marzo de 2018 —nin unha soa palabra diso—. ¿Por que? Porque o PSOE está a facer realidade a expresión «un xiro de 360 graos». Mire, con Zapatero a suba do 1 % durante vinte anos. ¿Con Rajoy?, que eliminen a suba e que se asuma co orzamento. ¿Con Sánchez?, onde dixen digo, digo Diego. Isto en calquera lugar do mundo sería un exercicio de cinismo, en España non. En España xa o coñecemos como o pesoísmo. ¿E que é o pesoísmo? Pois a sublimación do cinismo político, se-

ñorías. E o paso do: mexan por nós e hai que dicir que chove, a mexan por nós e vostedes din que hai sol. É unha cousa intolerable. É esta cousa de ser membro, e incluso ministra, do Goberno máis feminista do mundo pero preferir os tribunais de homes porque son máis fiables. É esta cousa de defender publicamente os dereitos dos homosexuais pero chamarlles mari-cóns en conversas privadas, tomando copas con pseudomafiosos que te chaman Lola, iso si, ¡sen coñecerte de nada! ¡É unha cousa asombrosa! *(Aplausos.)* Pesoísmo é que o problema... *(Aplausos.)* ¡Claro, señorías, é que hai que contalo! *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* Non, home, non, pero non se enfaden.

Pesoísmo é que o problema dunha tese non sexan as miles de palabras copiadas, senón que se olvidaron de poñer dúas comiñas. *(Murmurios.)* ¡Iso é pesoísmo! Pesoísmo é declarar Nadal en setembro para non falar dos accidentes de agosto. Pesoísmo é o alarde que se fixo hoxe falando de pensións, e pesoísmo é o que acaban de facer vostedes aquí, por certo, ¡con dúas comiñas!

Eu sinceramente llelo digo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato xa.

Nós temos memoria, o pobo galego ten memoria, os choqueiros teñen memoria, e nós o que imos seguir facendo é cumprir a nosa palabra, porque para nós segue sendo máis importante cumprir a palabra que poñer comiñas.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da iniciativa, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: O señor Pazos acaba de facer aquí un brillante exercicio dese dito popular que di que mira a palla no ollo alleo e non ve a viga no propio. *(Aplausos.)* Porque, claro, vostedes esquecen que foi o Partido Popular quen privatizou a autoestrada; quen a vendeu a prezo de saldo; quen incumpriu sistematicamente —porque vostedes estiveron gobernando todos estes anos— todos os acordos do Parlamento galego; quen vetou sistematicamente no Parlamento do Estado a transferencia da lei. Así que non veña aquí dar leccións de nada, porque foron vostedes os que vetaron e boicotearon esa transferencia. E agora sáense coa brillante idea de tramitala pola vía rápida a través da comisión mixta. ¿Por que non o fixeron vostedes, se era tan fácil? *(Murmurios.)* ¡Ah!, si. ¡Si o fixeron!

Acordos deste Parlamento: instalación de pantallas antirruído de xaneiro de 2017. ¿Por que non o fixeron? Agora bótanlle as culpas ao PSOE. ¿Por que non o fixeron? Tiveron un ano e medio para facelo, e xa o puideron facer antes. Transformación en vía urbana da AP-9; tampouco. Mellora da calidade de vida e minimización do impacto das infraestruturas na parroquia de Chapela; tampouco. Supresión do privilexio franquista da bonificación do 95 %; tampouco.

Eu supoño que vostede, como dixo aquí que lle parecía ben apoiar as propostas que presentou o BNG, por exemplo o da auditoría, estudando unha fórmula de compensación; ou abrir expedientes informativos e, de ser o caso, sancionadores, non terá ningún problema en apoiar estas medidas.

Nós tampouco temos ningún problema, por exemplo, en admitir como emenda de engádega a súa primeira emenda, a número 1. As 2, 3 e 4 xa están incluídas na proposta que presentou o BNG. Tampouco temos ningún problema, desde logo, en incluír como engádegas as emendas que presentou En Marea. E aínda que xa lle dixen na miña intervención que aquí non iamos discutir sobre a transferencia porque isto xa está aprobado e requeteaprobado neste Parlamento e agora tócalle mover ficha ao Goberno do Estado sobre todo, e tamén ao Parlamento do Estado, e confiamos en que se faga con axilidade, tampouco temos ningún problema en aceptar a emenda como unha emenda de engádega do Grupo Socialista; como emenda de engádega.

E os convenios hai que revisalos e anulalos naquelas cláusulas que establezan —como dicimos nós— condicións abusivas e que benefician descaradamente a concesionaria. Ese é o sentido do primeiro punto da proposta que presenta o BNG. Polo tanto, aceptamos estas emendas ás que fixen referencia, e esperamos o voto favorable dos demais grupos que presentaron estas emendas.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia destinadas a elaborar un proxecto integral de coidado e atención das augas do encoro da Baxe e do río Umia, así como a convocatoria urxente de representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Confederación Hidrográfica Galicia-Costa, de Augas de Galicia, dos representantes dos concellos da conca do río Umia e do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 36148).

Emenda de adición.

Engadir un novo punto co seguinte texto:

«- Proceder a desmantelar o encoro da Baxe sobre o río Umia, en Caldas de Reis e a rescatar a concesión hidroeléctrica efectuada a unha empresa privada.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. 36148).

Emenda nº 1 de adición.

Débase engadir, ao final do punto 1, o seguinte texto:

«...que inclúa o estudo da inutilización ou derrube do encoro.»

Emenda nº 2 de adición.

Débase engadir un novo punto ao final da parte resolutiva:

«6. Que informe do desenvolvemento do Plan Umia anunciado polo Goberno galego no ano 2011, desglosando tanto as actuacións levadas a cabo como os resultados das medidas levadas a cabo.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a iniciativa ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente. Bo día.

Bo día ao alcalde de Caldas de Reis e aos compañeiros de Caldas de Reis. E estou vendo aquí tamén as compañeiras de Salceda de Caselas, que tamén son coñecidas.

Eu ía empezar a miña intervención falando, pero vou empezar ensinando esta fotografía. Este é o río Umia, e como aquí se falou de memoria, vou citar a Federico García Lorca porque esta foto dá para iso: «Verde que te quiero verde. / Verde viento. Verdes ramas. / El barco sobre la mar / y el caballo en la montaña».

Está moi ben que vostedes veñan aquí falar de memoria, pero esquécense de que se abstiveron nunha cuestión fundamental para os cidadáns que é a memoria histórica, cando se abstiveron de votar a favor de sacar a Franco do Valle dos Caídos. E tamén se abstiveron de aplicar a Lei de memoria histórica e de que Federico García Lorca siga estando tirado nunha cuneta, (Aplausos.) pese a ser un dos máis grandes poetas españoles. (Aplausos.) ¡Esa é a súa memoria! (Murmurios.) ¡Cada un ten a súa! (Aplausos.) Nós temos a nosa e témola moi moi clara. Vostedes tamén, ¡non a agochen!

O Goberno aprobaba o 25 de xaneiro deste ano un decreto de creación do Observatorio dos ríos de Galicia. Está encadrado na área da Consellería de Medio Ambiente, e vese que as persoas seleccionadas nese observatorio non observan demasiado. Dende o día 7 de xullo nin unha soa noticia do observatorio nos concellos afectados polo estado do río, polo estado do encoro, e que utilizan ben de maneira directa ou ben de forma indirecta as súas augas.

Segundo este decreto, o Pleno do Observatorio pódese reunir en sesión extraordinaria cando así o acorde a Presidencia. ¿Quen ostenta a presidencia dese observatorio? Pois a conselleira de Medio Ambiente. ¿E onde está a conselleira de Medio Ambiente? —como aquilo que se dicía de ¿onde está Wally?— Pois adicada dende hai meses a outra cousa, absorbida polo seu traballo noutra cousa, e nin sequera tivo tempo de chamar por teléfono a ningún dos alcaldes e alcaldesa dos concellos que están afectados por esta situación verde do río Umia e do encoro: Caldas de Reis, Cuntis, Moraña, Barro, Portas, Vilagarcía de Arousa, Vilanova, Ribadumia e Cambados. Algúns, por certo, gobernados polo Partido Popular. Nin unha soa noticia da conselleira.

A creación deste observatorio, se non fose un chiringuito máis, podería ter sido un avance, porque serve como órgano de asesoramento, de consulta, de apoio e de avaliación da calidade ambiental non só do Umia, senón de todos os outros ríos da conca Galicia-Costa. Lamentablemente, non aporta nada, pero non só para o Umia, para nada, para ningún río, porque esta é a imaxe.

A conselleira de Medio Ambiente estase adicando máis á súa candidatura á Alcaldía da Coruña, e agardemos que os coruñeses e as coruñesas teñan algo máis de sorte no cumprimento das promesas electorais. Hai que ir ao incumprimento de promesas electorais sobre o río Umia, ¡son históricos os incumprimentos! O primeiro, que o encoro existe dende o ano 2001, e o que era conselleiro daquela macroconsellería, a COTOP —hoxe falecido, o señor Cuíña—, prometera unha zona recreativa con piscina. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Fíxoo o señor Cuíña. Podemos citar o señor Cuíña para dicir o que prometía, pero é que fixo o señor Cuíña o encoro, era conselleiro da COTOP. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso é indiscutible. Non é ter memoria, é indiscutible. Hai que ir ao DOG. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora VILÁN LORENZO: Eu só estou dicindo que era o señor Cuíña, presidente. Non estou cualificando absolutamente nada. Era conselleiro da COTOP e chamábase de apelido Cuíña, e foi el o que fixo o encoro. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor. (*Murmurios.*) Silencio.

A señora VILÁN LORENZO: Creo que non é ofensivo. (*Murmurios.*) Se é ofensivo, que o valore o presidente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora VILÁN LORENZO: ...e non esas dúas persoas que están aí, que si parecen Epi e Blas, e me están replicando todo o rato. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Eu pídolles que garden silencio e escoiten a quen está no uso da palabra, a todos, a todos. Todos, todos, todos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: Está é unha fotografía do proxecto do señor Cuíña, que prometía unha zona recreativa con piscina, unha praia fluvial, merendeiros, pistas deportivas, un centro de pescadores, un embarcadero e ata un parque infantil. Mandaron un vídeo a cada casa de Caldas prometendo esas cousas. ¿Que hai? Nada.

En novembro de 2010, no BOE anunciábase a licitación e adxudicación dun proxecto de mantemento e conservación das marxes do encoro nos concellos de Cuntis, Moraña e Caldas de Reis. Firmaba alguén que está vivo, é Paco Menéndez, Francisco Menéndez, que hoxe é o responsable da Axencia Galega de Infraestruturas. Espero poder dicir responsable e Paco Menéndez ou Francisco Menéndez. Tamén está a facer moi ben o seu labor, porque só fai falta ver canto se está a facer co Plan MOVE para darnos conta de que, efectivamente, o seu traballo é inxente, o mesmo que no coidado do río Umia.

En marzo de 2011, outro macroconselleiro que está vivo, o señor Agustín Hernández, e que é un home moi preocupado pola limpeza dos ríos de Galicia, convocaba unha xuntanza... (*Aplausos.*) ...con alcaldes e unha das alcaldesas dos concellos, e co que era naquel momento presidente da Deputación de Pontevedra, para falar do Plan integral de actuación para o río Umia, cun orzamento de máis de 22 millóns de euros, ata o ano 2015, e estamos en 2018. ¿Que se fixo? Nada. E a proba —como dirían os meus compañeiros de ciencias, a demostración empírica— de que non se fixo nada é esta fotografía.

O río está en alerta por cianobacterias, que son algas tóxicas, potencialmente perigosas para a saúde das persoas. Está tinguido de verde desde o mes de xullo, só fai falta ir alí para velo. Pero é que todos os veráns ocorre o mesmo. O encoro está igual.

O río afecta a moitos concellos, a moitas persoas. Durante máis de 10 quilómetros, esas persoa xa non se poden bañar no río Umia. Estamos a falar de concellos do interior: non hai praia, hai piscinas pero non hai praia. Historicamente a xente íase bañar ao río, agora xa non pode.

O Concello de Caldas, ademais, ten que asumir entre 30.000 e 40.000 euros a maiores, un sobrecusto, para garantir que a auga que beben os seus veciños sexa de calidade; un concello que ten menos de 10.000 habitantes. Todos os anos hai que pagar unha analítica cada semana, máis reactivos, máis enerxía. E vostedes, que recibiron máis de 4 millóns de euros da hidroeléctrica entre 2002 e 2008, non aportan absolutamente nada para esas analíticas. Esa é a súa preocupación polo Umia e a calidade das augas. Ademais dun par de reunións co xefe territorial en Pontevedra, que tamén debe de ser un experto en encoros e en cianobacterias, e responsables de sanidade, para dicir: a calidade das augas é perfecta. Pois si, xa o sabían os responsables dos concellos porque fan as analíticas, e en concreto o de Caldas págaas do seu bolsillo, do bolsillo de todos os seus cidadáns, grazas ao esforzo do Concello.

Unha nota de prensa... Eu digo sempre que non creo nas confluencias interplanetarias, pero cada día creo máis desde que estou aquí dentro. Onte saía unha nota de prensa nos medios: Augas de Galicia acomete a limpeza de zonas de dominio público xunto ao encoro da Baxe. E onte pola tarde foron convocados o alcalde de Caldas para reunirse co representante de Augas de Galicia —¡casualidades da vida!—. Primeiro dixo que a actual Xunta non ten nin-

gunha responsabilidade e que o culpable de todo é —non Zapatero— o Bipartito, ¡como non! Pero logo dixoxe que ían enviar uns técnicos e facer un estudo —sobre a paleta de cores, porque doutra cousa é ben difícil— sobre o río.

A nosa proposición de lei é moi sinxela. Os seus compañeiros en Caldas de Reis xa votaron unha moción que pide practicamente o mesmo que pedimos aquí. Son cinco puntos. É simplemente que informen, que se reúnan cos representantes dos concellos, que se elabore —antes de que remate este ano para que non ocorra o mesmo o ano que vén— un proxecto integral de coidado e atención do encoro e do río, e que se limpe a canle do río e o fondo do encoro.

Non pedimos moito máis. Voten a favor. Fagan o mesmo que fixeron os seus compañeiros e as súas compañeiras no Concello de Caldas hai escasamente quince días.

Nada máis. Logo falarei das emendas. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: O BNG vai apoiar esta iniciativa porque, como dixoxe a portavoz do Partido Socialista, recolle os acordos xa adoptados polo Concello, pero, claro, deixou sen dicir algunha cousa importante, que é que o acordo do concello fala doutras cuestións transcendentais, é dicir, que non se queda só na superficie, senón que vai ao fondo do problema. Polo tanto, nós presentamos unha emenda que vai máis alá e que fala de algo que tamén aparece recollido na moción aprobada polo Concello, que é a valoración da inutilización definitiva do encoro da Baxe e a recuperación da concesión hidroeléctrica por motivos de saúde pública. Entón, supoño que non terá problema o Grupo Socialista en apoiar a emenda do BNG, que foi apoiada tamén polo Partido Socialista en Caldas.

Está claro que temos un gravísimo problema para a saúde pública e para o ambiente derivado da construción do encoro de Caldas. Isto non o nega ninguén e mesmo os portavoces do Partido Popular tamén o dixeron publicamente, polo menos os portavoces do Partido Popular en Caldas.

É un grave problema para o contorno do encoro, para a comarca de Caldas e para a comarca do Salnés, na que viven 150.000 persoas que se converten en 300.000 na época de verán. E tamén é un risco potencial para a ría de Arousa, que sabemos que é a ría máis produtiva de Galiza.

E hai que facer un pouco de historia, claro, porque estamos falando dun encoro que foi unha imposición da Xunta de Galiza do Partido Popular contra a vontade maioritaria da poboación, da sociedade, dos concellos directamente afectados, aínda que tamén hai que dicir que despois algúns alcaldes se subiron á lancha pneumática do señor Cuíña e deron un paseo polo encoro cando estaba construído.

Este encoro non só non resolveu ningún dos grandes e graves problemas que pretendía arranxar, senón que creou outros —e moito máis graves— que teñen que ver coa alteración do río, coa contaminación, co risco para o medio, sobre todo co risco para a poboación, como vimos recentemente, coa prohibición do baño e, sobre todo, co que ten que ver co abastecemento de auga á poboación, tanto no caso de Caldas como tamén nos concellos do Salnés que se abastecen de captacións no río e que non teñen os sistemas de potabilización con carbono que ten, por exemplo, o abastecemento de Caldas. E non é que o diga o BNG, é que a Organización Mundial da Saúde alertou sobre os riscos potenciais para a saúde da microcistina. Mesmo en doses moi pequenas pode provocar danos no sistema hepático, problemas no aparello dixestivo, efectos neurolóxicos. E tamén hai probas de que a microcistina pode ser indutora ou desencadeante de tumores e que presenta efectos acumulativos no organismo; díxo a Organización Mundial da Saúde. Polo tanto, é un tema para despertar a alarma social, a preocupación, e para tomar medidas efectivas que non poden ser simplemente estudos, teñen que ser medidas efectivas e eficaces.

E o que temos ante esta situación de alarma social é unha absoluta falta de información e de control por parte da Xunta de Galiza e de Augas de Galiza. Decretan a prohibición do baño o 30 de agosto en Caldas, cando a alerta foi declarada o 6 de xullo, e curiosamente faise esta prohibición do baño, ou a orde de prohibición do baño, inmediatamente despois de que hai unha denuncia pública por parte do BNG.

A historia deste encoro o que demostra é que é un exemplo escandaloso de dispendio de fondos públicos tanto na construción como tamén no famoso Plan Umia, anunciado a bombo y platillo no ano 2011, cun custo de máis de 22 millóns de euros... Por certo, un anuncio que fixo un ex-conselleiro chamado Agustín Hernández, o gran protector e defensor dos ríos galegos. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non está presente pero seguro que vostedes llelo poden contar. Non hai problema. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Se nos poñemos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

Continúe, señor Bará. (*Murmurios.*)

Silencio, silencio...

O señor BARÁ TORRES: Comprendo, señora Paula Prado, señor Tellado, que lles guste que citemos aquí ao señor Agustín Hernández, que tanto ben fai el e tanto defende os ríos galegos, especialmente o río Sar. (*Murmurios.*)

O encoro de Caldas responde exclusivamente ao interese económico, ao interese da explotación hidroeléctrica para beneficio, para lucro, dunha empresa privada. Para o BNG, e de aí a nosa emenda, a solución pasa pola desaparición do encoro, pola devolución do río ao seu

estado anterior, para recuperar o Umia como un río limpo, un río con vida, con biodiversidade, e non un río que é unha ameaza, un río tóxico, un río morto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...que é o que temos agora.

Isto tense que facer, desde logo, con todas as garantías, con estudos técnicos previos, e por iso a emenda, na que propoñemos a desaparición do encoro da Baxe e o rescate da concesión hidroeléctrica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Antón Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días outra vez.

O señor Agustín Hernández está presente porque está nos nosos corazóns. Nós, dende En Marea, desexámoslle que siga moitos anos tal cal está no Concello de Santiago, será unha boa noticia para nós. Polo tanto, sempre está presente o señor Agustín Hernández. (*Murmurios.*)

Ademais sempre está presente porque, evidentemente, as decisións ou as non decisións que se toman teñen consecuencias, e vostedes teñen que asumir as responsabilidades políticas que trae tomar certas decisións. As decisións da construción e da actuación posterior na que incorreu o señor Agustín Hernández son as responsables de que hoxe haxa un problema ambiental e de salubridade grave no río Umia. É dicir, coa decisión da construción do encoro da Baxe, tomada mal e coa oposición social da comarca, da zona, forte oposición. Demostrouse, ademais, que os argumentos de tal oposición eran certos, pois foi unha decisión que colocou no río Umia unha máquina de producir contaminación. Eu tamén digo que nese estudo que nós apoiaremos que se faga, para tomar as solucións eficaces que non se tomaron ata o de agora, hai unha cousa que si que resolve o problema, e é que a auga corra, que se elimine o encoro. Iso ninguén pode negar que solucionaría o problema da microcistina, da eutrofización, porque, se a auga corre, non hai ese problema, iso prodúcese nas augas estancadas.

É evidente que o señor Agustín Hernández tamén dicía que era porque había moitos aportes de nitróxeno e fósforo da actividade gandeira, etc. ¡Claro!, e como hai eses aportes, o señor Agustín Hernández o que fai é colocar un obstáculo para embalsar a auga e para despois botar ao río a auga contaminada que dificulta, evidentemente, o tratamento para a depuración das augas. Pero claro, o tratamento da depuración das augas non o paga a Xunta de Galicia, non o paga o Partido Popular, págano cada un dos concellos que teñen que tomar a auga dun río máis contaminado que antes por este problema da microcistina.

Polo tanto, mala decisión a construción, e despois as decisións que se dixeron que se tomaban para combater este problema foron un absoluto fracaso, como vemos hoxe en día, pois o problema segue.

Ese anunciado Plan Umia, por un montante de 22 millóns de euros, ¿onde vai a execución? ¿Como podemos saber nós que se executou dese Plan Umia? Sabemos que a auga segue verde, pero non sabemos canto se gastou nese famoso Plan Umia.

¿Que pasa con ese tratamento con codia de eucalipto? ¿Que resultados está dando? ¿Por que non se explica transparentemente iso? ¿E por que non se recoñece o fracaso e se fala de solucións definitivas? Nós apoiaremos esta iniciativa do Partido Socialista, aínda que cremos que, evidentemente, o encoro non resolveu o problema adecuadamente, o problema de abastecemento, non resolveu a regulación das enchentes por si mesmo, e para o único que serviu —iso si que é certo— é para que unha empresa amiga teña unha concesión hidroeléctrica e faga negocio ben remunerado. Para iso si que serviu, o outro non se fixo ben.

Polo tanto, asuman as responsabilidades, señores e señoras do Partido Popular. Como se dixo aquí, fáganlle caso incluso a quen ten que sufrir alí, porque alí sófreno os do PP, os do PSOE, os do Bloque e os de En Marea. E os que o sofren alí e teñen que dar a cara diante dos veciños, sexan do Partido Popular ou sexan doutro partido, reclaman solucións. Os representantes do Partido Popular alí tamén reclaman solucións. É evidente que ninguén pode negar este gran problema.

Polo tanto, nós nas nosas emendas engadimos —por engadir— que se teña en conta a posible solución da inutilización do encoro dentro das variables que se poidan estudar, e tamén que se dea información pola execución das medidas anunciadas polo conselleiro, a través dese Plan Umia, no 2011. Cremos que non só é de xustiza que saibamos en que se gastaron os cartos, que medidas se executaron, senón que é fundamental para facer un balance da eficacia desas medidas, ou das que non se tomaron, para poder tomar as medidas que dean unha solución definitiva.

É fundamental. Por agora non se fixo, pero nós cremos que debe aprobarse esta proposición non de lei do Grupo Socialista para que se deite luz sobre o tema e, dunha vez por todas, se colla o touro polos cornos deste tema tan grave, ocasionado por decisións irresponsables do Partido Popular, por un conselleiro que se chamaba Cuíña.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Bos días. Grazas, presidente.

Señorías.

Eu tentarei referirme aos meus compañeiros, aínda que me interrompan, co respecto que se merecen, e non facer alusións a personaxes de ficción para intentar faltarlles ao respecto ou humillalos. Eu entendo que cando un ten que recorrer a eses mecanismos ou a ese tipo de referencias... Nós sufrímolos, eu lembro na Coruña cando se referían aos membros da oposición —entre eles tamén estaban os do Partido Socialista— e aos membros da prensa como ser foran orcos, simplemente porque non compartían o que dicía o Goberno municipal, que non é máis que outra forma de amosar un gran desprezo ás normas democráticas e non ser capaces de aceptar as críticas que lles fai o contrario. (*Aplausos.*) Ademais creo que facer unha referencia a Epi e Blas como se fora algo negativo, precisamente nestes momentos que sabemos que Epi e Blas saíron do armario e que quizais están máis felices que nunca porque poden compartir con todos os seus amigos esa vida en común que teñen dende hai décadas, penso que tampouco é correcto que fagamos nestes momentos unha referencia a eles como se fosen uns personaxes negativos. (*Aplausos.*)

Sobre a memoria, do que falaba o señor Tellado, eu non estou completamente de acordo co que el di. Eu penso que vostedes non é que estean anestesiados, votedes están xa en fase REM, o único que os distingue é...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): E do Umia tamén podemos falar, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...que teñen leves movementos dos ollos, porque vostedes tiñan unha actividade frenética reivindicativa hai uns meses, e agora, francamente, hai que totalos aí cun pauciño para ver se están vivos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Á cuestión, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Pasou a outra vida esa actividade reivindicativa.

Señor Agustín Hernández, señor Sánchez, non sei se está ou non está no seu corazón, non sei nin sequera se estará neste parlamento, o que si sei é que o señor Noriega quere estar aquí. Non sei se no seu sitio ou nese escano que está agora mesmo baleiro. (*Aplausos.*)

Indo ao tema, agradézolle á señora Vilán a referencia que fixo á candidata do Partido Popular, que lle pediu que cumpra o programa electoral que imos levar para estas eleccións. Vostede dá por feito que a señora Mato vai ser alcaldesa, por iso ten a gran responsabilidade de cumprir o proxecto. Eu doulle a razón, doulle a razón, vai ser alcaldesa e vai cumprir o programa electoral. (*Aplausos.*)

Señorías, sobre o embalse de Caldas quero destacar a total colaboración da Xunta de Galicia cos concellos afectados pola proliferación de cianobacterias do embalse da Baxe. Onte mesmo houbo unha reunión en Pontevedra do director de Augas de Galicia co gabinete de crise creado no Concello de Caldas pola proliferación destas bacterias. Nese encontro aportouse toda a información dispoñible sobre a situación, a interpretación e os criterios dos técnicos que están a traballar na zona, co obxectivo de resolver todas as dúbidas plantexadas.

Tamén se escoitaron as observacións e demandas do Concello de Caldas —aproveito aquí para saudar o seu alcalde— con respecto a esta situación, pero quizais o máis importante da reunión é que o director de Augas de Galicia reiterou que, a pesar da presenza de algas e da coloración das augas, o encoro da Baxe está libre de toxina, e garantiu que a auga é apta para o consumo. Os últimos datos dos que se dispoñen amosan que a situación do encoro mantense estable, sen poder considerala alarmante; é dicir, non se detectan toxinas neste encoro, polo que a auga é apta para o consumo.

Ademais, é preciso lembrar que as potabilizadoras dos núcleos de poboación, situadas máis abaixo da presa, son capaces de eliminar tanto as cianobacterias como a toxina no caso de que se chegaran a dar. O importante é non alarmar a poboación como se está facendo dende a oposición, sobre todo, tendo en conta que o protocolo de seguimento para estes casos establece uns controis moi rigorosos, que son unha clara e evidente garantía de seguridade na calidade da auga para o consumo. Non hai un problema de saúde pública nin para o consumo de auga nin para o baño. Non hai toxinas, e así o demostran as análises que se fan cada semana no embalse da Baxe.

E quero lembrarlles, señorías, que contamos cun protocolo de actuación establecido dende o 2007, actualizado e mellorado no 2012; un protocolo que establece a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Sanidade no seguimento e na información aos concellos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, xa para rematar, e referíndome en concreto ás propostas que vostede fai, a maior parte das medidas que pide na súa proposición non de lei xa se están a facer. Augas de Galicia xa realiza tarefas de conservación e mantemento do dominio público hidráulico no encoro da Baxe no río Umia; as últimas realizáronse nesta mesma semana. Ademais estanse mantendo xuntanzas desde distintos organismos con responsabilidade na materia para favorecer a coordinación e colaboración entre administracións, co obxecto de reducir a problemática derivada da proliferación de cianobacterias no embalse da Baxe.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: E en relación —e xa para rematar, e isto vai en serio— co Observatorio dos ríos, este reunirse antes de que remate o ano, e, obviamente, como se trata dun organismo que asesorará sobre o estado ambiental e que colaborará na elaboración de informes e estudos e na proposta de medidas sobre os ríos galegos, a situación do río Umia e do embalse será tamén unha das cuestións que se vai tratar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra, por parte do grupo autor da proposición non de lei, a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu téñolle moito respecto persoalmente a Epi e Blas, pero discutían, falaban e molestaban, mais ou menos o que vostedes están a facer, pero como lles teño moito respecto, cambiamos a Epi e Blas por... non sei, Travolta e Olivia Newton-John, ou o dúo Pimpinela, e quedamos exactamente igual.

Estamos tan pouco en fase REM que a única iniciativa que vén sobre o encoro a este pleno é a do Grupo Parlamentario Socialista. ¡Ogallá todos estivésemos en fase REM así, incluída a propia conselleira, que xa se ve como lle interesa o río Umia e o encoro, que nin sequera é capaz de escoitar unha intervención, ademais de estar a molestar. Estaría ben que se sentase e que atendese, incluso ao alcalde de Caldas. *(Aplausos.) (Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: Conselleira, este é o estado do río Umia, este. Vostede non sabe como está porque non foi nunca por alí. Poderíalle preguntar ao señor Román Rodríguez, que acudiu a un festival de música, e el si que puido ver en primeira persoa cal era a cor do río. Vostede non está nin para os festivais en Caldas de Reis.

A auga é apta para o consumo, di o señor deputado do Partido Popular. Efectivamente, porque o Concello de Caldas de Reis ten que gastar entre 30.000 e 40.000 euros cada verán para que a auga sexa apta para o consumo, se non, non o sería, as analíticas non darían ben.

Estaría ben que vostedes non obviasen parte das peticións que se fan nesta iniciativa. É verdade que hai reunións dende onte, dende que trouxemos esta iniciativa a este pleno, porque antes non houbo ningunha reunión, nin coa Consellería de Medio Ambiente, nin con Augas de Galicia nin co xefe territorial.

Benvida, conselleira, ao seu asento e a esta proposición non de lei.

Por outro lado, pedimos, ademais desas xuntanzas, un proxecto integral de coidado e atención do encoro, conselleira, e pedimos tamén a limpeza da canle do río e do vaso do encoro. Iso obviouno o deputado do Partido Popular, seica esas dúas cousas que se piden a vostedes non lles interesan, só falan das xuntanzas, que foron onte e antonte e por petición dos concellos, non por propia iniciativa do Goberno, senón por petición dos concellos, e só falan do observatorio, que de momento non está facendo moi ben o seu traballo, incluída a súa presidenta, que está aquí presente.

Conselleira, ¿recorda vostede unha vía verde que se proxectara nos concellos de Vilagarcía, Portas e Caldas entre a deputación, o seu departamento e os concellos? A vía verde non é esta, vostede decidiu que non ían intervir. Isto é verde pero non é unha vía; isto é auga, conselleira.

Antes de irse ao Concello da Coruña, quizais vostede...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor. E diga o posicionamento das emendas.

A señora VILÁN LORENZO: Si, vou rematando. Vou dicir algo sobre as emendas.

Antes de irse ao banco da oposición, exactamente igual que lle pasou a Dositeo Rodríguez, a Agustín Hernández, a Elena Muñoz e a todos eses conselleiros que saen de aquí ao mundo municipal e que pasan aos bancos da oposición, estaría ben que vostede vaia ver o río Umia e que vote agora a favor da nosa proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Vilán, remate.

A señora VILÁN LORENZO: Sobre a emenda do BNG non a imos aceptar, porque é certo que se pediu como coletilla na moción, pero esta proposición non de lei indica outras cuestións diferentes ademais das enchentes, que agora non existen e antes si.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿E a de En Marea?

A señora VILÁN LORENZO: E sobre a de En Marea aceptamos como engádega o punto número 6 que vén na emenda do Grupo Parlamentario de En Marea. Voten a favor, coa mesma valentía que o fixeron os seus concelleiros e concelleiras no Concello de Caldas de Reis.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Pasamos agora ás votacións...

(A señora Prado del Río pide a palabra.)

¿Para que quere vostede o uso da palabra, señora Prado?

A señora PRADO DEL RÍO: Con base no artigo 76.1.

Señor presidente, o Grupo Socialista antes pediu a palabra pedindo que non se mencionara a persoas que non estaban aquí, como era o caso do delegado do Goberno, porque un compañeiro noso aludiu á súa profesión, dixo que era anestesista. Nós o que pedimos e o que lamentamos é que o Partido Socialista, agora sen argumentos, insulte e compare estes deputados con Epi e Blas, con Pimpinela e con John Travolta e Olivia Newton-John.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non se preocupe.

A señora PRADO DEL RÍO: Lamentamos que a señora Vilán sexa tan vulgar como a ministra de Xustiza e siga a súa estela. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Prado.

Eu non interpretei esas alusións como un insulto, por iso non dixen nada. De todos os xeitos, agradecería a todos os deputados, dun lado e máis do outro, que intentasen evitar determinadas alusións. Sería moito mellor para o debate e máis integrador para todos.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos ás votacións, se lles parece.

Votamos en primeiro lugar a iniciativa 4.1 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Martín Fernández Prado e seis deputados máis.

Teño apuntado que non se aceptaron as emendas. Polo tanto, votamos a iniciativa.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das xestións oportunas diante do Ministerio de Fomento, no marco do contrato adjudicado por Renfe a Talgo, para dotar Galicia de trens AVRIL para prestar o servizo na liña Madrid-Ourense-A Coruña e Vigo, co fin de mellorar os tempos de conexión coa Meseta.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 52; abstencións, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta iniciativa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Votación da proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de don David Rodríguez Estévez e don Antón Sánchez García.

¿Solicítase a votación por puntos? Si. ¿Cantos puntos ten a iniciativa? ¿Votamos todo xunto? Dígame. Déanlle voz ao escano do señor Fernández, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: No caso da iniciativa de En Marea pedimos votación en dous grupos. Por un lado, o punto 1; e por outro lado, os puntos 2 e 3.

No caso da iniciativa do BNG, tamén en dous grupos. Por un lado, os puntos 1, 4 e 5

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): No caso da do BNG... bueno, xa a pide para a seguinte, aínda que non a votamos agora.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Claro, porque votamos agora tamén. ¡Ah, non! Perdón.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Imos votar primeiro esta e despois falamos.

Procedemos á votación da iniciativa 4.2. En primeiro lugar, o punto número 1.

Votamos.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa aplicación das melloras das condicións laborais na empresa pública Seaga.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, decae este punto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora á votación dos puntos 2 e 3 desta iniciativa.

Votamos.

Votación dos puntos 2 e 3 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa aplicación das melloras das condicións laborais na empresa pública Seaga.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora á votación da iniciativa 4.7, que se debateu conxuntamente coa anterior, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de José Luís Rivas Cruz e cinco deputados máis.

Pídese tamén a votación por puntos por parte do señor Fernández. ¿Os autores da iniciativa están de acordo en votar por puntos?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Fernández, repita, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Serían os puntos 1, 4 e 5 nunha votación. E noutra votación o 2 e o 3. Nun grupo o 1, 4 e 5; e no outro grupo, os puntos 2 e 3.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos entón a votar, en primeiro lugar, os puntos 1, 4 e 5 da iniciativa 4.7.

Votamos.

Votación dos puntos 1, 4 e 5 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a

cabo o Goberno galego en relación coa experiencia, as condicións laborais e as tarefas do persoal da empresa pública Seaga.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora a votar o resto dos puntos, os puntos 2 e 3 desta iniciativa.

Votamos.

Votación dos puntos 2 e 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa experiencia, as condicións laborais e as tarefas do persoal da empresa pública Seaga.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora á votación da iniciativa 4.3, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións da Xunta de Galicia para que durante a X lexislatura volva asumir integramente o custo dos desprazamentos programados (non urxentes) das persoas en situación de dependencia, discapacidade ou con problemas de mobilidade, garantindo a universalidade e gratuidade deste servizo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta iniciativa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á votación da seguinte iniciativa, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis.

As emendas non foron aceptadas, polo tanto, votamos.

(O señor Losada Álvarez pide a palabra.)

¿Para que quere vostede a palabra? Déanlle voz ao escano do señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Con base no artigo 94.1, para explicación de voto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pero aínda non votamos, despois da votación.

Votamos en primeiro lugar. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado respecto da Orde do Ministerio para a Transición Ecolóxica que establece suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 45; abstencións, 27.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Dígame vostede, señor Losada, ¿para que quería o uso da palabra?

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Con base no artigo 94.1, para explicación de voto, porque na miña intervención manifestei que iamos apoiar a iniciativa, pero estamos tan anestesiados que nós pediamos cambiar a lei, e lamentablemente o Partido Popular, por algunha razón que entendo que ten que ver coas compañías eléctricas, non quere cambiar a lei no Goberno de España. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Losada.

Pasamos á votación da seguinte iniciativa, do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de José Manuel Lago Peñas e dous deputados/as máis.

Teño entendido que se aceptaba a emenda do Bloque Nacionalista Galego e non se aceptaba a do Grupo Parlamentario Socialista. Era así, ¿non? Votamos así.

¿Cales son os puntos que se poden votar, ou como quere votalos?

Déanlle voz ao escano da señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Votaríamos, en primeiro lugar, a proposta da nosa PNL, que sería o punto 1. E despois votaríamos como punto 2 a emenda do BNG.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vale.

Pois creo que está aclarado. Votamos, en primeiro lugar, a iniciativa tal como foi presentada como punto número 1 da resultante.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e dous deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Votamos en segundo lugar o punto número 2, que sería a emenda que presentara o Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. José Manuel Lago Peñas e dous deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno Galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 52.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o segundo punto desta iniciativa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á votación da seguinte iniciativa, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis.

Teño apuntado que se aceptaban todas as emendas como engádega.

O señor BARÁ TORRES: Si, coa xenerosidade que caracteriza a este grupo parlamentario, (Risos.) imos aceptar varias das emendas. Entón, explico cales se van engadir, e despois tamén a votación por puntos.

Nos catro primeiros quedaría a proposta orixinal do BNG, menos no cuarto, que se suprimiría «o tráfico que utiliza os novos carrís exteriores». O quinto sería a emenda do PSOE, o 6 e o

7 serían as emendas presentadas por En Marea. Os puntos 8 e 9 serían as emendas 1 e 6 do Partido Popular.

Votaríanse por separado —está falado xa cos portavoces, se non entendín mal— o punto 1º, que é o punto 1 da iniciativa do BNG, e o punto 6, que é a primeira emenda de En Marea.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿Poden ir xuntos o 1 e o 6? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por separado: 1, 6, e o resto dos puntos.

O señor BARÁ TORRES: Non sei se queren que se vote algún outro punto por separado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A xenerosidade ten estas cousas. (*Risos.*)

Dígame, ¿como queda finalmente a votación?

O señor BARÁ TORRES: Votaríanse por separado o punto 1, o punto 6 —que é a primeira emenda de En Marea—, e as emendas 1 e 6 do Partido Popular, que son os puntos 8 e 9 da proposta de transacción.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Entón, a ver se entendín eu.

O punto 1, despois o 6, despois o resto dos puntos, e tamén separados o 8 e o 9, que corresponderían á emenda do Partido Popular.

O señor BARÁ TORRES: Si, exactamente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Agradeceríalle que nos pasara o texto definitivo do que imos votar.

Entón, a ver se non nos equivocamos. Votamos entón o punto número 1 desta iniciativa.

Votamos.

Votación do punto número 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto número 1 desta iniciativa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora á votación do punto número 6 desta iniciativa.

Votación do punto número 6 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto número 6 desta iniciativa.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora os puntos número 8 e 9 desta iniciativa.*

Votamos.

Votación dos puntos 8 e 9 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 45; abstencións, 27.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os puntos 8 e 9 desta iniciativa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): *Agora votamos o resto dos puntos desta iniciativa excepto o 1, 6, 8 e 9.*

Votación dos restantes puntos, excepto o 1, 6, 8 e 9, da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os restantes puntos desta iniciativa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): *Pasamos á votación da iniciativa 4.8, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Patricia Vilán Lorenzo.*

Entendín que a emenda do Bloque non se acepta e que se acepta a emenda de En Marea como unha engádegas, como punto número 6. ¿Era así, señora Vilán?

A señora VILÁN LORENZO: Non se acepta a do BNG e da de En Marea acéptase a parte dúas da súa emenda, que é un número seis de engádegas. A propia emenda —a ver se a atopo, aquí está— di: emenda número un, de adición; emenda número dous, de adición. Na de En Marea. É a número dous de adición, que é un punto número seis para a PNL.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moi ben. Entón votamos a iniciativa con esa emenda de adición incluída. É dicir, votamos a iniciativa completa.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia destinadas a elaborar un proxecto integral de coidado e atención das augas do encoro da Baxe e do río Umia, así como a convocatoria urxente de representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Confederación Hidrográfica Galicia-Costa, de Augas de Galicia, dos representantes dos concellos da conca do río Umia e do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Modificación da orde do día

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Rematada a votación, abran as portas.

Pasamos ao seguinte punto, que son as interpelacións, pero antes teño que comunicarlles que a pregunta oral que figura como 7.5 na orde do día foi aprazada por petición dos seus autores. Pasamos, por tanto, ás interpelacións.

Interpelación de D. José Manuel Lago Peñas e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as políticas do Goberno galego para afrontar a situación económica e social de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular esta interpelación ten a palabra o señor Lago Peñas —espere un segundo, señor Lago—. ¡Por favor! Imos escoitar a persoa que está no uso da palabra.

O señor LAGO PEÑAS: Bos días, señor conselleiro.

A vantaxe que teñen as interpelacións é que, polo menos, un sabe que hai unha persoa que o está atendendo na Cámara, e iso sempre produce certa satisfacción. Eu propóñolle un debate serio. Eu vou facer o que poida por que este sexa un debate real, en serio. Vou intentar, incluso, non citar nin unha soa vez as siglas do seu partido.

Ben, os datos non se deben negar nin cando son positivos nin cando son negativos. A partir do último trimestre do ano 2013 a economía galega volveu crecer. Levounos cinco anos, pero saímos da recesión. Fase alcista do ciclo económico que, loxicamente, se traslada a un incremento do emprego. E hoxe hai oitenta e catro mil persoas máis con traballo en Galicia que no momento máis duro da recesión, certo. Pero igual de certo é que no ano 2018 temos menos emprego e de peor calidade que no ano 2008. Porque o balance desta década perdida para o emprego e o benestar é demoledor. Cinco anos de crecemento, si, pero faltan cento vinte e seis mil empregos para volver onde estabamos antes de empezar a caer no pozo da gran recesión. Conselleiro, recuperamos un de cada tres dos postos de traballo perdidos e a este ritmo necesitaríamos esperar ata o ano 2025 para estar onde estabamos no ano 2008.

Outra consideración que compartirá, señor conselleiro: a Xunta de Galicia non foi a culpable de que entráramos en recesión, pero tampouco é a responsable de que saíramos da recesión. O ciclo económico —como ben sabe un antigo profesor— nunha economía globalizada vai moito máis alá da capacidade que ten un goberno autonómico, mesmo o Goberno dun Estado na Unión Europea.

Do que si son responsables os gobernos é de como se distribúen os custos da crise e os beneficios da recuperación, porque esa é a acción da política. E aquí, o balance no noso país é moi negativo. A clase traballadora, a maioría social, pagou o maior prezo na crise e agora apenas se beneficia do aumento da riqueza. Un dato cuantifica dunha forma indubidable este profundo desequilibrio: o PIB de Galicia xa é tres mil millóns de euros superior ao que había no ano 2008, pero os salarios, a masa salarial do noso país está aínda mil douscentos cincuenta millóns de euros por baixo da que tiña a clase traballadora antes da recesión. A mesma riqueza, pero peor repartida. Porque iso é o que provocou a política neoliberal, unha redistribución inxusta da renda en contra da maioría social. Sábeo vostede, conselleiro: no ano 2008 os salarios eran o corenta e sete por cento do PIB; agora, o 42,7 %, catro puntos menos de PIB. Isto son dous mil seiscentos millóns de euros que saíron dos petos das traballadoras e dos traballadores e que están nos grandes bolsóns dos empresarios.

¿Por que cae a participación dos salarios no PIB? Porque hai menos emprego, porque é máis precario e porque hai peores salarios. A precariedade salarial é unha característica estrutural do noso país; un dato demostra de forma indubidable: o corenta e sete por cento das persoas que están afiliadas en Galicia ao réxime xeral da Seguridade Social traballa cun contrato indefinido a tempo completo. E, polo tanto, o cincuenta e tres por cento traballa ou ben cun contrato temporal ou ben cun contrato a tempo parcial. Para que se entenda ben: máis da metade da clase traballadora galega está en situación de precariedade.

A crise e, sobre todo, a política neoliberal imposta son as responsables de que volvan existir, señor conselleiro, traballadores e traballadoras pobres; persoas que, a pesar de ter traballo, non poden vivir de forma independente. Esa é unha triste figura que pensabamos que quedara atrás, na longa noite de pedra do franquismo, pero que volve ser unha vergoñenta realidade do noso país. Segundo os datos de Facenda do IRPF, en Galicia hai trescentas doce mil persoas que traballaron como asalariadas no ano 2016 e que ingresaron menos de seiscentos cincuenta e cinco euros brutos mensuais, unha cifra tan baixa que coloca as persoas que a cobran por debaixo do limiar da pobreza. É duro dicilo, é duro aceptalo, pero esa é a

realidade laboral do noso país. Porque cos datos oficiais do IRPF sabemos que unha de cada tres persoas asalariadas do noso país está en pobreza laboral. É certo que a maioría destas persoas —é o que me dirá— traballa unhas horas ao día, uns días á semana, uns meses ao ano. Pero iso é precisamente, exactamente, a precariedade laboral: traballar con baixos salarios, a tempo parcial e con contratos de moi curta duración. E iso provoca situacións de pobreza absoluta e relativa. Pobreza absoluta dos traballadores para as 186.106 persoas que ingresaron menos da metade do salario mínimo interprofesional do ano 2016, que —recórdolle— eran seiscentos cincuenta e cinco euros ao mes. Pero pobreza relativa tamén para as 456.289 persoas que ingresaron menos de novecentos euros. Eses son o corenta e cinco por cento de todos os asalariados e asalariadas do noso país.

Pobreza e desigualdade, porque as políticas da dereita agrandaron as diferenzas ata niveis descoñecidos. Voulle dar un dato que non é moi utilizado. O un por cento dos declarantes do IRPF gañan máis, sumados, que o trinta e un por cento. Expresado en cifras absolutas: en Galicia hai trece mil persoas que gañan máis, sumadas as súas rendas, que trescentas doce mil persoas. ¿E sabe por que? Porque a elite tamén se aproveita da crise, a elite do país cobra sesenta e cinco veces máis, de media, que a xente que ten os salarios máis baixos.

Precariedade, pobreza, desigualdade... Non son efectos colaterais nin un prezo que houbera que pagar inevitablemente pola crise. Esta deterioración social, a transición dun mercado de traballo precario a unha sociedade precaria é unha consecuencia dunha estratexia premeditada, definida e planificada, aproveitando o *shock* da recesión, que ten nome e instrumentos. O nome é a devaluación interna; e os instrumentos, as reformas laborais que teñen como obxectivo conseguir iso: salarios baixos no noso país.

Señor conselleiro, esta análise, esta diagnose sobre a situación laboral do noso país non é unha lectura parcial deste deputado nin de En Marea, todo o contrario. O Consello Económico e Social de Galicia, onde están representados os empresarios e os sindicatos deste país, acaba de facer pública, hai uns meses, a súa memoria do ano 2017, e voulle ler dous parágrafos literais que están dentro do destacado da memoria: «O CES ve preocupante o descenso do peso relativo da remuneración dos asalariados no PIB e demanda que se avance cara a un modelo de crecemento máis inclusivo, con menos desigualdade e cunha distribución da riqueza máis equitativa». E na páxina 24 di: «En opinión do CES, a calidade do emprego debe mellorarse, especialmente no que atinxe á alta taxa de temporalidade, á curta duración dos contratos e á alta rotación. Tamén considera que a recuperación económica debe servir para mellorar os ingresos, especialmente entre as persoas con niveis máis baixos». Non o di En Marea, dino os representantes das empresas e das persoas asalariadas do mundo da produción e do mundo do traballo.

Por iso, cando conteste esta pregunta coa que remato a interpelación, pense que non me está contestando a min —que tamén, espero—, senón ao Consello Económico e Social de Galicia. ¿Que fixo e, sobre todo, que vai facer o seu goberno para dar resposta a estas demandas, para combater a precariedade laboral, os salarios baixos, a desigualdade, a pobreza e a exclusión social? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Lago, eu agradézolle este debate de fondo, este debate para abordar a situación do mercado laboral e, sobre todo, para abordar as políticas económicas que poidan facer fronte ás necesidades dos nosos traballadores e dese mercado laboral. Loxicamente, eu non podo concordar con que vostede plantexe que hai unha estratexia planificada por parte deste goberno para promover salarios baixos, para promover precariedade e para promover desigualdade. Iso non o podemos aceptar dentro do debate, porque este goberno está traballando, precisamente, para crear un mercado laboral máis inclusivo, de máis calidade e que permita competir á nosa economía a través do coñecemento, non de salarios baixos. Ese é o principio reitor da nosa política económica e da nosa política industrial, e, polo tanto, estamos intentando promover esas estratexias que nos dean ese tipo de respostas.

É certo que a economía galega está tendo un bo comportamento, un comportamento incluso por riba da media española, que se está trasladando a todos os sectores, nomeadamente ao sector industrial. Porque seguramente vostede e mais eu concordamos en que o sector industrial é un dos piares básicos de calquera economía, e aí é onde tamén temos que traballar con intensidade. A industria galega hoxe é máis forte e é a terceira que máis crece en facturación entre xaneiro e xuño. E tamén somos a segunda comunidade autónoma en pedidos neste último mes, moi por riba da media estatal.

Podemos falar tamén de emprego, e aí atopamos que Galicia xa superou o millón de afiliacións nos últimos tres meses, e que tamén levamos dez meses consecutivos desde novembro por riba das vinte mil afiliacións á Seguridade Social. E se falamos da EPA —que tamén o trasladou—, atopámonos con que tres de cada catro traballadores en Galicia teñen un contrato indefinido e que nove de cada dez están ocupados a xornada completa. Esa é a realidade do mercado laboral en Galicia.

Evidentemente, quedan moitos retos que temos que abordar para xerar máis igualdade, para xerar máis emprego estable e máis emprego de calidade. Pero o que si é certo é que toda a política económica, toda a política industrial vai precisamente dirixida a ese emprego de calidade.

Fálame vostede da memoria do Consello Económico e Social. Eu vou trasladar aquí, efectivamente, o contido desa memoria, e vou poñer —se mo permite— catro exemplos de aspectos que se recollen no CES e que van dar resposta sobre como está traballando o Goberno galego.

O CES —cito literalmente— entende que é preciso facer esforzos para potenciar os servizos de calidade vinculados ao sector industrial e á economía 4.0. Vostede sabe que este goberno está impulsando eses proxectos da industria 4.0 e da transferencia dixital para promover a competitividade en sectores clave, como son o sector da automoción, o sector naval ou o sector aeronáutico. E sabe que temos un plan de dixitalización no que están a traballar qui-

ñentas pequenas e medianas empresas, que xa recibiron axudas para adaptarse, precisamente, ás novas tecnoloxías. Eu o que lle preguntaría a En Marea é por que non queren falar da dixitalización e por que non queren falar das pancas que necesita o noso tecido produtivo para adaptarnos á nova economía. Pero, señor Lago, o CES tamén di nese informe que se pon énfase na necesidade de apostar por normativas que faciliten e propicien os investimentos estranxeiros en Galicia. Iso di o Consello Económico e Social.

Eu propóñolle que, aínda que votaron en contra, apoiem a Lei de implantación empresarial. Porque vostede sabe que a Lei de implantación empresarial está permitindo unha maior simplificación administrativa, vostede sabe que a Lei de implantación empresarial está permitindo tamén un maior acceso ao solo empresarial e, sobre todo, señor Lago, sabe vostede que a Lei de implantación empresarial está permitindo baixar impostos para mellorar a competitividade do tecido industrial. E por iso eu preguntaría por que En Marea insiste en que naqueles concellos onde gobernan non queren baixar os impostos e, polo tanto, nos concellos onde gobernan non queren colaborar coa Xunta de Galicia para dinamizar o tecido empresarial e atraer investimentos.

Sigamos co CES. En opinión do Consello Económico e Social, é importante seguir avanzando no tipo de formación e de cualificación profesional que mellor se adapte ás demandas das empresas. Galicia está sendo pioneira, señor Lago, no impulso dun novo modelo de formación para o emprego, un modelo flexible onde as empresas son as que deseñan e determinan a formación que precisan. Sabe que estamos desenvolvendo plans de formación sectoriais en sectores tan importantes como a automoción, o naval ou o forestal. Eu preguntaría a En Marea por que non queren plantexar un debate aberto sobre o emprego que vén, señor Lago, e poñer medidas conxuntas para desenvolver e mellorar a nosa formación.

Finalmente, o Consello Económico e Social tamén considera importante impulsar estratexias que permitan desenvolver a xestión do talento, especialmente da nosa xuventude. Coñece a Estratexia de Especialización Intelixente, coñece o Plan Galicia Innova 2020 e sabe que estamos facendo unha aposta polo talento e polo desenvolvemento de proxectos de I+D. A min gustaríame saber por que En Marea non apoia decididamente proxectos de I+D como os que se están a desenvolver en Rozas.

En definitiva, señor Lago, se quere falar de política económica e de emprego, totalmente de acordo con vostede. Pero se quere falar realmente de política económica, de emprego e da nova economía, eu pediríalle que En Marea poida axudar a dar credibilidade á nosa economía, a dar credibilidade a ese valor que están tendo os nosos empresarios incrementando as súas exportacións. Eu pediríalle a En Marea que axude tamén este goberno para que os concellos onde gobernan reduzan os impostos e, polo tanto, faciliten a implantación empresarial. E eu pediríalle a En Marea que axude tamén a defender todos os traballadores; non determinados traballadores, señor Lago, todos os traballadores: os traballadores de Ence, os traballadores de Elnosa, os traballadores de Meirama... Todos os traballadores.

En definitiva —e termino—, señor Lago, eu pediríalle que poidamos seguir avanzando con propostas concretas. Pero o que tamén lle diría é que Galicia necesita pasar da teoría na que se move En Marea á realidade. Esa teoría de En Marea ao que nos está levando é a que non

teñamos propostas. É certo —e termino—, señor Lago, que se as propostas de En Marea son subir impostos e pechar empresas, aí non atopará a Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Conde.

Ten a palabra na rolda de réplica o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Ben, case conseguimos ter un debate sen... en fin, saíron un pouco as mareas municipais, pero case o conseguimos.

Catro cuestións sobre o que di. Primeiro, sempre sucede o mesmo: cada vez que lle pregunto ao conselleiro de Traballo contéstame o conselleiro de Industria, e así imos mal. (*Murmurios.*) Témololo dito: necesitamos un conselleiro ou conselleira de Traballo.

Segundo. Claro, no xogo dialéctico é evidente. O CES, empresarios e sindicatos, fan unha memoria equilibrada. Nas memorias equilibradas dinse cousas críticas e dinse cousas positivas. Lóxico, vostede di aqueles elementos do CES onde os empresarios meten máis pluma, e eu saco conclusións, que llas dirixo ao conselleiro de Traballo, onde os sindicatos meten máis pluma. E as conclusións que lin creo que son evidentes.

En terceiro lugar, eu non digo que a Xunta de Galicia buscara premeditadamente esa devaluación salarial. Pero o que digo é que a devaluación interna que se impuxo por orde da Troica no Estado español no ano 2010 está teorizada. Esa devaluación interna pasaba pola redución dos salarios e, para iso, aplicáronse dúas reformas laborais cun obxectivo: baixar os salarios. Hoxe esa reforma triunfou e temos uns salarios baixos, e iso é o que a nós nos preocupa.

Está o cuarto elemento, que eu non discuto; son economista e non discuto que estamos nunha fase alcista do ciclo económico. O que digo é que na fase alcista do ciclo económico habería que reverter todos aqueles recortes que se produciron na fase da recesión. E o que estamos dicindo é que non só non está sucedendo iso, senón todo o contrario: os asalariados hoxe seguen perdendo poder adquisitivo porque a inflación come os incrementos nominais, aos pensionistas querenlles seguir subindo o 0,25 % e seguimos tendo a mesma norma laboral da reforma de Rajoy. Nese sentido, nós pensamos que por aí tería que ir o debate.

No tema da súa lei favorita, déixeme que lle faga unha pregunta: ¿por que non trouxo a este parlamento a lei de emprego? (*Murmurios.*) Feijóo, o primeiro día que subiu nesta tribuna, dixo que nesta lexislatura —ademais de ser do rural, da vide— ía traer a lei de emprego, que era un compromiso deste goberno. Temos Lei de depredación industrial, pero non temos lei de emprego. É unha casualidade, señor conselleiro.

E déixeme que o retruque un pouco, nada máis, por dar un pouco de viveza ao debate, cando fala vostede de por que non apoiamos a Lei de implantación industrial en Galicia. (*Murmurios.*) O outro día saía o dato de cal foi a captación de investimento estranxeiro, que se supón que é o obxectivo que ten esa lei, en Galicia no ano que leva implantada a lei. Sabe a cifra; o

resto dos deputados e deputadas non teñen por que sabelo porque ese é un tema..., pero sabe a cifra, conselleiro. Vou dicila: o 0,2 % de todo o investimento do Estado, ja cifra mínima da nosa historia! Claramente inferior, a metade da cifra que houbo o ano pasado. Quero dicir que parece que non só é a En Marea á que non lle gusta a Lei de depredación; aos investidores, aos que en teoría ía destinada esa lei, parece que tampouco lles fai moita ilusión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Lago.

Ten a palabra agora o señor conselleiro de Economía e Emprego, o señor Conde.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas.

Señor Lago, eu de verdade que me alegro de que poidamos ter este tipo de debate de fondo. O único é que, efectivamente, temos que centrar o debate e non desviarnos, porque se falamos de política de emprego temos que falar tamén de política industrial, porque están intimamente ligadas. E, neste caso, na Consellería de Industria tamén están as competencias en materia de emprego. Polo tanto, creo que ese é un bo plantexamento, porque falar de política industrial é falar de creación de emprego, e falar de emprego necesariamente precisa unha política industrial que responda a esas necesidades.

O que non entendo é por que non quere falar da Lei de implantación empresarial. Voulle poñer un exemplo concreto, porque vostede me fala de cifras macro, que están aí, e das que temos que ver a tendencia. Sabe que moitos dos investimentos estranxeiros pasan, na súa contabilidade, por Madrid en moitas ocasións e, polo tanto, moitas veces non se reflicte a realidade sobre o territorio nas diferentes comunidades autónomas. Eu pódolle plantexar casos concretos, e plantéxolle o caso de Benteler. Benteler é unha empresa que o venres vai iniciar a construción dunha nova factoría en Galicia, e un dos elementos determinantes desa decisión foi poder facer ese investimento nun concello emprendedor onde ten a bonificación do noventa e cinco por cento dos impostos municipais durante tres anos. ¿Por que os concellos non queren bonificar os impostos aos empresarios para que se implanten durante tres anos se non teñen un quebranto, dende o punto de vista dos ingresos que actualmente teñen, nos seus orzamentos? Esa é a pregunta. ¿Por que non apoiamos a redución de impostos para a implantación empresarial? Creo que aí é onde temos que centrar o debate e aí, dende logo, é onde temos que sumar esforzos.

Teremos ocasión de debater neste parlamento a lei de emprego e teremos ocasión tamén de concretar medidas que poidan seguir axudando ao desenvolvemento do noso mercado laboral, por exemplo, en materia de formación. Pero, en materia de formación, Galicia está sendo pioneira e está permitindo que sexan os empresarios os que deseñen e decidan a súa formación. ¿Por que non traemos a este parlamento ese debate e, efectivamente, seguimos nesa senda, na cal os empresarios teñen unha resposta ás súas demandas formativas? Iso tamén é política de emprego.

É aí onde creo que temos que centrar o debate, seguir traballando por que o noso Servizo Público de Emprego siga atendendo e dando orientación e formación aos nosos desempre-

gados. Doulle un dato: unha de cada tres persoas atendidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia encontrou traballo nos seis meses seguintes, unha vez recibida esa formación e esa orientación. Temos que seguir, polo tanto, traballando por ese emprego de calidade e tamén actuando a través da Inspección de Traballo. Dende o ano 2017, máis de cento dezaseis mil actuacións da Inspección de Traballo permitiron que catro de cada dez inspeccións en materia de seguridade tiveran unha resposta concreta, e que puideramos facer aflorar 7.348 empregos e converter dez mil contratos temporais en indefinidos. O Goberno tamén está traballando en materia de calidade e aí, señor Lago, é onde nos temos que encontrar: apostando polo talento, apostando pola formación, pero tamén apostando por unha política industrial que dea respostas á nova economía e que nos permita avanzar na industria 4.0, na innovación e, polo tanto, na competitividade. E aí é onde temos que sumar esforzos tamén, señor Lago, baixando impostos aos empresarios en Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señor Conde.

Continuamos coa orde do día.

Interpelación de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a redución da oferta educativa nos concellos

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, moi bo día.

Queren os tempos políticos que vostede teña que dar resposta hoxe a unha interpelación sobre educación, ámbito que vai deixar de levar, desde o punto de vista de competencia directa. En todo caso, e con independencia de que eu diga o que tiña previsto dicir, permítame recoñecerlle a súa valía como conselleiro de Educación, aínda que estamos case sempre en desacordo porque, evidentemente, forma parte do rol político, pero, en todo caso, desexarlle toda sorte de éxitos nas súas novas responsabilidades.

Dito isto, a nosa interpelación, en primeiro lugar, referíase á situación que se desatou no mes de agosto no CRA A Picaraña, de Pontearreas, aínda que, como vostede suporá, vou facer referencia a outros asuntos, non con ánimo de sometelo a un exame exhaustivo e collelo nalgún renuncio ao que non me poida contestar, senón para evidenciar cales son as incidencias que se detectaron a inicios deste curso.

Vostedes, evidentemente, manifestan o arranque do curso con total normalidade, pero eu teño que dicir que se está producindo unha cadea de microsismos, se se me permite empregar este símil xeolóxico. O problema dos microsismos é que cada un en si non é suficientemente grave, pero xuntos poden producir a quebra dunha estrutura. E, neste caso, desde o

noso grupo parlamentario cremos que o inicio deste curso, lonxe de arrancar con normalidade, presenta eivas importantes.

Como dicía, no caso do CRA A Picaraña, de Pontearreas, vostedes publicaron, na redución ou modificación de unidades dos centros de educación infantil e primaria e de educación especial, a redución dunha unidade de educación infantil na escola da Portela, a supresión da escola San Mateo de Oliveira e a redución, como consecuencia dese axuste de unidades, de nada menos que cinco postos de traballo de mestras e mestres de educación infantil.

Esas modificacións fixéronse nun contexto no que ese concello leva investidos máis de dezaoito mil euros en distintas tarefas de adecuación e mantemento, en concreto, da escola de San Mateo de Oliveira nos últimos tres anos. E iso pese a que, efectivamente, e recoñecendo que esta escola non mantén o número mínimo de alumnos para funcionar o próximo curso, si que os tería no curso seguinte, e, polo tanto, metémonos nunha dinámica na que, pese a saber que os centros poden volver funcionar, pechámolos e, evidentemente —e vostede sábeo tan ben coma min—, nunca máis se volven abrir. Polo tanto, é unha falta de aposta polo ensino no medio rural, neste caso, no concello de Pontearreas.

En Redondela, no CEIP de Cedeira, a volta do curso comezaba cunha serie de protestas de alumnos e alumnas, pais e nais e mestres e mestras pola eliminación dun desdoblamento do sexto curso de educación primaria. Un desdoblamento xustificado en función do número de alumnos; un desdoblamento que se viña mantendo desde o ano 2015, cando se solicitou por parte do centro, e que foi concedido baseándose no número de alumnos que tiñan necesidades educativas especiais. Neste curso, cun total de vinte e seis alumnos, decidiuse eliminar ese desdoblamento no sexto curso. Iso motivou, entre outras cousas, á parte da lóxica protesta polo procedemento, que se deran estas situacións pintorescas. (*O señor Álvarez Martínez amósalles unha fotografía aos membros da Cámara.*) A fotografía é escura, pero tamén inflúe na súa escuridade que os alumnos e alumnas, nais e pais, mestres e mestras deste centro están vestidos de negro, que se transformou nun verdadeiro símbolo da protesta contra os recortes e as actuacións do Partido Popular en distintos ámbitos.

Seguindo na provincia de Pontevedra, o CEIP Altamira, de Salceda de Caselas, iniciou este curso nunhas situacións cando menos —imos dicir— comprometidas, por non dicir directamente inaceptables. Este grupo parlamentario preguntou xa neste parlamento —na comisión— sobre a situación deste colexio, e díxosenos que tanto as obras de ampliación que se ían facer como o novo comedor escolar reunían os requisitos e estaban deseñados para darlle resposta á comunidade educativa e ás súas necesidades a curto prazo. Evidentemente, a falta de planificación na execución das obras deste colexio levou, en primeiro lugar, a que o centro se vise obrigado a reducir a atención, ata o punto de que a Dirección do centro notificou aos pais que tiñan un horario reducido para devolver os alumnos ao centro, mesmo no caso de que tiveran que acudir a unha consulta pediátrica. Creo que todos os que estamos nesta cámara sabemos que as nais e os pais levan os fillos ao pediatra á hora na que teñen esa atención, que non poden escoller. E, polo tanto, é realmente grotesco que un centro educativo limite o horario para devolver os alumnos ao centro cando van a unha atención pediátrica.

Pero é que, ademais, no caso do comedor... (*O señor Álvarez Martínez amósalles unha fotografía aos membros da Cámara.*) Isto é a evidencia do que ocorría o día do inicio de curso en educación infantil e primaria, este era o estado no que estaban as obras das casetas onde vai funcionar o comedor escolar neste colexio, no CEIP Altamira, de Salceda de Caselas. Creo que, francamente, isto deixa nun moi mal lugar á Consellería de Educación, polo menos no que se refire á planificación das obras.

En Covelo, tamén en Pontevedra —parece que vostedes teñen algunha inquina especial con esta provincia este curso, non sei que opinará a famosa operación Rueda para o levantamento, vía municipal, do Partido Popular na provincia de Pontevedra—, no caso do CEIP Antonio Blanco Rodríguez, vostedes conformaron un único grupo con vinte e un alumnos en terceiro e cuarto de educación primaria, e eu o que me pregunto é quen deu esa instrución. ¿Modificárono vostedes pola vía dos feitos, e non escribindo novos criterios para agrupar os alumnos?, porque o certo é que empeza a trasladarse certa impresión entre os responsables da educación de que vostedes dirixen unha consellería apócrifa; é dicir, que teñen pouca tendencia a asinar as cousas, e, nalgúns casos, case, case, ágrafa, porque teñen menos tendencia a escribir.

No caso de Portomarín, en Lugo, que pasou de trinta e dous a trinta e tres alumnos, foi eliminada unha praza de mestre, o cal motivou, loxicamente, as protestas dos pais e nais de alumnos, que tampouco entenden por que con máis alumnos teñen menos mestres que o curso pasado.

¿E que lle vou falar do problema existente no concello de Brión? Levan catorce días pechados no día de hoxe, se non recordo mal. E é unha situación que non se entende tampouco, que se reduzan tres dos dez docentes que o centro pedía para funcionar con normalidade e cunha mínima calidade durante este curso que comezamos.

Por se todo isto fora pouco, nun contexto no que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria —ata este momento— reduciu nada máis e nada menos que 2.132 docentes dende xaneiro do ano 2009 a xaneiro do ano 2018 —redución que está sacada das cifras oficiais, é dicir, do Ministerio de Administracións Públicas, e, polo tanto, supoño que vostedes lle facilitan os datos de forma correcta—, e por se esta redución fora pouca, aínda seguen vostedes recortando creo que dunha forma absolutamente innecesaria e ás veces carente dun criterio obxectivo.

Nos comedores escolares temos a prensa pragada de noticias relativas a determinada empresa á que me nego a citar neste parlamento, aínda que si se citou nunha iniciativa que presentou o Bloque Nacionalista Galego na Comisión 4^a. Teñen vostedes unha empresa que agora resulta que non ten material suficiente para preparar as comidas, e cando prepara bocadillos, mándaos —parece ser— a medio montar e en taxi. Señor conselleiro, ¡comidas en taxi no século XXI!, trasladando a comida para os escolares. É certo que vostedes lle impuxeron penalidades, pero cremos, francamente, que a actuación desta empresa dá para adoptar algunha medida máis severa.

As cafeterías dos institutos desta comunidade autónoma, que en moitísimos casos son o lugar onde o alumnado come porque non ten servizo de comedor, resulta que —pese a que

xa se lles advertiu de que nós imos levar unha iniciativa á Comisión 4ª próxima— están sen adxudicar; a maior parte delas non funcionan porque tiveron un problema de adxudicación. E non me diga vostede que é un problema da Lei de contratos porque é un problema de planificación. É dicir, se sabemos que imos ter que levar a cabo unha planificación, ¿como non a facemos con tempo suficiente?

E todo isto —como lle dicía antes— o que revela é que existe unha falta de apoio, de impulso, ao ensino, sobre todo nos medios rurais, que son os que sofren todas estas eivas que lles acabo de relatar. E iso, pese a que este grupo parlamentario trouxo unha proposición non de lei para que puxeran vostedes en práctica funcionamentos para redefinir de forma consensuada, tal e como pedíamos naquel intre: non co que dixera o Bloque, nin En Marea, nin o PSdeG nin o Partido Popular, senón redefinir de forma consensuada as necesidades de garantía dun servizo educativo eficaz nesta comunidade autónoma.

Polo tanto, en resumo, ¿considera vostede que este tipo de actuacións que leva facendo a súa consellería é compatible e coherente con repetir permanentemente que esta é a lexislatura do rural?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

A verdade, señor deputado, é que eu tamén agradezo as súas palabras. Creo que o importante na loita política, no sentido da palabra, é a discrepancia de ideas e o plantexamento de modelos alternativos entre dúas formas de interpretar e de ver os problemas e de resolvelos. Iso non ten que ver con ningún tipo de inquina, nin persoal nin humana, simplemente que hai diferentes formas de ver como se debe actuar nunha materia e de aplicalas do mellor xeito posible.

Obviamente, eu estou aínda aquí hoxe como conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e o que vaia dicir eu pode vostede estar ben seguro de que o diría tamén calquera membro do Goberno ou de que o diría tamén a nova persoa que se vai incorporar a esta altísima responsabilidade, porque se de algo pode presumir este goberno é de ser un goberno compacto, un goberno que ten un criterio, un goberno que ten un gran liderado e un goberno que sabe e quere facer as cousas ben. Co cal, non se preocupe nese sentido porque a persoa que vai ter a alta responsabilidade de xestionar a educación deste país practicamente lle vai dicir o que eu lle vou dicir neste caso. (*Aplausos.*)

Certamente, señor deputado, a súa —digamos— exposición oral ten moi pouco que ver co que está na iniciativa. Practicamente vostede aquí fixo o relatorio dunha serie de aspectos sen entrar na cuestión concreta da que vostede ía falar, no que vostede aquí plantexa dun caso concreto: o caso de Ponteareas. Eu, obviamente, por respecto ao Parlamento, voume centrar fundamentalmente no caso de Ponteareas, pero creo que, ao final, este caso é extrapolable ao resto de casos que vostede dixo.

Agradezo a oportunidade que me plantexa para dicir con total contundencia que o inicio de curso académico deste ano se desenvolveu cunha enorme normalidade e tranquilidade. E, obviamente, deixo esta responsabilidade cunha gran satisfacción, cunha enorme satisfacción por deixar o sistema educativo —porque o inicio do curso é sempre un momento de gran tensión— coa tranquilidade que hai neste momento e, sobre todo, coa boa dinámica que ten a educación deste país.

Nós entendemos que está garantida claramente a calidade educativa, que está garantida tamén a equidade educativa, que hai unha axeitada atención para todos os alumnos, que existe un cadro de persoal docente suficiente, e, obviamente, todo o mundo entenderá que é absolutamente imposible que nun inicio de curso haxa incidencias cero. Pero se vostede eleva un pouco o foco e ve en escala o inicio de curso deste ano, igual que os anos anteriores, realmente se dará conta de que as incidencias son absolutamente menores.

Eu falo de escala e falo de proporcionalidade. Vostede citou aquí un, dous, tres, catro, cinco, seis casos. Hai algún máis que non citou, pero cítoo eu se quere... Hai algún máis. Pero vostede compare —á parte, vostede creo que é de matemáticas, se mal non recuerdo—, vostede compare o que son dez casos, moitos deles xa resoltos polo servizo de Inspección, con mil. Entón, darase conta de que entre dez casos nos que pode haber algún conflito, e mil centros educativos que empezaron sen ningún problema o curso académico, hai, polo menos, unha pretendida exaxeración para intentar debuxar un panorama que non existe. E iso, realmente, déixao en mal lugar. Porque se vostede cuantifica as enormes dimensións do sistema educativo —ao redor de catrocentos mil xoves, ao redor de mil centros educativos, trinta mil profesionais...— e vostede me está falando de seis, sete, dez casos, debería concluír claramente que é un inicio de curso absolutamente tranquilo, (*Aplausos.*) absolutamente tranquilo e absolutamente normal.

Obviamente, se collemos o caso concreto e o convertemos en xeneralidade, podemos chegar a pensar que o sistema empezou con dificultade, pero vostede sabe perfectamente que non é así, sobre todo se o compara con anos anteriores: hai cinco, seis, sete, oito anos, cando gobernaba o Bipartito e as incidencias enchían páxinas de periódicos todos os días.

Fálame vostede tamén dunha serie de cuestións que eu tamén lle quixera aclarar, para que non haxa dúbidas, de Gescor. De Gescor está resolvéndose, de xeito inmediato, unha cuestión que non é responsabilidade da Administración educativa, senón que unha empresa que ten un contrato adxudicado legalmente ten un problema interno, e nesta semana xa van empezar as novas empresas —non o dubide—, porque temos a capacidade de, cando existe un problema nunha empresa que subministra o *catering*, resolvelo sen ningún problema.

Respecto ás cafeterías, vostede minimiza absolutamente unha cuestión que é de enorme relevancia. Estamos a falar de que a nova Lei de contratos, que entra en marzo, obriga a que haxa unha renovación dos contratos preexistentes, e estamos falando de douscentos cincuenta e cinco expedientes administrativos de contratación. E se vostede plantexa coma un gran problema educativo que as cafeterías van estar pechadas —algunhas xa abren esta semana, o cincuenta por cento abrirá esta semana, e o resto a semana que vén— e durante seis ou dez días non se pode tomar café nos centros educativos, eu creo que é o mellor síntoma de que as cousas empezaron ben e van por bo camiño.

Entrando no caso concreto que vostede cita —permítame que me refira a el porque está así na exposición de motivos e debemos respectar o Parlamento—, fala dunha escola unitaria de Ponteareas que se pechou con tres alumnos. Iso non é ningún capricho, senón que é a simple constatación dun feito: que existe unha moi baixa natalidade e unha moi baixa matrícula.

Mire, en marzo xa a inspectora se reuniu cos pais, coas tres familias, para dicirlles que o centro educativo, se non chegaba ao número medio de seis alumnos, ía pechar. Fíxose así. No período ordinario de matrícula —en xuño— matriculáronse tres alumnos, e en xullo —como vostede ben sabe porque o ten feito— notifícase a eliminación desa unitaria. E dá a sensación de que colle por sorpresa —neste caso ao Partido Socialista, tamén aos partidos que hai en Ponteareas e ás familias, pero as familias estaban perfectamente avisadas— pero esa mesma escola, no ano 2009, o Bipartito quería pechala con seis alumnos e, de feito, hai unha notificación de peche desa mesma escola con seis alumnos. E agora parece que nos estrañamos cando, con tres, se pecha. A iso podemoslle chamar dobre vara de medir, podemoslle chamar fraca memoria ou memoria de peixe, podemoslle chamar como queiramos, pero que o Partido Socialista traia a esta cámara este caso é realmente moi significativo, ou de pouca memoria ou de intentar, dalgún xeito, xerar un problema onde non existe tal problema.

Obviamente estes alumnos non quedan desamparados, porque parece que os alumnos non quedan escolarizados; van ir a un centro educativo que está a menos de dous quilómetros, e Ponteareas ten un bo sistema educativo. Uns datos, simplemente: dende o ano 2009 houbo máis sete millóns de investimento no concello de Ponteareas. Hai ao redor de trescentos cincuenta profesores —en concreto trescentos corenta e nove— e un custo en nóminas de ao redor de trece millóns. Hai máis de corenta rutas de transporte, ao redor de 1,2 millóns. Servizo de comedor: chega ao redor de quiñentos corenta comensais.

É dicir, vostede fala aquí dunha serie de críticas: que se hai recortes, que se se dismantela o rural, que se se reduce a oferta educativa... Eu pediríalle que nos explicase na súa réplica como é posible que isto, que se fai agora cunha situación demográfica de tres alumnos, vostedes o quixesen facer con seis. E tivo que ser naquel momento o Concello, que estaba gobernado polo Partido Popular, e tivo que ser naquel momento a Xunta, que comezou a estar gobernada polo Partido Popular, quen imposibilitou que se pechase esta escola con seis alumnos; e non outra escola calquera, esta escola que agora se pecha porque ten tres alumnos.

Á parte, creo que vostede tamén coincidirá comigo se falamos de que a educación nesas idades ten unha dobre función: hai que transmitir valores, coñecementos, etc., pero tamén ten

un valor para que sociabilicen os chavales, os nenos e as nenas, e, con tres alumnos, unha escola unitaria dificilmente pode cumprir a función socializadora que debe ter.

En todo caso, vostede só plantexa aquí este caso; en xeral, nos debates, dise que se pechan aulas, que se agrupan, que hai agrupamentos, pero eu tamén digo: en certas zonas si, porque a dinámica demográfica obriga. Non é unha causa, é unha consecuencia da dinámica demográfica. Pero eu tamén lle digo: ¿por que non falan vostedes dos desdobrementos? ¿Por que non falan vostedes dos novos centros educativos que se inauguran este curso? Por exemplo, un IES en Soutomaior; por exemplo, un CEIP en Culleredo; por exemplo, unhas ampliacións moi potentes que se van desenvolver en Ames, en Outeiro de Rei e noutras localidades.

Porque, realmente, parece que vostedes só ven unha cara da moeda, e o que hai que facer é axustar os recursos con base nas necesidades do servizo e nas necesidades demográficas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Efectivamente, nalgunhas zonas rurais, por desgraza e como consecuencia da situación demográfica, é necesario facer agrupamentos, é necesario facer algún tipo de medidas como pechar unha unitaria, pero fale vostede e véxao en conxunto: nas áreas periurbanas de Galicia estanse abrindo centros educativos, un instituto, un colexio, estanse facendo desdobrementos e grandes ampliacións en concellos periurbanos das nosas cidades. ¿Por que? Porque aí é onde hai agora mesmo a presión demográfica.

Co cal, creo que non é bo trasladar á sociedade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...—si, remato, señor presidente— unha imaxe negativa. Sobre todo, como neste caso, o Partido Socialista debería de ter un pouco máis de memoria e saber que non outra escola calquera, esta escola en concreto, vostedes, con seis estudantes —o dobre dos que hai—, xa a tiñan pechada no ano 2009.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, no turno de réplica, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, citou vostede na súa intervención varias veces o respecto ao Parlamento e ao procedemento que temos establecido, e tamén por respecto lle vou dicir que interpelo eu e vostede contesta (*Aplausos.*). Non teño que contestar ao que vostede me interpela. Vos-

tede está aquí en calidade de interpelado e, polo tanto, tamén por respecto a este parlamento, as cousas funcionan así.

Mire: eu estou seguro de que a nova —parece ser— conselleira de Educación nos vai dicir o mesmo ca vostede, pero é que o problema non é que diga o mesmo; é o que din, é o que din permanentemente.

E con respecto ao que dicía vostede de que, en efecto, na nosa iniciativa figuraba un só centro: evidentemente, a iniciativa foi rexistrada precisamente para poder facer unha interpe-lación no inicio de curso, en agosto, e isto é o que se chama, en termos parlamentarios —neste parlamento—, facer un Fernández Prado; é dicir, vir aquí facer unha PNL sobre o AVE e falar de autoestradas. Ben, son infraestruturas, jé certo! E isto tamén son centros edu-cativos todos. Eu non lle falei de ningún centro de saúde; polo tanto, permitinme a licenza de facer un Fernández Prado. Se non lle gusta, eu laméntoo, pero forma parte tamén da li-berdade parlamentaria que temos.

Mire: dixo vostede que había un cadro de persoal docente suficiente. Ben, «cadro de persoal docente suficiente», despois de reducir, como lle dixen antes —e son datos oficiais—, 2.132 docentes en dez anos, non sei que significa. Claro, desde o punto de vista da estratexia dia-léctico-propagandística do Partido Popular de «faremos máis con menos» é entendible. Canto menos teñan máis farán, utilizando ese mesmo argumento; polo tanto, deben seguir reducindo o número de aulas, deben seguir reducindo o número de docentes, porque así van chegar ao sùmmum da calidade educativa.

Dicía vostede que había máis centros. ¡Si, claro! Hai algún, por exemplo, en Lalín, que vos-tede supoño que coñece tamén, con algún que outro problema no arranque de curso. Hai al-gunha inauguración pragada de autoridades —¡como debe de ser, evidentemente!— en Soutomaior, aínda que o centro non estivera en plenitude de funcionamento nalgúns servi-zos. E, despois, dime vostede que que non se poida tomar café nun instituto é o problema máis grave do que eu dixen. Non, eu falei de comer, non de que o alumnado ou o profesorado non poida tomar café.

De todos modos, nun goberno serio e responsable, nunha administración metapreparada —como é o caso—, que os collera nun renuncio a entrada en vigor en marzo da nova Lei de contratos, sabendo que tiñan que tramitar vostedes douscentos cincuenta e cinco expe-dientes, chama poderosamente a atención.

Mire: a cuestión é que vostedes non entenden o que se lles pregunta, ou si que o entenden e dálles igual, que é bastante peor. As nosas iniciativas —creo que incluso compartimos esa filosofía cos outros grupos da oposición: Bloque Nacionalista Galego e En Marea— son porque cremos que é posible outro modelo; outro modelo de atención, de priorización da escola rural; de dotala de suficientes medios; de mantela en condicións de funciona-mento, aínda cun número inferior de alumnos. Porque, claro, sabendo —que vostede o sabe tan ben coma min, ou seguramente mellor polas súas conferencias con outras co-munidades autónomas— que esa ratio establecida non é algo inalterable —non é o nú-mero pi nin o número áureo—, é dicir, é unha cantidade que se pode rebaixar, podemos

dicir que mantemos unha escola unitaria en funcionamento con cinco alumnos, con catro, con tres ou con dous.

É unha cuestión de aposta política, e por iso a nosa pregunta, a nosa interpelación, é se a vostedes lles parece que resulta coherente toda esta retahíla de incidencias, de redución de servizos no rural, con manifestar que é a lexislatura do rural. Porque, como vostede sabe perfectamente tamén, o servizo educativo é un servizo esencial para manter a poboación, xunto con outros que tamén son esenciais. Non é o único, pero é esencial. E, polo tanto, na medida en que non sexamos quen de chegar a un compromiso político de país para preservar a escola rural nunhas condicións distintas das que está agora, podémonos reducir a unha cuestión meramente aritmética, de números. E para iso —voulle dicir unha cousa— non fan falta nin inspectores para analizar as ratios dos centros nin tan sequera un conselleiro ou conselleira de Educación, porque con meter na máquina o número de alumnos xa sabemos, aplicando os parámetros que correspondan, cantos mestres e mestras teñen que ter. Pero sabe vostede perfectamente que iso non é facer unha aposta seria polo mantemento do rural da nosa comunidade autónoma, tan necesitado de fixar poboación, e tan necesitado de manter os servizos educativos neste caso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, eu a vostede non o interpelei, simplemente lle facía unha pregunta retórica, unha pregunta moi sinxela, e era que me dixera vostede como é posible que agora vostedes cuestionen que unha escola unitaria se peche con tres alumnos e, hai uns anos, vostedes pecharan a mesma escola unitaria con seis. A mesma. Non é ningunha interpelación, é un razoamento —dalgún xeito— retórico, pero que serve para poñelos a vostedes ante o espello, ante o espello da súa contradición e ante o espello do seu discurso francamente débil, e que dalgún xeito non atende ou non se basea nuns argumentos —digamos— solventes.

Eu insisto no que dixen antes, e vólvoo repetir; é imposible incidencias cero. Imposible, absolutamente imposible. Agora, a existencia de tres, catro, cinco, dez casos concretos, que, obviamente, son moi importantes para as persoas que están dentro dese proceso, non invalida a visión xeral. Porque estamos falando dunha cuestión de escala, de proporcionalidade, e non se poden comparar dous ou tres casos —que son os que están actualmente latentes, pero que se foron solucionando nos primeiros días do curso, como se fai sempre e se resolve sempre, por certo, grazas ao bo traballo dos servizos de Inspección e grazas ao bo traballo dos equipos directivos— no conxunto do sistema educativo con mil, e chegar á conclusión de que se está desmantelando, de que hai abandono, etc. É absolutamente desproporcionado e non ten ningún tipo de sentido.

Vostede fala aquí de Goberno serio e responsable no referente ás cafeterías, e voulle dicir que é absolutamente serio e responsable. Voulle dicir por que: porque a Lei de contratos é para todo o Estado e a única comunidade autónoma que iniciou este proceso foi Galicia, e o resto das comunidades autónomas —moitas delas gobernadas polo Partido Socialista— están nunha situación de, polo menos, alegalidade. E, como haxa algún problema na rede de cafeterías dos institutos, vai haber moitísimos problemas, e aí si que non hai nin seriedade nin responsabilidade; aí hai pasotismo. E aquí o que se fixo e se está facendo é un proceso que se resolveu esta semana, que se vai empezar a traballar nas cafeterías esta semana, e algunhas van comezar para a semana que vén. Tamén é certo que algunhas quedaron desertas por falta de licitadores, pero realmente están —digamos— conforme á Lei de contratos do Estado. E dígame vostede que comunidade autónoma do Partido Socialista ten reguladas como ten que ter as cafeterías escolares. Que espero que non pase nada, pero como haxa algún tipo de problema nunha destas cafeterías —entre comiñas— alegais, xa falaremos.

Obviamente, vostede fálanos de que é posible outro modelo. E eu dígolle que si, que seguro que son posibles outros modelos. A cuestión é saber cales. Porque se vostede me fala de ensino rural e me fala das comunidades autónomas do Partido Socialista, Andalucía ao mellor, pode vostede pensar que está mellor atendido o rural andaluz que o rural galego, pode pensalo. Está errado, ¿eh? Está absolutamente errado. Ou vostede pode pensar que é mellor modelo o do Bipartito, o da atención á escola rural no Bipartito, e aí gañáronnos. Realmente, no Bipartito, vostedes gañáronnos, porque vostedes pechaban escolas unitarias con nove e máis alumnos. E foron capaces de pechar vinte e nove escolas unitarias nun ano. (*Murmurios.*) Aí gañáronnos. Se ese é o seu modelo, permítannos que discrepemos e permítannos que teñamos outro.

E, mire, creo que Galicia ten un magnífico sistema educativo, que ten unha gran vantaxe: non só mellorou notablemente en calidade nos últimos anos —que o fixo, segundo todos os resultados educativos—, senón tamén en equidade e en capacidade de dar igualdade de oportunidades. E todos os estudos dinnos que non hai diferenza, practicamente, entre os centros educativos públicos e concertados. E tampouco hai diferenzas entre os centros educativos que están nas zonas urbanas ou os que están nas zonas rurais. É máis, se un compara certos indicadores —por exemplo, as notas medias de selectividade, ou calquera outro indicador— veremos que os centros educativos que están nas zonas rurais teñen uns indicadores polo menos tan bos ou mellores —en moitísimos casos mellores— que os que están nos centros urbanos. Iso non quere dicir que os centros urbanos estean mal, non. Están ambos a un nivel moi semellante. Tamén hai centros educativos peores nas zonas urbanas e nas zonas rurais, pero hai un equilibrio que permite unha garantía, garantir a igualdade de oportunidades, e iso é algo moi positivo.

Mire: no medio rural hai moitísimos centros plurilingües, moitísimos. Hai moitísimos centros que están apostando pola innovación, moitísimos centros que se están metendo no libro dixital, moitísimos centros que teñen todos os servizos dixitais completos, moitísimos centros que teñen asignaturas de libre configuración en moi bo estado, con proxectos de innovación e produtos docentes de primeirísimo nivel, que teñen todos os servizos complementarios en perfecta liña —comedor, transporte—, e que teñen, tamén é certo, raios educativos moi por debaixo das dos centros urbanos; tamén é certo, pola situación probablemente demográfica.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Pero dicir que o ensino rural de Galicia está peor ou é malo comparado co ensino urbano é, francamente, faltar á verdade. Porque se de algo podemos presumir en Galicia é de ter un sistema harmónico no seu conxunto, sen diferenzas sociais nin territoriais, e iso non é que o diga este conselleiro, que mañá deixa de selo, iso dino os indicadores educativos básicos que teñen estatísticas feitas polo ministerio, feitas por organismos internacionais e é algo do cal debemos estar francamente orgullosos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas e trinta minutos.

Suspéndese a sesión ás tres e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e tres minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación ambiental do río Umia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todos e a todas.

E moi boa tarde, señora Mato. Non sei moi ben como chamarlle, conselleira por unha horas ou ex-conselleira; non sei moi ben como chamarlle. Eu non vou caer na hipocrisía... (*Murmurios.*) Non vou caer na hipocrisía de desexarlle o mellor na súa nova etapa, porque o mellor deséxollo ao proxecto do BNG e a Paco Jorquera, que o encabeza na Coruña. Entón, evidentemente, non llo vou desexar a vostede. E eu tamén agardo que esta situación un pouco rara de hoxe, esta comunicación de cesamentos de goberno e demais no medio dunha sesión parlamentaria non a desmotive a vostede para contestar a esta cuestión da súa encomenda, polo menos de momento.

Hoxe o BNG vén aquí interpelala a vostede como responsable de Medio Ambiente respecto do encoro no río Umia, o encoro da Baxe, en Caldas de Reis. Un encoro que foi, desde o inicio, construído sobre unha enorme mentira. Foi un cúmulo de despropósitos: nunca houbo ningunha xustificación para construír este encoro, nunca houbo xustificación da utilidade pública na que o Goberno da Xunta e o Partido Popular se enmascararon para facelo. O encoro

foi unha fraude xustificada na necesidade de abastecemento de auga ao Salnés, cando a captación para o Salnés faise río abaixo despois do encoro; xustificada para regular as enchentes, cando unha parte moi importante do problema das enchentes son de afluentes do Umia que verten no Umia despois de onde está o encoro.

Non serviu para ningún dos fins para os que dixeron que era o encoro, porque o obxectivo nunca foi solucionar ningún deses problemas. O obxectivo sempre foi construír o encoro para facilitar o negocio a través da concesión da explotación hidroeléctrica. O único fin sempre foi o negocio privado e, a cambio, crearon un problema de saúde pública, un problema medioambiental, e feriron de morte o río Umia.

O encoro non solucionou os problemas que dixeron que ía solucionar e si creou problemas, e graves. Non evitou ningún dos problemas e, pola contra, si creou novos problemas, como a invasión das súas augas coa alga *Microcystis aeruginosa*, é dicir, a *Microcystis*. Todos os anos desde a construción do encoro as augas do río cóbrense dela, unha toxina difícil de detectar, difícil de eliminar e con efectos acumulativos. A Organización Mundial da Saúde advirte de que, aínda en doses pequenas, provoca importante danos para a saúde: para o fígado, para o sistema hepático en xeral, problemas intestinais, no sistema nervioso central, no sistema nervioso en xeral, é condutora de procesos tumorais... Polo tanto, a presenza na auga desta bacteria en calquera cantidade, pero máis sendo en cantidades importantes como as que se acumulan neste encoro, debería ser obxecto de preocupación e de ocupación da Xunta e de vostede neste caso como responsable. É un problema que se repite ano tras ano, mais do que a Xunta non se ocupou e, dende logo, non o solucionou.

E este verán o encoro de Caldas está a sufrir unha vez máis a invasión desta alga. Este ano, ademais, coa cuestión de que se detectou moi tempranamente; a alerta foi detectada por parte da súa consellería moi cedo, en concreto, o 6 de xullo. Esta botella que ve aquí está fresquiña, é de hoxe, é unha botella de auga collida hoxe pola mañá no encoro de Caldas polo noso portavoz, polo portavoz do BNG no concello de Caldas, Manuel Fontán, que a trouxo hoxe ata aquí, ao Parlamento, para que todos e todas puideramos ver cal é a situación no encoro do Umia, da auga en concreto. (A señora Prado Cores sinala unha botella de auga que colocou no estrado). Logo teño aquí fotos de cal é a situación alí porque, polo menos pola información que temos, oficialmente vostede non se achegou e igual non ten esa información. Detectaron esa alerta por afloramento de cianobacterias o 6 de xullo e, segundo a información colgada na propia páxina da consellería, dende mediados de agosto hai detectada presenza de cianobacterias en todos os puntos de mostraxe que ten a Consellería no Umia: no punto de mostraxe da Baxe-presa, da Baxe-cola, de Segade, de Rabuñade, de Ponte Baión e de Ponte Arnelas; nos seis puntos.

A pesar desta alerta por parte da Xunta de Galiza, como responsable do problema, a pregunta sería: ¿que fixo? E a resposta é moi sinxela: nada. A resposta é nada. Con nós non vai e nós desentendémonos. Un abandono total do Umia; declarar a alerta e desentenderse do problema. Non tomaron ningunha medida de protección da poboación que consome esta auga río abaixo nin da poboación que se estivo bañando no río ata que o BNG pediu explicacións, denunciou a situación e fixo unha rolda de prensa o 28 de agosto. Entón o 29 de agosto a Xunta de Galiza mandou unha comunicación ao Concello de Caldas de que tiña que prohibir o baño.

Desde mediados de agosto todos estes puntos de captación —como dixen— dan positivo en cianobacterias. Resulta que nos puntos de captación desde Segade, Rabuñade, Ponte Baión e Ponte Arnelas hai captación de auga para o consumo de toda a poboación do Salnés, máis de cento vinte mil persoas. E a pesar do que dixo o deputado Trenor hoxe pola mañá aquí, non hai ningún sistema nin de filtrado nin de depuración, agás o cloración, só cloración; co cal, só cloro. É dicir, máis de cento vinte mil persoas consomen esa auga e só se lle administra cloro, ningún sistema de protección. E, dende logo, non coñecemos que haxa absolutamente nada pensado para o suposto de que a bacteria se converta nun problema maior. Non sabemos que haxa ningún tipo de medida se a cuestión vai a máis e hai que cortar a subministración.

Dende logo, no BNG non damos como normal que cada verán se dea esta mesma situación de risco, sobre todo despois de prometer solucións e de investir millóns de euros, máis de vinte e dous millóns de euros nese Plan integral para a bacía do río Umia, ese Plan Umia que, segundo se nos dixo, ía ser definitivo para este problema de eutrofización. E logo destas actuacións viñeron esas urxentes que ían solucionar o problema: a casca de eucalipto, o control de pozos e vertidos no Umia tamén ían dar solución. Actuacións nefastas con derroche de fondos públicos e sen que se resolvera o máis mínimo problema.

Construíron un encoro innecesario, sen xustificación; converteron un río limpo con vida nun lodazal verde —como podemos ver— foco de potencial contaminación, nun problema de saúde pública, nun problema medioambiental; feriron de morte o río Umia só para facilitarlle o negocio a unha empresa privada.

Dende logo, diante desta situación, hoxe o que queremos preguntarlle, señora Mato, é o seguinte. Todos os técnicos, todos os expertos din que, mentres haxa encoro, vai persistir o problema da cianobacteria, vai persistir o problema de saúde pública e vai persistir o problema medioambiental e o problema no río Umia, que é un dos ríos con máis contaminación e con máis problemas dos ríos que temos en Galiza. Co cal, o que lle queremos preguntar é se van proceder a desmantelar o encoro da Baxe porque —insisto— todos os técnicos e expertos din que esa é a única solución. Preguntámoslle se considera preciso dotar de medidas de protección efectivas contra a microcistina —cando menos, filtros de carbono— ás estacións depuradoras de auga para o consumo tanto de Portas como da Mancomunidade do Salnés, que —insisto— abastecen case cento cincuenta mil persoas habitualmente, poboación que no verán se duplica, e se pode duplicar —insisto— en todos os concellos do Salnés; e se considera que a poboación está protexida e informada. Gustaríanos que se nos respondera por parte da Xunta de Galiza, que é a responsable do problema. Porque se o río Umia ten un problema, a responsable é a Xunta de Galiza por permitir construír un encoro a pesar de todos os informes negativos, de non ter ningunha xustificación e de non solucionar absolutamente ningún problema.

Mire, os responsables da Xunta de Galiza na provincia de Pontevedra dixeron diante dos medios de comunicación que a calidade da auga é perfecta. *(A señora Prado Cores colle a botella de auga.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Entón, eu o que lle quero preguntar hoxe en nome de todos os veciños, deses cento cincuenta mil veciños da comarca do Salnés, dos concellos de Caldas, Cuntis, Moraña e Portas, é se considera que esta auga, que é do encoro do Umia, collida hoxe pola mañá e que chega ás casas só despois de pasar un proceso de cloración, é apta e que non hai ningún problema, e se vostede a bebería, consumiría, cocinaría e lavaría con ela só despois de que pasara un proceso de cloración.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: E para que poida facer a proba na súa casa... *(A señora Prado Cores baixa do estrado e achégalle a botella de auga á señora Mato Otero mentres pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): *(A señora Mato Otero entrégalle un documento á señora Prado Cores.)* Moi boa tarde a todos.

Presidente, señora Prado, permítanme que aproveite esta intervención e uns breves minutos desta interpelación, se cabe, para dar as grazas e tamén para comentar algo con todos vostedes.

Gustaríame aproveitar, xa que esta é a última intervención que teño como conselleira do Goberno da Xunta de Galicia, para dicir que foi unha auténtica honra traballar e servir a Galicia. Dígoo porque estou convencida de que todos nós o podemos sentir como representantes do pobo galego, e eu como unha das persoas elixidas polo presidente Alberto Núñez Feijóo para case, despois de dez anos, estar no seu goberno. Síntome especialmente honrada de ter a súa confianza, pero o que máis me enriquece, se cabe, foi ter a oportunidade de servir e de ser útil para todos os galegos e para todas as galegas. E o que tamén me gustaría dicir é que creo que non hai outra satisfacción maior, e, se cabe, a maior é o reto que teño agora por diante que é ser a alcaldesa da cidade da Coruña. *(Aplausos.)*

E quero tamén, se me permite o presidente un minuto máis, dar as grazas a todos os deputados e a todas as deputadas, quero dar as grazas de corazón. Son deputada dende o ano 2005, xa son trece anos sendo deputada, ademais dos anos que levo como conselleira; creo que dalgunha maneira, cuns máis que con outros, tiven a oportunidade de falar en máis dunha ocasión, e incluso tamén de traballar. Hai incluso algún deputado da bancada da oposición que me recordaba que tiña que deixar o traxe de deputada e non ser tan dialecticamente «suelta» sendo deputada como conselleira —non baixes a cabeza, Abel—. *(Risos.)* Pero, ben, a verdade é que fixen o que eu cría que tiña que facer, e quero darvos as grazas a todos e todas. Despídome como conselleira, pero quedo no hemiciclo e, unha vez máis —e como todos vostedes—, representando a Galicia e facendo o maior por Galicia, neste caso a través de conseguir o mellor para a cidade da Coruña.

E agora si, xa dando resposta á señora Prado, eu si que lle desexo a vostede o mellor. No persoal deséxolle o mellor, e no político tamén; na súa banda, deséxolles o mellor. *(A señora Mato Otero sinala a bancada da oposición.)*

Centrando o tema na interpelación, e posto que aínda son conselleira ata mañá, a min gustaríame salientar que é importante falar con rigorosidade. Eu creo que non serve de nada lamentar unha actuación que se fixo hai trinta anos, aproximadamente, ou preto de trinta anos; eu creo que non vale de nada agora falar da navallada que era a autopista; non vale de nada agora falar dunha actuación que —como digo— case é da época de Tutankamón e que, sen embargo, agora nos leva a todos aquí a falar de se encoro si ou encoro non.

Eu penso que o máis importante é non alarmar, o máis importante é darlles aos veciños e ás veciñas de todos estes concellos de Caldas, de Cuntis, de Moraña e de Portas a tranquilidade e a seguridade de que esa auga que beben nas súas casas non chega da cor desa auga que me deixou de agasallo a deputada nesa botella. Non chega ás súas casas con esa cor; por suposto, chega coa máxima garantía de salubridade, que é o que fai o Goberno da Xunta de Galicia.

Coa información que manexamos e todas as analíticas que se están a facer, estamos absolutamente seguros de que non estamos —como afirma a señora deputada— ante un grave problema de saúde pública e, por suposto, non estamos ante unha situación de gravísima toxicidade. Eu creo que isto é o máis importante, porque non é bo para ninguén andar alarmando; non é bo para ninguén facer insidias e dar mensaxes que son catastrofistas á po-boación cando non hai motivo ningún.

Pola nosa parte, o que estamos a facer é traballar para minorar esa problemática aplicando os protocolos que xa existen dende hai once anos para loitar contra as cianobacterias nos embalses. Como estou segura de que xa o sabe, o estado do encoro de Caldas non é unha situación novidosa, non é a primeira vez que ocorre nin é a primeira vez que se rexistra. Cada verán —e estou falando dende o ano 2006— sucede o mesmo con maior ou menor intensidade: détéctanse proliferacións de cianobacterias que, neste caso, se corresponden maioritariamente co xénero *Microcystis*. Esta proliferación é resultado dun proceso que é un proceso natural, moi frecuente en augas que están estancadas e habitual nas épocas de verán e nas épocas tamén do inicio do outono, debido ao incremento das horas de luz e á subida das temperaturas.

É certo que estamos ante unha situación de risco e o que temos que facer é previr e reducir a posibilidade da aparición da toxina. Pero isto non é algo exclusivo do encoro da Baxe, senón que é unha situación habitual nos embalses galegos, tanto da nosa demarcación como da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Isto é algo que todos nós e todos vostedes podemos comprobar en tempo real na información que se ofrece a través da web do Sistema de información ambiental de Galicia, onde di que a día de hoxe como este encoro hai outros catro embalses que están na mesma situación en Galicia-Costa, e non se está a xerar no resto dos embalses ningún tipo de alarma como se está a facer neste.

Nós ao que estamos é a seguir estritamente os protocolos establecidos, e dende o ano 2007 temos en marcha un protocolo de colaboración da Consellería de Medio Ambiente, a través

de Augas de Galicia e do Laboratorio de Medio Ambiente, e tamén na Consellería de Sanidade. Trátase dun completo programa de actuacións de control que está baseado nas directrices que marca a Organización Mundial da Saúde, que foi mellorado e simplificado no ano 2012 e que permite a unificación de criterios e a coordinación de esforzos entre todos, mellorando, así, as actuacións para facelas máis efectivas.

Neste protocolo están claramente definidas as tarefas de cada un. Por unha banda, o Laboratorio de Medio Ambiente realiza o control continuo e periódico de todos os encoros de abastecemento. O obxectivo que ten este laboratorio é conseguir esa detección temperá da aparición de cianobacterias. Augas de Galicia encárgase da detección da proliferación das cianobacterias nos encoros e de dar traslado dos resultados á Consellería de Sanidade e tamén ás empresas xestoras. E a Sanidade o que lle corresponde é a vixilancia sanitaria dos encoros e activar os tratamentos para eliminar as toxinas, se é que se detectan, así como informar os concellos e os organismos da conca da potabilidade da auga.

Dende aquela hai dous niveis diferenciados en canto á situación do embalse: por unha banda está a clasificación de normalidade e por outra a clasificación de alerta; non vou dicir o número de células de cianobacterias que teñen que existir porque son termos moi técnicos, que creo que en calquera documento técnico poden atopar.

No caso do embalse da Baxe, polo que hoxe me preguntan, decretouse o estado de alerta o pasado 6 de xullo, data na que se certifican as primeiras análises que superan os niveis fixados. Isto o que significa é que se fai a partir dese momento un control máis intenso. Dende esa activación estanse realizando mostraxes semanais en distintos puntos do encoro tanto para determinar os niveis de cianobacterias como para analizar se hai ou non toxina. Estas análises poñen de manifesto que a situación no encoro non reviste ningún perigo para a saúde pública.

En resumo, señora Prado, as concentracións actuais non son preocupantes e mostran, no caso da presa, no día de hoxe, unha clara tendencia á baixa.

Estamos ante unha situación que se dá practicamente case todos os veráns e —como digo— non en exclusividade nese encoro. Véñse rexistrando periodicamente con maior ou menor intensidade, e —xa lle digo— é algo que este ano está ocorrendo, pero que ocorreu en anos como o ano 2008, cando as cifras de proliferación de cianobacterias foron incluso máis altas; no ano 2010, no ano 2011..., incluso o ano pasado foron máis altas que este ano.

Gustárame, tamén, aproveitar para facer unha aclaración que considero que é clave sobre dous termos que se utilizan con demasiada lixeireza e que, dalgunha maneira, o que fan é confundir. Hai que diferenciar entre a cianobacteria *Microcystis*, que é a que se vén rexistrando no Umia, e a toxina microcistina, que é a xerada por algunhas cianobacterias. E tamén cómpre ter moi clara unha cousa: que haxa proliferación de cianobacterias non é sinónimo de que haxa presenza de toxinas, e podo asegurar, señora Prado, que no embalse de Caldas nunca —e repito: nunca— se detectaron toxinas; en ningún ano dende que temos rexistros —en ningún verán, e tampouco neste— se detectou ningunha toxina. Polo tanto, non se pode falar en ningún caso de toxicidade e alarmar a cidadanía no encoro, porque non hai —insisto— perigo para a saúde pública.

Estamos ante unha problemática que é recorrente, no tempo que me queda; despois no último termo tentarei trasladar todo o que estivemos facendo dende a Xunta de Galicia ata o día de hoxe. Pero que quede claro —que para min é o máis importante— que non hai risco de saúde pública e que non hai unha gravísima toxicidade, porque ata o momento as cianobacterias de Caldas nunca foron tóxicas. Polo tanto, está garantido o uso da súa auga para o consumo.

É certo que estamos falando dun risco que, ademais de ser coñecido, está estudado e, sobre todo, para o que se están adoptando as accións concretas. Polo tanto, non se trata de non minimizalo, pero si, dende logo, de non alarmar a poboación.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ¡Carai! Para non ser tóxica que rápido fixo que lla sacaran de diante, por se acaso, señora conselleira. ¡Por se acaso!

Eu xa quedo tranquila, como se dá noutros sitios e non só no Umia, ¡ah!, entón quedamos todos tranquilos. É un mal que se dá noutros sitios, entón non fagamos nada. Porque vostede a mensaxe que dá, señora Mato, é que non fagamos nada, e no momento en que se dea o problema, pois xa veremos.

Eu o que lle digo é que hai unha cuestión: hai unha cianobacteria e esa cianobacteria pode derivar o problema, ¿verdade? De momento non se produce esa mutación, non sabemos por que razón, pero en calquera momento pode producirse. E a cuestión é que mecanismos están previstos para actuar, para protexer ou para que toda esa poboación non quede sen auga potable. Iso é o que lle estamos preguntando, que medidas de protección e de acción están previstas. Porque o que lle estou dicindo é que en toda a Mancomunidade do Salnés, en todos os municipios do Salnés, non hai absolutamente ningún mecanismo de filtro nin de protección ante o feito de que se produza esa situación, a pesar de que vostedes o prometeron e de que dixeron que dentro dese Plan Umia ía o sistema de filtros de carbono na depuradora da Mancomunidade do Salnés. Nunca máis se soubo. E diante diso, vostedes din: non, non; se vén o problema xa miraremos o que imos facer. Ben, ¡fantástico!

Miren, ¿e quen alarma? —dígoo por se non teñen coordinación entre as consellerías—. *(A señora Prado Cores amosa un documento á Cámara.)* Isto é un escrito oficial da Consellería de Sanidade que mandou ao Concello de Caldas, e aquí di que o colguen, que advirtan a poboación e que poñan isto: «Recoméndase non bañarse nin realizar actividades acuáticas. Perigo. Presenza de cianobacterias tóxicas». Isto é da Consellería de Sanidade, señora Mato. ¿Quen alarma, o BNG? É a propia Xunta a que dixo que se fixera público isto, que se advertira a poboación. Presenza de cianobacterias tóxicas. *(A señora Prado Cores entrégalle o documento ao presidente.)* Dígoo porque parece que hai algún problema de coordinación, e non sei quen é o que está alarmando.

O que queda claro é que os chascarrillos de remontarnos ao Plistoceno medio quedan moi ben, pero —insisto— todos os expertos din que non só é posible, senón que é recomendable que o encoro do Umia se desmonte, porque é a única solución para recuperar a saúde do río Umia e a única solución para que non haxa cianobacterias. Non o di o BNG, dino todos os expertos. Á parte é viable e posible. Porque, ademais, ese encoro non solucionou absolutamente ningún problema; creou problemas para o río: creou un problema de saúde pública e creou un problema medioambiental.

O río Umia está ferido de morte por ese problema, un problema só para darlle negocio a unha empresa. Que, por certo, señora Mato, se vostede hoxe non contesta, espero que lle deixe os deberes para a súa substituta. ¿É certo que o empresario leva, como mínimo, tres anos sen pagar nin o canon nin o que lle corresponde por esa concesión? ¿É certo que ademais de crear un problema para darlle negocio a este empresario resulta que, por encima, non está pagando o que tiña que pagar? ¿É certo que nos anos que leva sacou pingües beneficios e que agora que parece que non lle é rendible resulta que non está pagando? E se é certo, ¿que actuacións está realizando a Consellería para reclamarlle eses cartos a este empresario?

Gustaríanos que nos aclare estas cuestións, porque, ademais de crear un problema, ademais de que os veciños non poden desfrutar do río nin deixar de ter moito temor por esa auga —evidentemente vostede dirá que non ten ningún problema, pero gustaríame saber se vostede con ese tipo de auga se bañaría ou faría calquera tipo de actividade con ela—, resulta que está tendo negocio unha empresa e resulta que, por encima, esa empresa non paga á Xunta nin o canon aos concellos que tiña que pagarlles. Todo un auténtico negocio para o empresario, dende logo, nin para os veciños de alí nin para o conxunto dos galegos e galegas.

O que está claro é que enmascararon como entidade pública un negocio privado e, por enriba, pagárono con fondos públicos. É hora de rematar co despropósito que significa o encoro do Umia, señora Mato, señores deputados e señoras deputadas do Partido Popular. A Xunta e o Partido Popular crearon o problema e teñen que solucionaralo. Cento cincuenta mil veciños e veciñas, a súa saúde e a saúde do Umia teñen que estar por enriba do negocio dunha empresa concesionaria, por moito que vostedes —a saber por que— fagan tanto por protexer ese negocio que, por enriba, non paga o canon nin o que lles debe ás arcas públicas.

Dende logo, non queremos un río de augas verdes e contaminado, queremos un río limpo, de augas transparentes; e queremos que por parte da Xunta de Galiza se faga o que se debe de facer, que é, primeiro, poñer os intereses da poboación por enriba dun negocio privado.

Eu fíxenlle —e está por escrito—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...toda unha serie de preguntas a respecto dunha serie de consideracións. Señora Mato, eu entendo que hoxe non sexa o mellor día para vir contestar, pero se hoxe non as contesta, eu pediríalle que llelas deixe á súa substituta, que llo deixe como de-

beres, xa que durante a súa etapa á fronte da Consellería de Medio Ambiente non solucionou o problema do encoro do Umia.

Un problema grave e de alarma, porque os veciños e veciñas están alarmados pola situación de ter un río verde, con esas augas que hoxe lle trouxen aquí. E xa que non o solucionou, polo menos déixelle como prioridade á persoa que vai a ocupar a Consellería que solucione o problema do encoro do Umia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Peche da interpelación, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Grazas, presidente.

Señora Prado, evidentemente, o Goberno da Xunta de Galicia sempre pon por enriba o interese xeral e o interese da poboación, e máis se se trata de temas — neste caso— tan serios como é a saúde pública.

Estamos — como dicía na primeira parte— ante unha problemática que é recorrente, pero para a que xa temos controis e medidas que están protocolarizados. A maiores, na última década puxemos en marcha unha serie de medidas que teñen como obxecto loitar contra esta situación, das que darei conta.

Elaboramos unha serie de estudos co fin de determinar as posibles causas que provocan ese aporte de nutrientes ao encoro e, polo tanto, esa proliferación de cianobacterias; analizamos cuestións diferentes, como é a evolución temporal da cobertura vexetal e do uso do solo, así como da erosión, o estudo de conservación do bosque de ribeira, a evolución da calidade das augas do encoro, os vertidos que se están a dar na zona e como funcionan os sistemas de depuración e saneamento nas concas que verten nos encoros. Este traballo, dalgunha maneira, permítenos saber que os responsables das principais achegas de nutrientes ao encoro son basicamente tres: as deficiencias no saneamento, a influencia da actividade agrogandeira e a ausencia de bosque de ribeira.

A partir desta base tómanse medidas concretas en diferentes ámbitos. No réxime de explotación da presa, facendo cada ano unha adecuada xestión do encoro para tentar que o seu nivel se manteña nunha determinada cota, co obxectivo de minimizar o impacto da proliferación das cianobacterias. Na planta de potabilización de Caldas, dotándoa dunha nova captación e dun depósito que permitiron optimizar o seu funcionamento, para o cal investimos no ano 2012 seiscentos cincuenta mil euros. Na mellora das infraestruturas de saneamento e depuración, coa mellora da ampliación da EDAR de Cuntis, novas redes de saneamento separativas no medio rural dos concellos de Cuntis, Moraña e Caldas de Reis e o mantemento tamén da EDAR e das redes de saneamento na contorna deste encoro, cun investimento superior a 1,3 millóns de euros. E no control de puntos de vertido, a través do Plan de control

de Augas de Galicia, que permitiu inventariar vinte e catro puntos de vertido, dos que, no día de hoxe, só quedan tres activos que se corresponden con problemas de funcionamento nos sistemas de depuración dos concellos de Caldas, Cuntis e Moraña.

Eu creo que iso é parte do traballo e parte do compromiso que dende este goberno temos por garantir o que lle dicía, que é manter informada ao cen por cento a poboación e, por suposto, os seus representantes e os alcaldes, e, sobre todo, garantir esa salubridade da auga que lles permita facer unha vida cotiá, como están a facer no día de hoxe.

Insisto: non é algo único deste encoro, encoro ao que parece que lle ten unha teima especial o Bloque Nacionalista Galego dende hai case trinta anos. Hai máis encoros na nosa comunidade e, no día de hoxe, hai catro encoros que están a vivir unha circunstancia semellante á deste encoro tamén pola proliferación de cianobacterias, pero non está a ocorrer —a diferenza deste— a alarma xerada interesadamente.

En relación con este encoro, que —como dicía— ten case trinta anos, está presa realiza unha importante función laminadora das avenidas do río Umia. De feito, conséguese reducir un dezaioito por cento dos caudais de punta da avenida, diminuíndo así algo importante, que é o risco de asolagamento, así como as molestias e os danos nas zonas augas abaixo da presa.

E cando falamos deste embalse, cómpre lembrar que tamén ten unha parte cunha incidencia claramente social a través desta concesión desta hidroeléctrica, porque hai que recordar que grazas a este acordo —un acordo que temos coa Deputación de Pontevedra, Augas de Galicia e os concellos de Caldas, Cuntis e Moraña— se pode dotar un convenio cada ano de preto de catrocentos mil euros, que precisamente vai destinado nestes concellos para actividades socioculturais.

Polo tanto, estamos nun proceso —volvo repetir— natural, un fenómeno de proliferación de cianobacterias no embalse que está caracterizado polo seu dinamismo natural, e dende a Xunta de Galicia seguimos atentos a esa evolución cos controis que xa están protocolarizados e que garanten a salubridade da auga, sobre todo da auga de consumo, traballando sempre en coordinación máxima non só cos concellos, senón tamén coa Consellería de Sanidade, e, por suposto, facendo as análises da maneira que se teñen que facer, que é cos técnicos.

Non hai eses graves problemas de saúde públicoambientais aos que vostede se refire. A poboación está claramente informada e protexida ante o consumo de auga e, de feito, as augas están sendo tratadas ante as cianobacterias. E repito: ante as cianobacterias, non ante a toxina. Non hai ningunha toxina, nin a hai nin a houbo, e por iso lles pido, sobre todo, seriedade á hora de falar dun tema tan importante como é a saúde pública.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira, sorte e saúde, iso é o que lle desexo eu. Si, por favor, sorte e saúde, iso é o mellor que se pode desexar. Sorte e saúde a todos, tamén llelo desexo a todos.

Pasamos ao punto sétimo da orde do día, que é o de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a repercusión temporal que supón, no remate das actuacións anunciadas no barrio da Residencia, na cidade de Lugo, a decisión da Xunta de Galicia de deixar sen efecto os acordos referidos á retrocesión do pavillón xeral e do edificio da Escola

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro, sorte e saúde nesa nova etapa que continúa vostede, que é o único conselleiro que, dende que comezamos, ao final do día continúa na súa responsabilidade.

Saúdo tamén a señora alcaldesa de Lugo, dona Lara Méndez, e o voceiro do Goberno municipal, don Miguel Fernández, que nos acompañan.

Lugo, esa cidade permanentemente castigada polos sucesivos gobernos do Partido Popular, polos sucesivos gobernos do señor Núñez Feijóo; castigada porque, evidentemente, como non son quen de acadar o goberno municipal, utilizan estratexias de gobernos autonómicos e gobernos centrais para deixar esa cidade permanentemente no limbo do abandono. *(Aplausos.)*

¡Que dicir de procesos como a intermodal de Lugo!, laminada totalmente entre o Goberno do señor Rajoy e o Goberno do señor Feijóo, cada quen coa súa responsabilidade. Aínda non somos quen de saber en Lugo que vai facer a Xunta de Galicia coa parte da estación de autobuses que lle compete, laminada co cuartel de San Fernando e o museo da romanización, laminada coa hemodinámica 24 horas, laminada co barrio da Tinería, laminada co Plan Paradai —e pódolle dicir que coñezo de primeira man a laminación que supón o Plan Paradai—, e o prodixio é que vostedes presentan, con gran despliegue de medios, un proxecto estrela para as antigas instalacións do vello hospital de Lugo, do barrio da Residencia; barrio abandonado polo Partido Popular sucesivamente dende que empezou o funcionamento do Hospital Lucus Augusti.

Presentaron vostedes ese proxecto estrela para ese barrio que nin pisan os propios concelleiros do Partido Popular, porque non se atreven a ir por alí: un centro integral de saúde, un centro de emprendemento aeronáutico para esa especie de cabo Cañaverl que están montando na provincia, unha comisaría de Policía, unha planta de biomasa, etc., etc., etc.

Montaron vostedes un acto no que confundiron deliberadamente partido e goberno, cunha descarga de deputados do Partido Popular no Parlamento de Galicia para presentar un proxecto estratéxico para un barrio sistemática e permanentemente abandonado.

O día 19 de xullo do ano 2017, coincidindo con esa presentación do Plan integral para o barrio da Residencia, asinaron un convenio que supoñía, entre outras cousas, a retrocesión á Te-

sourería Xeral da Seguridade Social de certos edificios da antiga residencia, porque era necesario para cambiar o seu uso, e aí establecían un prazo máximo dun mes.

Pese a que vostedes dedicaron seis meses a facer o que o convenio dicía que tiñan que facer nun mes, resulta que o día 31 de maio —nin co 5 % de publicidade, porque non deron ningunha— anuláronos vostedes no Consello da Xunta —sen avisar— eses convenios de retrocesión, e parece ser que sen esa retrocesión non van poder vostedes facer alí nada que non sexa un uso sanitario.

Por iso eu lle pregunto, señor conselleiro: ¿esa modificación supón algunha alteración nas actuacións que van levar vostedes a cabo?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Quero tratar tres cuestións, pero previamente subliñar que o trámite que aprobamos na Xunta suporá, en esencia, axilizar e simplificar os trámites para as actuacións que están previstas neste barrio da Residencia, en Lugo.

Como ben sabe, deseñamos un proxecto global, que consta, en primeiro lugar, do primeiro centro integral de saúde de Galicia, dunha nova residencia sociosanitaria, dunha nova oficina de formación e emprego, dun centro de emprendemento da industria aeronáutica e dunha planta de distribución de biomasa. Iso polo que respecta ás competencias coas que imos quedar na comunidade autónoma.

A primeira cuestión que lle quero explicar é que tomamos este acordo a instancias do Goberno central.

O novo barrio da Residencia —como ben coñece, que algunha referencia acaba de facer— é unha das maiores iniciativas de transformación urbana que en Galicia temos nestes momentos. Isto é posible porque existe un grande hospital, o HULA, que nestes momentos —e o que parecía en principio coma unha eiva— resulta que é unha grande oportunidade. As antigas instalacións nese barrio da Residencia estámolas aproveitando dende a Xunta, e fixémoslo dunha maneira moi ambiciosa.

Por esta razón estamos ante unha operación moi complexa, que é dotar a cidade de Lugo desta multitude de servizos, con actuacións en fincas segregadas e diversos usos, nas que participan moitos actores e múltiples administracións.

Pois ben, co fin de axilizar estas actuacións solicitei eu, persoalmente, unha reunión co Goberno central, e a instancias súas chegamos a un acordo. Un acordo que basicamente permite

tres cuestións: adiantar tramites e axilizar todo o procedemento, realizar unha demolición por parte da Xunta sen necesidade de expediente previo e reducir os sete expedientes patrimoniais previstos a tan só dous.

En segundo lugar, expoñerlle que esta decisión o que nos permite, en realidade, é que esteamos executando diversas actuacións. O pasado venres, como ben coñece tamén, asinamos co Concello de Lugo o acordo para executar o primeiro centro integral de saúde de Galicia.

Tamén coñece que un día antes no Consello da Xunta autorizamos os primeiros pasos para dispoñer no futuro da primeira aceleradora de empresas do aeronáutico —eu non utilizo termos despectivos como cabo Cañaverl—, vinculada ao polo de Rozas.

En terceiro lugar, ademais —e grazas a esta decisión de non facer aínda retrocesión—, nun mes e medio presentaremos o proxecto de demolición do antigo Hospital Xeral para poder levantar nese espazo eses novos servizos. É máis, grazas a este acordo ao que chegamos co Goberno central asumimos dende a Xunta a total demolición do que é o edificio principal do antigo Xeral.

Despois, obviamente, asinaremos ese acordo de retrocesión co Goberno central, reservado para —como ben coñece, tamén— a nova comisaría de Policía, que é competencia do Executivo central e que xa tiña comprometida o Goberno anterior do PP no nivel central.

E a terceira cuestión, e aproveitando que está aquí a alcaldesa —segundo acaba de relatar vostede—, o que lle pedimos é que dende o Concello de Lugo colaboren e non exista dilación, e que nos permitan seguir con ese compromiso forte... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro, rematou o tempo.

Grazas.

Réplica, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, non utilicei ningún termo despectivo, simplemente me referín facendo un símil ao centro aeronáutico de Rozas.

En segundo lugar, vaime permitir dicirle que non teño tempo para relatarlle a cronoloxía da tramitación dentro do Concello de Lugo dese proxecto de centro de saúde integral, que vostede sabe perfectamente —e ocúltao deliberadamente— que foi eficiente, e sábeo e non o di.

En terceiro lugar, e por ir simplificando, se esta iniciativa de transformación urbana —á que vostede fixo referencia—, a maior de toda Galicia, requiría deste trámite para acabar antes, —que entendo ou entendín mal que vai axilizar—, polo tanto van ser vostedes quen de acabar antes todo o que ían facer alí; entendo que é o seu compromiso nesta resposta que me

dá para a cidade de Lugo. Pero se este proceso axilizaba, ¿por que non lle deron vostedes publicidade? ¿Por que o ocultaron? ¿Por que non lle dixeron á cidadanía: non vos preocupe-des, isto que imos anular aquí é porque o imos a facer máis rápido?

Porque o señor Carballo, candidato do Partido Popular á Alcaldía de Lugo, era naquel momento subdelegado do Goberno de España na provincia; polo tanto, unha de dúas: ou non se enteraba do que facían vostedes nos propios ministerios en Madrid, ou enterábase e dicía: isto non ten ningunha boa venda, isto non pinta ben. Será máis eficaz —o tempo dirao—. En todo caso, o que está claro é que vostedes non lle deron publicidade. Deberían explicar por que. E deberían deixar de culpar permanentemente o Concello de Lugo, que bastante leva sufrido historicamente por culpa de vostedes. Deberían vostedes explicar á cidadanía que van mellorar o proceso e van deixar aquel barrio perfectamente en condicións, cinco meses antes, un ano antes, dous anos antes, grazas a esa reunión da que supoño que existirá algunha acreditación documental. Algo lle pedirían, porque supoño que un goberno serio como son vostedes non se move a base de reunións e acordos non estou dicindo mal tomados nin ocultos —non me mire con esa cara—; digo que cando se retrotrae un expediente haberá algún soporte documental de por que se fixo así. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Peche da pregunta, conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Eu creo que os feitos ratifican ese compromiso que ten a Xunta de Galicia coa cidade de Lugo e con boa parte de todo Lugo; permítame que lle diga que si.

Como ben sabe, a iniciativa foi da Xunta en todo este movemento —xa hai máis dun ano, cando empezamos a falar— e materialízase no primeiro protocolo asinado co Ministerio de Traballo e Seguridade Social, onde se conteñen en esencia todas as pezas.

Como ben sabe tamén, hai ao mesmo tempo que conxugar dous tipos de actuacións: actuacións que permiten a licitación e a posterior posta das obras canto antes mellor e actuacións de carácter patrimonial. E no seu momento elixiuse unha vía —a patrimonial— que nestes momentos creo que pode estar moito mellor superada —por iso falo de API—, onde había de sete expedientes patrimoniais previstos tan só dous. ¿E isto que permite? Isto o que permite é que en mes e medio sexa presentado no Concello de Lugo, para o cal pedimos dilixencia. Eu non fixen ningún xuízo de valor; dilixencia é o único que pido. Igual que no mes de xullo se presentou para a licenza de obra o Centro Integral de Saúde, non lles digo aos técnicos o que teñen que facer; o que pido é dilixencia, dado o tamaño da actuación da que estamos a falar; é o único que pido.

Porque nós asumimos plenamente que para facer a residencia sociosanitaria hai primeiro que derrubar onde estaba o antigo edificio do Xeral, que é a parte máis emblemática, e a parte de derrubamento que vai pegada ao Centro Integral de Saúde esa xa está presentada. Polo tanto, o único que pido é dilixencia. E o tempo quitará ou dará razóns, pero non é a

razón persoal. Eu creo que estamos falando de algo ben serio, dunha actuación ben completa, non soamente polos modernos servizos que podemos á disposición da cidadanía de Lugo, non só por iso, senón porque ese espazo vai ser un verdadeiro espazo onde a xente de Lugo poida convivir en algo que está pechado nestes momentos e que permita esa utilización e esa permeabilización da cidadanía.

O único que lle estamos tratando de transmitir é que, coa máxima dilixencia, se, á parte das palabras, tomamos en serio o que estamos facendo, onde estaba previsto un desenrolo patrimonial a instancias do propio Goberno central, porque hai varias formas de acometer esta situación, procedamos a dar os pasos para que canto antes se poida derrubar, para que canto antes estea en obras o Centro Integral, a residencia sociosanitaria, a parte de emprego e formación, e tamén o Centro de Biomasa, que tamén en si mesmo é un exemplo do moito que se pode facer en materia de enerxías renovables, neste caso na provincia de Lugo.

Polo tanto, quedaría unha única peza, para a que tamén eu pido colaboración por parte do PSOE, por parte da alcaldesa, para instar o actual Goberno central a que tomen en serio tamén a Comisaría de Policía, que redondearía todo o que está previsto.

E fíxese en que, se o que acabo de dicir foi coherente coas actuacións levadas a cabo no seu momento...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...a instancias dos técnicos municipais, tivemos que preparar unha peza humanística. E así o fixemos, porque non temos nada que ocultar.

Polo tanto, moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e catorce deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais cidades galegas

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señora conselleira.

En distintas comparecencias nesta Cámara xa afirmou que a intermodalidade é unha das apostas do Goberno galego na mellora do transporte público, e, para acadalo, vén traballando neste sentido nos últimos exercicios, sendo evidentemente para iso imprescindible a coordinación con outras administracións. E tamén —como xa comentou— ten acadado o Goberno galego para este obxectivo o financiamento comunitario.

Entre as múltiples accións da intermodalidade que está a facer o Goberno galego —non só estas, pero, evidentemente, unha das importantes— está conseguir esa interrelación ou esa construción das estacións intermodais nas nosas cidades. E tamén é coñecido o avance das obras de chegada do AVE a Galicia, o que fai tamén especialmente importante a construción destas infraestruturas xerais.

Nunha comparecencia a petición propia xa avanzou que tiña o obxectivo de comezar algunha destas obras durante este ano 2018, e sabemos, polos medios de comunicación, que xa empezou a cumprirse este obxectivo coa licitación e adxudicación ou estando en obras algunhas delas, dependendo do caso.

Como dicía, son necesarios a coordinación e o compromiso doutras administracións, Fomento e concellos. E sabemos tamén polos medios que, por desgraza, a colaboración municipal non foi a mesma nos distintos concellos. E incluso tamén vemos, pola pregunta anterior, que, dado o nivel de coñecemento que se demostra nalgún deputado, convén que, na medida do posible, nos aclare o estado de evolución dalgunha destas intermodais. E por iso presentamos a seguinte pregunta: ¿cal é o balance e as previsións que manexa a Xunta para o desenvolvemento das estacións intermodais nas principais cidades galegas?

Se me permite, tamén incluír —á vista da pregunta anterior— a de Lugo. Pero tamén me preocupa que teñamos non só a intermodal, senón que ese tren chegue a Lugo co mesmo compromiso e o mesmo que demostrou o Goberno de Mariano Rajoy. Xa veremos se o señor Sánchez e o señor Ábalos (*Murmurios*.) demostran o mesmo compromiso. En calquera caso, estou seguro —e así nolo trasladará— de que desde a Xunta de Galicia se está traballando neste obxectivo, tanto da vía como da estación intermodal de Lugo.

Moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, desde logo a principios de ano tiveron a oportunidade de informar do traballo que estabamos a realizar desde a Xunta de Galicia para dotar as principais cidades galegas das estacións intermodais, favorecer os intercambios do modo de transporte, favorecer o transporte público. E o certo é que xa certas estacións intermodais están a tomar forma en diferentes cidades en Galicia grazas ao traballo que vimos exercendo desde a Xunta de Galicia e tamén un traballo coordinado con diferentes administracións, principalmente traballo coordinado co Ministerio de Fomento, dado que estamos a falar de principais nodos de transporte de estación de tren e estación de autobuses.

Hai avances significativos en diferentes estacións intermodais. Queremos que as principais cidades de Galicia, que todas as cidades de Galicia teñan estacións intermodais modernas. E

levamos traballando durante moito tempo con moita xente nun intenso labor, empezando por conseguir eses primeiros fondos, os cartos para desenvolver as estacións intermodais e buscando a implicación con todas as administracións que teñen responsabilidades —son grandes proxectos que teñen grandes actuacións e, polo tanto, grandes implicacións para todas as administracións—, traballando e buscando fondos para eses proxectos, o encaixe perfecto dos diferentes elementos das estacións intermodais, e tamén desenvolvendo un problema que realmente é un problema municipal: o urbanístico.

Puxemos enriba da mesa, á disposición de todos os concellos, a Lei 3/2016, para resolver o problema urbanístico e darlles amparo urbanístico a estas estacións intermodais. Estamos traballando ao máximo para construír esas estacións de autobuses integradas nas estacións de ferrocarril, para aproveitar ao máximo as potencialidades da chegada da alta velocidade, para fomentar o uso do transporte público, para facer cidade tamén nas diferentes cidades de Galicia e actuacións sostibles e integradas no territorio.

E continuamos avanzando con diferentes avances nas diferentes estacións intermodais en Galicia. Ferrol, a piques de adxudicar os estudos previos. A día de hoxe, dúas estacións intermodais en marcha; están as máquinas en dúas estacións intermodais, en Santiago e en Ourense. En Santiago son doce millóns de euros os que imos investir, incluíndo a pasarela, que está a punto de licitarse. Comezamos as obras na estación intermodal de Ourense a semana pasada, once millóns de euros, xunto co aparcamento, que se licitará en breve. En Pontevedra, xa ultimando o deseño.

E en Lugo o certo é que estamos esperando que o Concello nos conteste a esa proposta de protocolo para asinar co Adif; levamos moito tempo agardando e esperamos que así conteste. Igual, xa que se mencionou, que no Plan Paradai seguimos esperando polo Concello para que consiga ese acordo coa Confederación e nos outorgue licenza, así como tamén a disposición dos terreos. Se o Concello de Lugo non avanza, nós tampouco podemos avanzar.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas.

Conselleira, espero, xa que non está o deputado, que polo menos a alcaldesa —que nos acompaña— escoitase a resposta.

En calquera caso, grazas por esta información. Xa vemos que Santiago e Ourense van moi avanzadas, xa en obras. Pero a min, como deputado ademais da Coruña, preocúpame especialmente a cidade da Coruña.

En Santiago, onde goberna a Marea, a pesar de que tampouco sexa unha actitude especialmente proactiva, aí vemos que non houbo bloqueos. Non é o caso da Coruña; por iso

esta preocupación. Incluso xa vemos que Pontevedra vai avanzando máis que A Coruña. *(Murmurios.)*

A min gustaríame preguntarlle cales son estas razóns polas que A Coruña, que empezara antes, vai máis atrasada. Se eses trámites municipais que adiantaron que ían utilizar a Lei 3/2016 —lei exprés— se xa se empezaron a utilizar ou non, se eses trámites urbanísticos comezaron, se ve algún risco no comezo destas obras ou incluso na posible perda deses fondos europeos por parte da Coruña.

En calquera caso, gustaríame —e desculpe que esta pregunta non vaia por escrito, pero foron declaracións posteriores do alcalde da Coruña— facerlle outra pregunta: ¿que lle parece que o alcalde, o señor Ferreiro, que é o responsable deste atraso das obras da intermodal, pida a súa dimisión por algo que é responsabilidade del e non é capaz de cesar ou conseguir que dimitan os concelleiros aos que o seu propio Pleno lles pediu o cesamento? Eu creo que pedir o cesamento dunha conselleira que fai o seu traballo cando el non responde á petición dese cesamento dos seus concelleiros pois é sinxelamente unha expresión que debería de valorarse.

En calquera caso, os coruñeses estamos preocupados porque, como ben acaba de dicir, outras cidades van avanzando máis que a propia cidade da Coruña. E gustaríanos saber cal é a súa valoración a este respecto.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, o certo é que desde a Xunta de Galicia estamos a impulsar estes proxectos de futuro nas cidades galegas e ningún concello, ningunha cidade debería renunciar a este tipo de actuacións, porque son proxectos de futuro.

Estamos levando a iniciativa desde a Xunta de Galicia para desenvolver as estacións intermodais en todas as cidades de Galicia, procurando o acordo con todas as administracións, procurando o acordo co Ministerio de Fomento e procurando os acordos con cada un dos concellos, que deben tamén asumir as súas responsabilidades.

Lideramos eses traballos desde a Xunta de Galicia a pesar de encontrar diferentes atrancos en diferentes concellos de Galicia, o que ten dificultado moitas veces avanzar e impulsar estas estacións intermodais.

Eu poño o exemplo do Concello de Vigo, a intermodal de Vigo. Na intermodal de Vigo levamos traballando moito tempo e viuse adiada, atrasada como consecuencia do non recoñecemento por parte do Concello de Vigo, desde o ano 2015, ignorando esa necesidade de executar eses

acessos acordos con ese gran complexo comercial intermodal; desde o ano 2015, negándoo; en abril de 2017 por fin conseguimos que recoñecera que había que executar eses grandes accesos e colaboramos conxuntamente. Por fin, rematados os trámites administrativos, esta mesma semana aprobarase ese gran proxecto comercial intermodal na Comisión Superior de Urbanismo, para seguidamente ter a autorización urbanística por parte do Concello e da Xunta, e que o centro Vialia, grazas á Xunta de Galicia, poida iniciar as obras coa licenza autonómica, porque non hai licenza municipal. Quince millóns de euros que fan viable a estación intermodal en Vigo.

En Lugo, agardando a contestación —como dixen— por parte do Concello a ese borrador de texto de acordo, de colaboración entre Xunta e Adif; e, polo tanto, Adif e Xunta de Galicia agardando a que o Concello de Lugo conteste para poder seguir avanzando.

Na estación intermodal da Coruña non deixamos de traballar. Ningunha administración traballou máis na estación intermodal da Coruña. Nada nos gustaría máis que vela en marcha. Pero hai bandazos, cambios de criterio, vaivéns dun concello que nos obriga a tirar traballo e tempo ao lixo; é así: traballo e tempo ao lixo, moito traballo, cartos investidos ao lixo. E nunca escatimamos nin en recursos nin en traballo, nin escatimaremos en recursos e en traballo pola estación intermodal. Seguiremos traballando con determinación a pesar de que teñamos atrancos por diferentes concellos.

Catro estacións intermodais, polo tanto, en marcha: Vigo, Pontevedra, Santiago e Ourense, e o noso traballo tamén no resto das estacións intermodais como Ferrol, como Lugo, e tamén —como nos tería gustado que estivera en marcha— no concello da Coruña.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para evitar as retencións que se veñen producindo na AP-9

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Despois deste parón publicitario para a que o Partido Popular utilizara o Parlamento para facer campaña municipal, voltamos ao traballo parlamentario. *(Murmurios.)*

Señora conselleira, hoxe traemos unha iniciativa para darlle a oportunidade de que dea a cara diante dos constantes problemas durante todo este ano na ponte de Rande. Vostede xa deu a cara para sacar a foto na inauguración fraudulenta, vostede xa deu a cara na defensa de Audasa, xa deu a cara para defender o señor M. Rajoy, pero aínda non a vimos dando a cara para defender os intereses da cidadanía de Galicia, sobre todo dar a cara diante da cidadanía de Galicia diante destes problemas.

O que vostede responde hoxe é de especial interese, porque hai moitísima xente que se está facendo esta pregunta en Galicia, sobre todo todos os usuarios e usuarias que utilizan a ponte de Rande, que levan utilizando durante todo este ano a ponte de Rande. Por iso lle pediría que nos falase de actuacións concretas e que non se agoche en xeneralidades, como fai habitualmente nas súas respostas.

A pregunta é moi directa e moi sinxela: ¿que fixo ata o de agora a Xunta de Galicia para mudar a pésima xestión de Audasa diante das constantes molestias ás usuarias e a estafa continuada?, unha estafa que hoxe non a marcamos na súa totalidade, a da AP-9, como vería na exposición de motivos, e a centramos nas constantes molestias e retencións na ponte de Rande e a falta de ningún tipo de compensación por parte de Audasa, nin devolución das peaxes nin levantamento das barreiras das peaxes.

Supoño que vostede, entre as súas xeneralidades, dirá que isto é unha competencia estatal, e, para evitar perder o noso tempo, o seu, o noso e o da xente que poida ver isto, imos centrarnos única e exclusivamente na responsabilidade que ten a Xunta de Galicia dentro da Comisión mixta da AP-9, porque vostedes están aí. A Xunta de Galicia forma parte dunha Comisión mixta da AP-9; polo tanto, teñen vostedes unha responsabilidade directa aí dentro e a obriga de dar conta do traballo realizado dentro da dita Comisión.

Gran parte da cidadanía ten a sensación de que vostedes non teñen feito absolutamente nada diante de todos estes abusos e vostede agora ten a oportunidade de dicir o contrario. Diante deste problema xa se pronunciaron concellos da comarca, empresarios, transportistas, condutores e condutoras, a Valedora do Pobo, a oposición e mesmo a Fiscalía. E só cando se viron superados por toda esta presión e non foron quen de silenciar esta cuestión saíu o señor Feijóo a dicir que, se volvía haber unha retención, se exixiría a Audasa levantar as barreiras; unha bravuconada, que se demostrou que era unha bravuconada, porque aos poucos días houbo retencións e o señor Feijóo agachou a cabeza nun burato, amosando que ía totalmente de boquilla.

A pregunta é moi clara: que nos diga, de maneira concreta, que é o que fixeron dentro desa comisión, cantas veces se reuniron, de que falon nesas xuntanzas, cales foron as ordes do día, cales foron as propostas da Xunta de Galicia, cales foron os acordos, cales foron as conclusións, cuestións concretas do traballo que fixo a Xunta de Galicia dentro desa comisión.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Aproveitou vostede a súa intervención para abordar diferentes asuntos relacionados coa AP-9. Eu voulle dar resposta na medida do posible, pero, en calquera caso, permítame que me

centre. Damos a cara a solucións e damos a cara con solucións. ¿E que levamos feito? Moitísimo traballo. A palabra «traballo» ao mellor non se entende ben nalgúns zonas, pero moitísimo traballo, e voulo relatar.

Desde logo, a pesar de ser unha competencia estatal e unha vía de titularidade estatal, vimos exercendo un seguimento importantísimo en relación coa AP-9, porque é a vía troncal en Galicia, un seguimento que ultimamente temos que facelo a través dos medios de comunicación. Gustaríanos ter un seguimento como viñamos facendo na Comisión de seguimento, que tiñamos viva, que eu agardo que non quede morta.

Sempre defendemos —e seguiremos defendendo— o dereito a unha calidade do servizo da AP-9 —o contrario non é admisible—, insistindo nunhas boas prestacións, excelentes prestacións nesta vía de capacidade, nesta autopista, e nun servizo de calidade. E vimos defendendo este servizo de calidade desde hai moitísimo tempo, moito máis tempo desde que vostede é parlamentario, deputado, moito máis tempo, antes de que vostede fose deputado, defendendo e demandando servizo de calidade desta autopista. E aplaudiremos e apoiaremos todas as iniciativas encamiñadas á defensa dos intereses dos galegos e relacionadas co mellor servizo da AP-9 e coas melloras na AP-9.

E por suposto que tivemos capacidade política, por suposto que si que tivemos capacidade política, dando a cara e demostrando a nosa capacidade, e non fomos alleos aos problemas. Desde o primeiro momento implantáronse medidas, medidas excepcionais a situacións excepcionais, demandámolas, e, desde logo, houbo resultado desa presión exercida por parte da Xunta de Galicia en relación coa AP-9: reforzo de persoal, actuacións executadas para evitar retencións na saída do Salnés, na da peaxe de Sigüeiro, das que vostede supoño que non estará informado. Desde logo, cando os problemas non se producen, xa non é noticia. En calquera caso, eu creo que podemos afirmar que a situación mellorou despois das retencións, que houbo resultados como consecuencia da presión da Xunta de Galicia.

Concluiron traballos, puxemos o acento na calidade do servizo e seguiremos mantendo ese acento na calidade do servizo, con dispositivos especiais. E unha iniciativa da Xunta de Galicia por exemplo na ampliación da ponte de Rande, que chegaron vostedes moi tarde; menos mal que demos a cara nós con tempo; vostedes, a destempo. E grazas á Xunta de Galicia os usuarios do Morrazo poden utilizar tanto os carrís exteriores como os carrís interiores, porque demos a cara, e a tempo, non a destempo, como vostedes.

É un fito, desde logo: por primeira vez na historia temos voz os galegos na Comisión mixta da AP-9, grazas a este goberno, onde conseguimos desde logo feitos moi importantes, que lle traerei na seguinte intervención.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Ben, ningunha sorpresa, xeneralidades e non deu vostede nin unha soa actuación concreta nin unha soa proposta concreta que fixeran dentro da Comisión mixta, que é o que lle solicitabamos nesta pregunta.

Eu, como non respostou ás preguntas, non teño nada máis que dicir, porque non dixo absolutamente nada sobre as preguntas que lle fixen. Entón, vólvolle facer as mesmas preguntas, e vounas reducir a dúas, dúas preguntas moi concretas de actuacións, de cuestións concretas que defendeu a Xunta de Galicia dentro da Comisión da AP-9 e cal foi a resposta e cales foron as conclusións.

E voulle preguntar por dúas cousas. Unha, a que lle veño de facer na pregunta: ¿que propuxeron vostedes, dentro da Comisión da AP-9, diante dos constantes atascos e retencións, diante de que Audasa non levantase as barreiras, polo cal está cometendo unha estafa? ¿Que propuxeron, que propuxo a Xunta de Galicia dentro desa comisión? É unha pregunta moi clara e moi concreta: ¿que é o que vostedes propuxeron? E ¿cal foi a resposta? ¿Cales foron as conclusións? Se foron tidos en conta, se non se lles fixo ningún caso ou se nin tan sequera se reuniron, que é o que nós cremos.

Diga, por favor, que é o que defenderon, porque ten vostede a obriga de dar contas do seu traballo. Para iso está vostede aquí. É unha cuestión de calidade democrática, señora conselleira. Se vostede cre na democracia, debe responder que é o que vostedes fixeron dentro desa comisión e que propuxeron e cales foron os acordos que acadaron dentro desa comisión. É unha pregunta moi, moi, moi sinxela e moi clara. Resposte, por favor, concretamente.

E voulle preguntar tamén sobre outra cuestión que tamén foi das últimas cousas que ofreceron desde que está a Comisión mixta: ¿que propuxo a Xunta de Galicia diante da retirada da peaxe de Redondela? Se vostedes foron os que propuxeron que se repartise o pago desa peaxe entre o resto dos usuarios e das usuarias, en vez de que repercutira nos enormes e indecentes beneficios de Audasa.

Eu creo que son cuestións moi concretas e que debe dar unha resposta de que defenderon vostedes dentro da Comisión mixta e cales foron as conclusións dentro desa comisión. E se nos dá a data, xa sería fantástico. Pero, como seguramente non se reuniron...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal. Grazas, terminou o seu tempo.

O señor CAL OGANDO: ...non nos pode dar a data.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Respostas concretas a preguntas concretas, que vexo que ás veces ou non se escoita ou non se interpreta ben a información.

Datos concretos na Comisión. ¿A vostede que lle parece rachar ese convenio asinado polo Bipartito da Xunta de Galicia, estando en Madrid o Partido Socialista, ese convenio ruinoso para Galicia, redondo para Audasa, onde o propio Consello do Estado recoñeceu o enriquecemento inxusto de Audasa por parte dese convenio —insisto— asinado polo Bipartito da Xunta de Galicia, catrocentos millóns de euros que lles evitamos pagar aos galegos ata o final da concesión? ¿Que lle parece? ¿Dato concreto ou non é concreto? ¿Suficiente para unha comisión de seguimento conseguir este acordo? Claro, nin lle pasa polo asomo o que pode ser esa tramitación, seguro que non imaxina, pero o certo é que moito traballo. É un éxito evitar que os galegos deixen de pagar catrocentos millóns de euros por unha subvención de peaxe dunha estrada de titularidade estatal. Primeiro dato. *(Aplausos.)*

Actitude reivindicativa, desde logo, polas melloras do servizo. Desde logo, actitude reivindicativa e presión exercida pola Xunta de Galicia para a calidade do servizo e tamén para conseguir compromisos importantes. Como lle dicía, na configuración da ponte de Rande. Chegan vostedes tarde. Menos mal que chegamos nós a tempo. Ese é un dato concreto que tamén abordamos na Comisión de seguimento. Segundo punto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Terceiro punto, concreto, punto moi concreto. Exiximos e pedimos e acordamos que ningunha obra máis se faga con cargo ás peaxes da AP-9 e que non se fagan eses convenios ruinosos como asinou o Goberno Zapatero co ministro José Blanco cun incremento da peaxe do 1 % acumulativo durante vinte anos e un interese fixo do 8 % a Audasa; un interese redondo para Audasa, que, desde logo, nós rexeitamos e non queremos que as obras se fagan así.

Por certo, creo que no día de hoxe si que vostedes apoiaron nalgún momento que non se volveran repercutir as obras nas peaxes.

En calquera caso, seguinte punto: a peaxe en Redondela. Por suposto que acordamos a eliminación da peaxe en Redondela e iniciáronse os traballos. ¿Vostedes agora non queren que se elimine a peaxe en Redondela? Seguro que agardamos que se siga avanzando na peaxe en Redondela.

E, polo tanto, capacidade política para conseguir un, dous, tres, catro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...acordos importantísimos. Seguiremos defendendo a titularidade da AP-9, porque cremos que é o mellor para Galicia velar pola xestión da autoestrada, planificar de forma axeitada e lóxica todas as obras relacionadas coa AP-9, que non nos pase o que nos está a acontecer coa vía Ártabra, que parece que prevalece máis outro interese que o interese xeral. E, desde logo, non estamos dispostos tampouco a que nos quiten voz aos galegos en relación coa AP-9. Demandamos que se convoque a Comisión de seguimento da AP-9.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da fábrica de Sargadelos, en Cervo, así como o futuro da empresa

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente. Boa tarde.

Boa tarde, conselleiro.

Permítame que lle lea algo: «Xa poden vir os sindicatos, os xuíces, o Papa ou Rajoy, aquí quen manda son eu». Tranquilidade, porque a frase non é miña.

Se leu a prensa, conselleiro, saberá que quen pronunciou estas palabras foi Segismundo García, o accionista maioritario de Sargadelos, que sintetizou perfectamente, en moi poucas palabras, a raíz da crise que atravesaba a emblemática empresa nos últimos meses: el. Fachendeaba publicamente o señor García de vulnerar os dereitos laborais, de perseguir traballadoras, de incumprir 262 leis —que el mesmo contabilizou—, de despedir 49 persoas, de ser amo, dono e señor de Sargadelos, unha marca que é moito máis que un centro de traballo; Sargadelos é cultura, é identidade e é, sobre todo, país.

Desde o Bloque Nacionalista Galego estamos enormemente preocupadas polo futuro de Sargadelos, conselleiro. Estamos preocupadas porque a actitude medieval deste empresario está poñendo en xaque o futuro da planta en Cervo e está arrastrando polo chan a imaxe dun símbolo que ergueron con traballo, con esforzo e con compromiso galeguista Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane. Sargadelos foi até hai ben pouco sinónimo de vangarda artística, a Bauhaus galega, símbolo de renovación das formas, de innovación, e agora ocupa as páxinas da prensa de todo o Estado porque o seu principal propietario quere convertela nun reduto do feudalismo.

Pero Galiza non é unha república bananeira, conselleiro. Por iso cremos desde o BNG que ningún empresario pode actuar impunemente vulnerando os dereitos das traballadoras e dos traballadores, e moito menos facelo de maneira reiterada coa conivencia ou o silencio cómplice da Xunta. Creemos que a Xunta debe e pode actuar, porque, ademais de ser Sargadelos unha empresa cultural emblemática, recibiu ao longo dos últimos anos inxentes cantidades de diñeiro público para reflotar a empresa, en total por volta dun millón e medio de euros públicos desde 2010, entre eles, entre eses máis dun millón e medio de euros públicos, un crédito participativo de XesGalicia —non sei se lembra vostede quen era presidente de XesGalicia naquela altura— por valor de 950.000 euros.

A día de hoxe, e despois de todo o acontecido durante o mes de agosto, hai vinte persoas en Cervo que foron despedidas.

Por iso, a pregunta que lle facemos é que pensa facer o Goberno para restituír a imaxe de Sargadelos, garantir os postos de traballo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e os dereitos laborais. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodil, eu entendo perfectamente a súa preocupación pola situación desta empresa. Gustaríame que a mesma preocupación que vostede traslada por Sargadelos ao seu grupo a trasladara por todos os traballadores en Galicia e, polo tanto, a defendera coa mesma intensidade na situación do resto dos traballadores.

Efectivamente, coincidimos en que Sargadelos representa unha parte moi importante do noso patrimonio económico, do noso patrimonio cultural e social de Galicia, e, polo tanto, unha empresa que, ademais, está creando emprego e que tiña unha traxectoria de clara recuperación anímanos a traballar para garantir a súa viabilidade.

O que non imos facer —xa llo adianto— é vulnerar o Estado de dereito. Eu espero que o Bloque Nacionalista Galego nas súas propostas non traslade que este goberno conculque o Estado de dereito, porque non o imos facer. Este goberno vai respectar a liberdade de empresa, igual que vai respectar os dereitos sindicais e os dereitos dos traballadores, porque os dous dereitos veñen así recollidos na propia Constitución.

Desde o primeiro momento, o Goberno actuou, no momento en que xurdiu o conflito laboral, púxose en contacto co empresario, púxose en contacto cos traballadores, cos sindicatos, e actuamos con responsabilidade, intentando encontrar un punto de entendemento que permita garantir esa estabilidade laboral e esa estabilidade económica, que é o obxectivo compartido que temos todos.

Polo tanto, a Administración cumpriu o seu papel, un papel de mediación, un papel que é claramente necesario, pero un papel no que o Goberno non vai facer imposicións. O que si imos facer, como lle dicía, é respectar e ser garante dos dereitos dos traballadores e respectar en todo o momento a liberdade de empresa.

E, nese contexto, o Consello Galego de Relacións Laborais estivo desenvolvendo ese labor de mediación, escoitando as propostas, abrindo un espazo de diálogo e tamén intentando resolver o conflito.

Un conflito, señoría, que non está resolto —esa é a realidade— e que, polo tanto, temos que seguir traballando desde a mediación para que os traballadores e a propiedade poidan resolver ese conflito laboral que pode poñer en risco a situación da empresa. Así o fixemos con Maderas Iglesias, así o estamos a facer con todas as empresas que precisan da mediación da

Xunta de Galicia e así o faremos e o estamos facendo. Tanto a propiedade como os traballadores e os sindicatos teñen a man tendida do Consello Galego de Relacións laborais para intentar resolver un conflito que aínda non está resolto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Gustaríame, señor Conde —dígollo sinceramente—, que defendese coa metade da vehe- mencia que defende o libre mercado e a liberdade de empresa os dereitos das traballadoras e dos traballadores, (*Aplausos.*) os dereitos das traballadoras e dos traballadores.

Porque voulle lembrar, por facer un pouco de contextualización a respecto de como chega- mos a esta situación na que se atopa hoxe a empresa Sargadelos, en paralelo a que a empresa recibía —insisto— moita cantidade de diñeiro público, máis dun millón e medio de euros, entre eles un crédito participativo, entregado sendo vostede presidente de XesGalicia, por 950.000 euros a esa empresa que supostamente estaba vinculado ao mantemento dos postos de traballo —logo vimos que non foi así—. Ao tempo que se entregaban fondos públicos da Xunta de Galiza a Sargadelos, o cadro de persoal de Sargadelos soportou dous ERE extintivos, un deles por certo declarado ilegal pola Xustiza e que contaba co visto e praxe da Xunta de Galicia. Por iso lle dicía que podía aplicar esa mesma vehemencia coa que defende o libre mercado para defender os dereitos das traballadoras e dos traballadores.

E eu, mire, unha proposta: deberían pedir-lles desculpas publicamente a eses oito traballadores e traballadoras que foron despedidos co visto e praxe da Xunta e que agora se sabe que foron despedidos ilegalmente, ilegalmente. Un ERE temporal, un concurso de acredores, e agora teñen a lousa enriba dun patrón que non dubida en ameazar, en coaccionar para conseguir o que quere, sen que ninguén diga nada. ¿E vostede quere que eu e este grupo quedemos tran- quilos falando de mediación? ¿Que vai pasar con esas máis de vinte persoas que foron despe- didas durante o mes de agosto e que aínda non recuperaron o seu posto de traballo?

Insisto: teñen capacidade e poden intervir en Sargadelos para garantir a viabilidade da em- presa, a restitución da imaxe de Sargadelos e con ela do conxunto deste país e —o máis im- portante— garantir que se respecten os dereitos laborais das traballadoras e dos traballadores. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Peche, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señora Rodil, lamento ter que recordarlle a Constitución —sei que vostede seguramente non é un texto que

utilice con asiduidade—, pero a Constitución establece a garantía da liberdade de empresa e, no mesmo nivel, establece a garantía dos dereitos sindicais e dos dereitos dos traballadores.

Utilicei esa mesma expresión na miña primeira intervención, e iso é o que está a facer o Goberno, aínda que vostede o único que traslada desde o seu grupo é que simplemente teñen traballadores de primeira e traballadores de segunda, traballadores que defenden e traballadores que simplemente queren que pechen as súas empresas, porque iso é o que está a facer o seu grupo parlamentario. *(Aplausos.)*

Efectivamente, o Igape concedeu 354.000 euros no ano 2011 a Sargadelos para impulsar a súa visibilidade internacional dos produtos de artesanía de Galicia. Eu non sei se o BNG o que non quere é que non se apoie os artesáns galegos ou simplemente non querían que no seu momento se apoiara Sargadelos.

Efectivamente, aínda que vostede trae datos incorrectos —que a animo a que corrixa: este conselleiro non era o presidente de XesGalicia no ano 2011—, en calquera caso, si XesGalicia lle concedeu un préstamo nese ano 2011, un préstamo que nestes momentos ten un calendario de pagos e que Sargadelos ten a obriga de devolver e que loxicamente esta Xunta de Galicia vai velar para que se devolva ese préstamo, como fai con todos os préstamos que ten concedidos ás empresas.

Pero recórdolle, por se non lle deron o dato, que o BNG solicitaba o apoio naquel tempo para que se lle concedera ese préstamo. Polo tanto, concedéuselle ese préstamo. Ese préstamo, despois do concurso, ten un calendario de pagos, e a Xunta de Galicia vai velar para que se lle poida devolver, pero no seu momento serviu para garantir a viabilidade e a estabilidade da empresa.

En calquera caso, a Xunta de Galicia vai seguir traballando, como lle dicía, intentando garantir a viabilidade da empresa. E, polo tanto, na mediación é onde está a posible solución, porque se teñen que poñer de acordo a propiedade e os traballadores. Non hai outro camiño. Calquera camiño que se queira establecer non dará esa solución. Seguramente vostedes, que sempre poñen en primeiro termo a ideoloxía, pensan que a solución pasa pola ideoloxía, pero non é así.

Este goberno o que vai facer é tomar decisións para intentar que se solucione ese conflito laboral. Teñen que chegar a un entendemento os traballadores e os sindicatos, xunto coa propiedade da empresa, e a Administración vai facer tres cousas: en primeiro lugar, garantir os dereitos dos sindicatos e dos traballadores; en segundo lugar, garantir a liberdade de empresa; e, en terceiro lugar, loxicamente, mediar na procura dunha solución para garantir a viabilidade de Sargadelos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación dos recursos necesarios ao IES de Brión e ao CEIP Padre Feijoo, de Allariz

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas de novo, presidente.

Boa tarde.

Antes de máis, señor conselleiro, recuperar unha Consellería de Cultura pedímosllo moitas veces, agora só faltan as políticas culturais. Ten moito que sachar nesa leira que leva case unha década a barbeito. *(Aplausos.)*

¿Sabe qué teñen en común, señor conselleiro, o CEIP Barrié de la Maza, en Santa Comba; o CEIP Arcediago, no concello de Santiso; o CEIP de Roxos, en Vilvestro, Santiago de Compostela; o CEIP Castelao, en Ordes; o CPI As Mirandas, en Ares; o CEIP Padre Feijoo, de Allariz; e o IES de Brión? ¿Sabe qué teñen en común? A falta de profesorado e a masificación nas aulas.

Este inicio de curso moitos centros de ensino público denunciaron que a Consellería se negaba a dotalos de profesorado suficiente para atender as necesidades do alumnado, para garantir a ratio de estudantes por aula e para manter proxectos pedagóxicos e unha oferta educativa de calidade.

Hoxe acompañánnos no pleno representantes de dous destes centros e queremos saudar desde o Grupo Parlamentario do BNG as representantes da ANPA do IES de Brión e as representantes do Goberno de Allariz.

As familias de Allariz e de Brión levan semanas mobilizándose en defensa dun ensino público e de calidade no noso país e son dous exemplos dun problema máis amplo que atinxe o ensino público e que é consecuencia directa dos recortes e das políticas do Partido Popular.

De maneira sintética, porque vostede coñece sobradamente cal é a situación destes dous centros de ensino, o IES de Brión, onde dimitiu a dirección en bloque e as familias levan case dúas semanas pechadas no centro, pide tres docentes, tres, para garantir a calidade educativa que viñan prestando. Vostedes sabían desde o verán das súas necesidades e, aínda así, negáronllo.

Pero non quedou aí a proposta da Xunta de Galicia: non temos docentes, non imos mandar docentes. A proposta que lles fai o Goberno é que recorten, que deixen alumnado que o necesita sen o programa de mellora de aprendizaxe do rendimento, que supriman optativas, tamén a medida estrela: robótica, e que metan máis de trinta estudantes de 4º da ESO en cada aula.

Ao CEIP de Allariz néganlle un docente, un docente en infantil, para poder desdobrar, e obrigan a meter en cada aula vinte e cinco e vinte e seis crianzas de 2 e 3 anos; un centro de ensino de Allariz que gaña en matrícula, e iso na provincia de Ourense e no interior do país é un oasis. Ten as familias aí arriba.

A pregunta é moi sinxela: ¿van atender desde a Consellería as demandas do IES de Brión e tamén do CEIP de Allariz?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Boas tardes, señor presidente.

Señora deputada. Tamén saúdo os representante das ANPA de Brión e os representantes políticos do Concello de Allariz.

Á mañá creo que xa nunha interpelación do Partido Socialista penso que deixei claro cal é a situación actual do inicio do curso en Galicia, que, como xa dixen, se está desenvolvendo cunha enorme, enorme normalidade e cunha enorme, enorme tranquilidade. É certo que hai algún caso puntual. Moitos deles que xa se foron arranxando e reconducindo nos últimos días e, obviamente, eu creo que parece un pouco estraño que se utilicen casos puntuais como unha bandeira para atacar a política xeral do Goberno, a política educativa xeral do Goberno, ou que se fale dun desmantelamento do ensino público ou de decisións políticas e arbitrarias.

Porque eu creo —e téñollo dito moitas veces— que non se debe confundir o que é a organización dun servizo público tan pesado, tan potente desde o punto de vista de medios que mobiliza, de persoas que mobiliza, de xestión que implica, con decisións políticas arbitrarias. Eu pódolle asegurar —e preocuparíame que pensase o contrario— que nin este conselleiro nin outros —nin os anteriores nin os que virán no futuro— van dicir co seu dedo: aquí mete tres profesores, saca un, mete catro, mete medio ou fai o que ti vexas; ningún. Eu non llo dixen a ningún inspector, non hai ningunha decisión política que se basee na arbitrariedade, e ninguén lle di a un inspector: aquí dota de tres profesores ou aquí saca tres profesores, aquí mete un profesor, aquí fai unha agregación ou quita; en ningún caso.

E preocuparíame sinceramente que vostede pensase iso. Dígollo porque, se pensa iso, realmente é que pensa que é posible e, se vostede pensa que é posible, sería moi preocupante se nalgún momento vostede tivera algunha responsabilidade deste tipo. Porque nestes casos non hai nin unha soa decisión arbitraria. Todas as decisións se toman con base en informes de Inspección, informes técnicos, que se basean en datos, se basean en estatísticas, se basean en ratios. Outra cousa é que vostede me diga que é inxusto, o que queira. Agora, que intente acusar que hai unha discrepancia política, unha arbitrariedade política ou unha decisión política nunha cuestión meramente técnica insisto en que é absolutamente preocupante.

E díxenlle pola mañá ao señor deputado do Partido Socialista: hai catro, cinco, seis, sete casos, os que vostede queira. Pero se conxunta a potencia do sistema educativo e me compara seis, sete, dez con mil, e pono en escala, realmente vostede concluirá, se é sincera consigo mesma, que o inicio de curso se fai con toda normalidade, e os servizos de Inspección xunto

cos equipos de dirección son os encargados de organizar a estrutura académica e organizar a estrutura docente en cada un dos centros, sexa en Brión, en Allariz, en Sarria, en Chantada e en calquera dos concellos, en calquera deles. Co cal eu lle pido, señora deputada, que sexa prudente neste ámbito.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. Rematou o seu tempo. Rematou.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Ten outra rolda despois. Grazas.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu, prudencia e calma toda. Pero o que vostede chama «casos puntuais», conselleiro, teñen nomes e apelidos, e están nunha parte da súa vida en que as decisións que vostede toma ou que o conxunto da sociedade toma agora van condicionar tamén as súas vidas. E non estamos pedindo arbitrariedade, non estamos a pedir apuntando cun dedo para entregar profesorado onde non corresponde, o que estamos pedindo é que vostedes cubran as necesidades docentes que teñen centros de ensino, que non piden outra cousa máis que que vostedes cumpran a lei. Porque falaba vostede de ratios, efectivamente, e é o que lle piden: profesorado para poder desdobrar e cumprir coas ratios que marca a lexislación neste país. E a lexislación neste país di que non pode haber en aulas de infantil máis de vinte e cinco alumnos por aula, e as ratios din que non pode haber máis de trinta alumnos no caso da ESO. E ao que vostedes están obrigando é a meter máis estudantes nas aulas do que corresponde por lei.

Nós, ademais, unha das cuestións nas que máis queremos enfatizar hoxe aquí, porque a min hai algo que me sorprende, pois di: isto non é unha decisión política. O número de profesorado ou o número de docentes dos que dispón este país é unha decisión política, *(Aplausos.)* que se recortaran prazas docentes neste país coas taxas de reposición é unha decisión política, e as consecuencias que están padecendo agora no IES de Brión, no CEIP Padre Feijóo de Allariz ou en tantos outros como lle relataba ao comezo é o resultado e a consecuencia de decisións políticas. Ademais, insisto en que esas decisións políticas teñen nomes e apelidos, igual que as consecuencias desas decisións. Hai alumnado de cuarto da ESO no IES de Brión, que podía seguir avanzando, que podía ver atendidas as súas necesidades educativas se se puidesen manter eses programas de apoio, que agora por non outorgar esas tres prazas, tres prazas de docentes que vostedes lles negan, non van poder manter aberto.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Rodil, eu entendo as familias, a preocupación das familias e a protesta das familias, enténdoo, e iso é bo sinal, porque indica que a sociedade está viva e que quere o mellor para os seus rapaces. Enténdoo absolutamente. E eu reunínome informalmente nun par de ocasións cos representantes da ANPA e comuniquéillelo así con estas palabras, pódellelo preguntar vostede.

Agora, eu o que non comparto é o uso político que vostedes intentan facer, porque vostede dime aquí con toda a súa capacidade oratoria —que ten moita—: que vostedes cumpran. ¿Que entenden por «vostedes cumpran»? ¿que incumpramos os informes da Inspección?, ¿que non lle fagamos caso á Inspección?, ¿ou a Inspección está por estar? E vostede poderá dicir: é que vostede se escuda na Inspección. Oia: hai mil centros educativos en Galicia, e nos mil centros educativos en Galicia quen regula a organización interna, o profesorado, etc., son os servizos de Inspección xunto cos equipos directivos. Aí non entra o dedo do conselleiro a dicir: aquí mete máis profesores ou aquí sácaos. Non, non entra en ningún caso.

E en Brión, como noutros sitios, as decisións administrativas teñen uns criterios absolutamente lóxicos. E, claro, vostede fai aquí unha especie de emenda á totalidade, pero eu dígolle: oia, que en Galicia temos unha plantilla docente de arredor trinta mil profesores. ¿Vostede cre realmente que por tres, seis, oito, doce, vinte profesores, en comparación cos trinta mil que hai no sistema educativo, que a Consellería ou o responsable político querría apagar os incendios dun xeito inmediato? Ao mellor, vostede pensa que non; ao mellor, pénsao, que é un capricho, ou que este señor non quere meter aquí tres profesores. Oia: pero é que se o fago incumpro o mandato da Inspección, incumpro os informes de Inspección.

Outra cuestión que sucede, e está sucedendo tamén no caso concreto de Brión, é que a Inspección e a dirección se centren, senten, falen, busquen algunha alternativa, busquen algunha solución, pero realmente o que é moi preocupante —como dixen ao principio— é que vostedes pensen que se adoptan decisións arbitrarias nesta materia, o que é radicalmente falso. Porque vostede dirá: este señor tenlle rabia a este centro de Brión. ¿E por que non a un centro da Estrada, ou a un centro de Xinzo, ou de calquera outro sitio?

Neste caso, en Brión hai uns datos que os servizos de Inspección xunto cos servizos de dirección teñen que avaliar, e están sentados, e ao mellor atopan algunha solución. E se a atopan e se poñen de acordo nunha decisión puramente técnica, na cal non intervén nada a vía política, ¿vostede que vai dicir? Vostede vai seguir dicindo: non, é que se recorta, é que... Realmente, é moi débil esa argumentación, porque carece de todo fundamento técnico.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Rematou o seu tempo. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Luís Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola consellaría para cubrir as necesidades de persoal docente e de infraestruturas no curso escolar 2018-2019

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, moito me dá a min que imos vivir aquí o día da marmota.

Quixeramos comezar agradecendo, por suposto, ás familias do IES de Brión que hoxe nos acompañan, e que levan unha ducia de días facendo o que non fai vostede: defender a calidade do ensino público de Galicia, que sería a súa obriga. E por non facelo, talvez vostede debe ser relegado das súas funcións, como unha idea.

Moitas grazas ás familias que están en loita e moitos azos para o que queda, que, por suposto, será duro. Porque malia o discurso triunfalista do Partido Popular da recuperación, sabemos que ano tras ano seguen desmantelando os nosos dereitos; ano tras ano temos menos docentes, menos aulas, menos recursos; en definitiva, menos calidade. E tamén menos profesorado, como se está denunciando no instituto de Brión, mais tamén en Allariz, en Ordes, en Santiso, en Roxos, en Santa Comba. Non son exemplos, son a realidade do que acontece neste país. Un longo etcétera de centros escolares: E esta vez hai unha novidade, señor conselleiro: estanlle dicindo ao seu goberno que basta xa, basta xa de recortar os nosos dereitos. Parece que esta vez non lles vai a ser tan doado.

Señor conselleiro, a pregunta é moi simple: ¿vai ou van —quen o substitúa no cargo— escoitar as demandas das ANPA, que levan semanas reclamando a cobertura das necesidades docentes e de infraestruturas nos seus centros?

Xa ve: a pregunta é clara, porque basta coller a prensa diaria para comprobar que este inicio de curso está pragado de problemas, ao contrario do que vostede di. Tanto é así que mesmo vostede acaba de perder o cargo; así é que algo debe estar pasando neste inicio de curso. *(Risos.)*

E voume centrar no caso de Brión, porque dicíallo antes: son un orgullo e un exemplo. Un exemplo para o bo: a mobilización decidida dunha comunidade educativa a prol dos seus dereitos. Mais tamén para o malo: o caso de Brión, como pretendeu vostede, non é o caso, é un caso, un de tantos centros educativos que padece as consecuencias dos recortes educativos do Partido Popular.

E sexa serio, por favor. Non vaia contestar algo como o que acaba de dicir de se pensamos que lle ten manía, ¡só faltaría! É ridículo mesmo que o plantexe. ¡Só faltaría que vostede lle tivera manía a algún centro educativo deste país! Non, o problema é a mirada curtopracista e economicista do seu goberno, que non entende que estamos falando de dereitos das nenas e nenos de Galicia.

Ben, como sabe vostede, neste instituto solicitan tres vacantes para poder cubrir a matrícula das materias optativas que se viñan impartindo nos últimos anos, e mesmo que estaban sendo premiadas con premios que vostede, señor conselleiro, lles entregou. Vostede deulle un premio á asignatura de Robótica, que non se vai poder seguir impartindo no centro. É unha indecencia. O que pasa é que vostede entregoulles un premio que agora a inspectora territorial da que acaba de falar dixo que é unha especie de «luxo asiático»; seica a Robótica para os institutos do rural sobra. Unha indecencia política que xa debería facela cesar do posto que ocupa. A vostede xa llo fixeron, pois oxalá ela o acompañara.

Pero hai máis, e vaime permitir que use as palabras desta familias, que son as que mellor poden explicar a súa situación: «Fachendea vostede de que Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao, grazas. Rematou o seu tempo.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Chao, realmente cando teña o honor de deixar esta responsabilidade para coller outras vouna botar a vostede moito de menos, porque ese discurso de serie que vostede constantemente nos brinda é realmente un canto á melancolía e é un canto —digamos— dende a miña perspectiva, ou a nosa perspectiva, —eu podo estar equivocado— á sinrazón. Porque, claro, vostede vén aquí falar de desmantelamento, vén falar de perda de calidade. E eu pregúntome para onde está mirando vostede ou que vostede está vostede estudando ou avaliando. Calquera parámetro que vostede colla do sistema educativo, tanto en calidade como en equidade, nos últimos anos, verá como marca unha senda de crecemento constante, unha senda alcista. Hai moitas variables.

Aínda que a vostede lle sorprenderá seguramente, Galicia está ao nivel dos países para os que miramos, dos países nórdicos. Estamos en PISA nos primeiros postos en España. En equidade, estamos nos primeiros postos de España e de Europa. En igualdade de oportunidades, en innovación, en moitísimas cuestións das que vostede di que non hai calidade. Todo o que vostede di —e paréceme moi ben que o diga nese discurso de serie ao que nos ten acostumados—, realmente, cando se constata coa realidade, pérdese.

Pero, claro, hai políticos que temos que xestionar a realidade para que funcione mellor. E eu creo que no Partido Popular e neste goberno da Xunta estamos nese ámbito. E outros crean discursos, discursos catastrofistas, e intentando pensar que aí van ter un maior rédito político. Pero creo que é mellor para a cidadanía, é mellor para a sociedade, é mellor para o avance dun país, que se xestione e que sexamos capaces de dicir a verdade. E a verdade é que o sistema educativo en Galicia é un bo sistema. A vostedes, ao mellor, gustaríalles que non o fose, pero é un bo sistema, e non é grazas á consellería, nin ao conselleiro, nin ao equipo directivo —algo teremos que ver, pero non todo—, é grazas ás familias, grazas aos inspectores, grazas ao conxunto da comunidade educativa, ao profesorado. Temos trinta mil profesores no sistema educativo, a inmensa maioría tremendamente involucrado e preocupado pola educación dos nosos alumnos. Vostede aquí o que plantexa —como xa digo— é un discurso de serie, que realmente cando o constatas e o pos fronte á realidade pois déixaa en mal sitio.

Vostede pregunta aquí sobre as infraestruturas. ¿Vostede sabe cantas obras está executando a Consellería de Educación no verán e está rematando algunha?, ¿sabe cantas? Duascentas noventa e oito obras, con ampliacións, melloras, novos comedores, novas aulas, novos talleres. ¡Duascentas noventa e oito actuacións en douscentos sesenta e tres centros educativos, (*Aplausos.*) en cento corenta e cinco concellos!

Vostede, que tamén fala de persoal, que é todo un desastre, ¿sabe que Galicia ten a taxa de interinidade máis baixa do conxunto do Estado? ¿E vostede sabe que acabamos de convocar dúas mil prazas de profesores? ¿E que acabamos de ter un acordo salarial cos sindicatos?

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Ten outra rolda despois.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): A partir de aí, vostede pode criticar. Pero, como xa dixen, é un exercicio de melancolía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas conselleiro.

Réplica, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Menos mal que xa non temos capacidade de sorpresa ante a súa incapacidade de contestar unha soa pregunta que lle se formule neste parlamento; nunca se digna contestar unha soa pregunta neste parlamento. E o caso é que non lle falta ao respecto a esta deputada nin a este grupo parlamentario, fálalles ao respecto ás familias que están aí arriba esperando unha resposta concreta pola súa banda, que vostede se nega a dar. Fixemos preguntas moi concretas, e non dixo nada. Retómo onde o deixei.

Dixéronlle as familias: «Fachandea vostede de que Galicia é unha das comunidades que mellor atende a diversidade. Desgraciadamente temos que informalo de que neste centro sen a dotación de profesorado que reclamamos, un grupo de Pemar —Programa de mellora de aprendizaxe do rendemento— xa sabe vai desaparecer». Si, desaparecer; escoite ben, señor conselleiro: vai desaparecer. ¿Pensa facer algo para evitalo? Contesteste a algo concreto.

Despois de escoitalo evidencian que insisten no erro. Vostede e todo o seu departamento levan semanas ignorando as demandas urxentes das ANPA deste país. Pero o que é peor: é que faltan á verdade. Vostedes din que todo segue igual. Falso. Aumentou a matrícula neste centro en trinta e un alumnos e alumnas, e non aumentaron o persoal docente; co cal a lóxica é clara: máis alumnas e mesmos docentes, maior ratio por aula e por profesorado. Está claro: menor calidade.

Di que os grupos son os mesmos. Falso. Perdeuse un grupo en cuarto da ESO e gañouse un en primeiro. ¿O total é o mesmo? Si. Pero a realidade é totalmente diferente, pois sabe vostede que as necesidades e as horas docentes en primeiro e en cuarto da ESO son radicalmente distintas. Ou ignórao, ou simplemente mente, escolla vostede.

Corrixan a súa actitude, escoiten, abandonen a lóxica da carteira e pensen nos dereitos. Como din as familias, elas van seguir en folga porque teñen trescentas oitenta e tres razóns para facelo. Vostede tamén, ten as trescentas oitenta e tres razóns de Brión para facelo e as miles de rapazas e rapaces cuxa educación depende das decisións que se toman no seu despacho. Algo de responsabilidade. Como as nenas e nenos do CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba, onde as familias están protestando polo recorte dun docente. Tamén en Ordes hai problemas con aulas masificadas. Tamén en Santiso, onde lles queren recortar un profesor. ¡Tantos e tantos casos!

Mire, señor conselleiro: vostede pode ter a pouca vergoña de vir aquí co triunfalismo, mais ten no seu haber...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CHAO PÉREZ: ...titulares coma este de hai seis días:...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CHAO PÉREZ: ...«A antiga escola unitaria de Chandrexa da Queixa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao. Grazas.

Terminou o seu tempo.

A señora CHAO PÉREZ: ...reabre como velorio subvencionado pola Xunta».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CHAO PÉREZ: Non podemos permitir...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. Grazas.

(A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Peche, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Ben, señora Chao, a verdade é que vostede estea aquí cuestionando que nun concello do rural onde desgraciadamente hai moitos anos que no seu momento pechou unha escola unitaria por falta de poboación, e que veña dicir que case é responsabilidade do actual goberno, pois é realmente sorprendente. E eu creo que é a proba máis palpable un pouco do mundo imaxinario no que vostede vive.

Vostede fala aquí da atención á diversidade. E eu pediríalle un mínimo de pudor, porque se en algo ten destacado Galicia nos últimos anos é en atención á diversidade. En atención á diversidade somos un referente non só —diría— case en España senón no conxunto de Eu-

ropa. E vostede dirame: é vostede un triunfalista... (*A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) E eu dígolle: pregunte vostede en que comunidade autónoma de España hai unha porcentaxe de alumnos con necesidades educativas especiais integrados nas aulas ordinarias. ¿Que comunidade autónoma de España ten a porcentaxe que ten de profesionais dedicados á atención á diversidade, PT, ANEE e coidadores semellante á galega? ¿Que comunidade en España ten a relación cos diferentes colectivos que atenden a discapacidade e as necesidades educativas especiais que existen no conxunto de Galicia? Ou pregunte vostede cal é a capacidade que ten Galicia en comparación con outras comunidades para darlles resposta ás enormes dificultades individuais que teñen os alumnos con necesidades educativas? E aquí hai un traballo moi serio dos equipos directivos, dos equipos de inspección e dos equipos de orientación. E que vostede cuestione publicamente na sede parlamentaria isto é realmente —como xa digo— un exercicio de auténtica melancolía.

Vostede tamén sempre fai afirmacións categóricas. Vostede, non hai moito tempo, dixo categoricamente que se ían pechar catro colexios en Galicia. ¡Non se pechou ningún! E nunca pediu perdón. Nunca se lle ocorreu dicir: ao mellor equivoqueime. E agora tamén vostede di cunha gran categoría que se xera un problema e que é case decisión persoal deste conselleiro de que non haxa tres profesores máis enriba. Dio e queda tan ancha, e non pasa absolutamente nada.

Mire: neste caso concreto —repetireino por enésima vez, teño que dicilo porque todos me preguntan polo mesmo, como se non houbera máis casos; estou seguro de que se houbera máis casos preguntarían por outras cousas, pero todos me preguntan polo mesmo, e digo sempre o mesmo— non hai nin unha soa decisión arbitraria neste asunto. Neste momento os equipos da Inspección están falando coa dirección para intentar buscar un punto de encontro, para ver se dan buscado unha solución. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E nunca se lle vai dicir á Inspección ou á dirección que adopten un criterio en contra dos principios. Vostede debería saber que as ratios educativas están marcadas por unha lei. Nesa lei, que se modificou no seu momento, Galicia ten as ratios por aula máis baixas de España, e nunca se modificaron nos peores momentos da crise. E Galicia ten a ratio profesor/alumno máis alta de España, a mellor xunto con Asturias. E, a partir de aí, vostedes din o que queren, quedan tan tranquilos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e non hai nada máis que dicir.

En todo caso...,

O señor PRESIDENTE: Terminou.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...como xa dixen...,

O señor PRESIDENTE: Terminou.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...se me permite...

O señor PRESIDENTE: Non, terminou o tempo.

Imos deixalo aí. Está a resposta xa...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Non, simplemente...

O señor PRESIDENTE: Terminamos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Simplemente me quería despedir, como...

O señor PRESIDENTE: ¡Ah!, perfecto.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): É unha cuestión mínima.

O señor PRESIDENTE: Para iso non hai problema. Xa é unha cousa de cortesía.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): E xa para rematar, darlles as grazas aos diferentes portavoces do ámbito da Educación cos que tiveron a oportunidade de intercambiar pareceres e intercambiar diferenzas políticas. Tamén desexarlles sorte ao novo equipo e aos novos portavoces de Educación que poida haber. E dicir que marcho francamente orgulloso do traballo feito e espero que a educación deste país, que é unha moi boa educación, siga por esta senda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Sorte tamén no novo cometido.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a ampliación do Servizo de Hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para que o servizo se preste as 24 horas

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Noela Blanco Rodríguez, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Boa tarde, señor conselleiro de Sanidade.

Hoxe é un día de grandes novas, hai moito terremoto mediático. Primeiro, por esa remodelación do Goberno. E teño que dicir —e con todo o respecto que sabe que lle teño— que dende o Grupo Socialista, dende logo, estamos non sei se moi apenados, pero si moi decepcionados con que vostede non sexa unha desas persoas que sae do Goberno, por todo o dano que leva feito á sanidade pública neste país. (*Murmurios.*) Despois comentareille o porqué. (*Murmurios.*)

Pero, ademais diso, hoxe chegouse, señorías —e parabenizámonos e parabenizamos dende aquí tamén o proceso todo de negociación—, a un grandísimo acordo no seo do Pacto de Toledo, consonte vai haber unha revalorización das pensións conforme o IPC. Claro, aconteceu unha cousa curiosa: practicamente ao mesmo tempo que en Madrid se chegaba a un acordo con todas as forzas políticas —o Partido Popular incluído—, o Partido Popular de Galicia votaba en contra da revalorización das pensións conforme o IPC. (*Aplausos.*) Por certo, por boca do secretario xeral do Partido Popular de Galicia.

Pero vaíamos ao tema. Que Ourense é unha provincia esquecida polo Goberno galego creo que o sabemos todas e todos os ourensáns e as ourensás. Que non nos trouxo ningún tipo de rendemento o ter un goberno do Partido Popular nin na cidade nin na provincia da mesma cor política que na Xunta de Galicia, ¡tamén! Mire: o desleixo en materia sanitaria é tremendo, a ausencia de cirurxía pediátrica as 24 horas, camas pechadas por saturación, fins de semana sen radiólogos no Hospital de Verín que se están dando neste mes de setembro, e esa sentenza do Barco, que o que lle vén dicir é o que todas e todos xa sabíamos: de Ourense a Valdeorras non se pode chegar en vinte minutos, nin os residentes nin ningunha persoa, salvo que se teletransporte.

Ben, hoxe falamos do tema de Hemodinámica as 24 horas. Vostedes acaban de amplialo ata as dez da noite, amplíano sete meses despois de anunciar que van facer esa ampliación. Resulta que en Lugo a teñen moito antes. Debe ser tamén porque alí teñen unha alcaldesa que, en lugar de ser vasala do presidente da Xunta de Galicia, como ocorre co alcalde de Ourense, reclama os dereitos da cidadanía e segue reclamando as 24 horas. Moi pola contra, o de Ourense o que se mostra é como bo vasalo ao seu señor, agradecido pola migalla de ter ata as dez da noite. Non é un vicio, non é un capricho, pois evitaría complicacións en síndrome de coronario agudo, diminuiría a incidencia de patoloxía cardiovascular, diminuiría a mortalidade. Porque, señor conselleiro, estamos falando dunhas cifras que arrepían: taxa de mortalidade por cen mil habitantes, o 59,7 %, cando na media estatal é do 32,8 %; tres veces máis mortalidade que na Coruña e que en Pontevedra. Dígame, señor conselleiro, ¿vai vostede volver rectificar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...como xa o fixo outra vez?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ¿E vai implantar o servizo as 24 horas? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados.

Tamén lle desexo o mellor, señora Blanco.

A verdade é que a Xunta de Galicia ten unha aposta clara por Ourense, por toda a súa provincia. E demostra que nos últimos tempos inauguramos un centro de saúde, o do Couto, cun valor de máis de tres millóns de euros; a ampliación do Complexo Universitario de Ourense. Ese alcalde vasalo puido inaugurar esta ampliación tamén, igual que o Centro de Saúde do Couto. E incluso estamos pensando en innovación, nun futuro para Ourense, e vaise abrir alí e está aberto xa o lanzamento do *living lab*, que é un lugar onde —dentro do Hospital 2050 dos fondos Feder— se proporciona un contorno de experimentación e banco de probas reais no que os usuarios e produtores poden cocrear novos produtos ou servizos adecuados ás necesidades reais da sociedade.

A Consellería de Sanidade traballa de forma inequívoca para garantir a mellor calidade e seguridade asistencial a toda a cidadanía galega en calquera lugar do territorio no que se encontra. O Programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio é un programa de éxito que garante a atención inmediata e no menor tempo posible cando sucede un infarto agudo de miocardio. En Galicia contamos desde o ano 2005 co Programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio, o chamado Progaliam. Durante todos estes anos o programa foise consolidando e está recoñecido como un dos mellores de España e de Europa. Contamos cun rexistro e cunha comisión encargada de manter este rexistro —o rexistro chámase Regaliam, e ademais foi a proposta deste parlamento—, que conta con sete cardiólogos —un de cada área sanitaria— e persoal do 061, que fai a coordinación de todos os casos.

¿E cal é o criterio de calidade que utiliza o Comité galego? Pois o da Sociedade Española de Cardiología: mortalidade global a trinta días, unha vez excluídos os pacientes con parada cardiorrespiratoria ou *shock*. E considérase que o criterio de calidade para a sociedade española é de menos do cinco por cento.

Do último informe da Comisión de control e seguimento do Regaliam —como digo, establecido por cardiólogos e por técnicos do 061—, reunida o pasado 6 de xuño, pódese concluír que na data do 31 de decembro de 2017 se rexistraron un total de 2.724 casos, o que representa un total de 40,23 casos por cen mil habitantes. A mortalidade global por todas as causas neste período tras trinta días de seguimento foi do 3,5 %, menor —como dicía antes— do criterio de calidade establecido pola Sociedade de Cardiología.

En Ourense, ¿que temos? Un Servizo de Cardiología cun excelente nivel de actividade, doce facultativos, trinta e tres camas asignadas e unha actividade duns dous mil ingresos anuais

e arredor de dezasete mil consultas. Implantáronse douscentos sesenta e sete marcapasos, doce desfibriladores e cento corenta e catro recambios de xerador.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Ten outra rolda despois. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Señor conselleiro, do Centro de Saúde do Couto mellor non falemos. Teño moi pouquiño tempo pero vostedes intentaron inauguralo en plena campaña electoral das eleccións autonómicas; esta deputada lémbrao perfectamente. E, dende logo, montaron unha lea entre o persoal e os usuarios tremendo, e sábeo perfectamente. Ademais dos problemas que está tendo xa de mantemento cando está recentemente aberto. Por non falar desa ampliación do Complexo Hospitalario, que levaba máis de tres anos de atraso tamén, e que, por certo, non foi deseñada polo seu goberno, senón que foi deseñada polo anterior goberno, polo do Bipartito malo malísimo.

Mire: é a terceira vez nesta lexislatura que pedimos Hemodinámica as vinte e catro horas, ja terceira vez! E repítolle: non é un capricho, non é un luxo asiático, non queremos un ferrari, o que queremos é algo que necesitamos. Porque os datos do Regaliam falan de que en Ourense son cento cincuenta e catro minutos. Pero é que eu non sei se vostede sabe onde está A Veiga, ben, pois na Veiga —ao igual que acontece co caso de cirurxía pediátrica— téñense que desprazar ata Vigo, e ata Vigo hai tres horas, señor conselleiro, en coche; xa non falo en medio de transporte público.

Vostedes tiveron que rectificar. Dixeron que non a ían ampliar e tiveron que ampliála ata as dez da noite. Mire: «Nós comprometémonos efectivamente ao seu funcionamento as 24 horas, e aí imos estar nese compromiso». *(A señora Blanco Rodríguez amósalle á Cámara unha fotocopia.)* Ese era o voceiro de Sanidade do Partido Popular, *Diario de Sesións* do 2 de novembro do ano 2011. Vostedes incumpren os seus compromisos.

E igual que aconteceu aquí, que foi dezaioito días antes das eleccións xerais —si, dezaioito días antes—, a min non me estrañaría nada, case podería apostar con vostede, a que antes das eleccións municipais vai haber un anuncio deste tipo. Así que, por favor, non fagan unha rectificación doutra rectificación, fágano dunha vez porque é necesario, como lle dicía. Porque agora mesmo non somos cidadáns de primeira, quedanos un terzo, que son esas persoas que son tratadas despois das dez da noite e que teñen que coller o seu coche, o seu vehículo particular na maioría dos casos, e dirixirse a Vigo para poder ser atendidas correctamente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Rematou o seu tempo.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que non se poden dicir máis inexactitudes ou mentiras en tan pouco tempo.

Mire: na sala de Hemodinámica de Ourense, no ano 2017, realizáronse 1.132 procedementos, trescentos un ambulatorios, cincuenta e tres urxentes, e só corenta foron derivados a Vigo. ¡Só corenta en trescentos sesenta e cinco días!

Falemos de datos estatísticos de mortalidade. Primeiro, vostede aporta un dato que igual é por descoñecemento ou igual hai mala fe, non o sei. A taxa bruta —como todo o mundo sabe— non vale para comparar poboación; polo tanto, hai que ir á taxa axustada, á taxa axustada que utilizamos calquera que saiba un pouco de estatística biosanitaria. Mire: a taxa axustada estamos falando de que Ourense ten 33,5 —similar á de Lugo e á da Coruña—, a 2,8 da taxa media de España, pero cunha tendencia claramente descendente, pois no ano 2000 esa taxa era de 69,5 e neste momento é 33,5, trinta e seis mortes menos por cada cen habitantes en dezaseis anos. Esa é a diferenza. Evidentemente, son os hábitos saudables, a xenética, a dieta, o exercicio, menos hábitos tóxicos e, loxicamente, o soporte sanitario desde a atención primaria ata a hospitalaria. Todo iso conseguiu diminuír en dezaseis anos trinta e seis mortes por cen mil habitantes. Esta estatística está axustada ás catro provincias galegas. Esta é a táboa que mostra a caída da mortalidade e como están, practicamente, estas tres provincias con datos similares. Esa é a realidade, e non a que vostede quere contar.

Mire, desde a creación da comisión a súa función non só era analizar os parámetros do rexistro, senón tamén ver pola calidade destes parámetros e, fundamentalmente, establecer recomendacións de melloras do programa Progaliám . Os membros da comisión de seguimento deste rexistro hai uns meses propuxeron ampliar o horario das salas de hemodinámica dispoñibles, monitorizando de forma continua os seus resultados. Así o fixemos en Ourense, de forma que na actualidade se realiza hemodinámica de luns a venres en horario ampliado das oito ás vinte horas.

Non sei se cando estableceu a pregunta foi hai un ano ou ano e medio, porque a pregunta non di nada disto. Pregunta cando se vai ampliar porque o horario é ata as tres da tarde. Non é ata as tres da tarde, pero igual rexistrou a pregunta hai tempo, pode ser.

Mire, desde esta consellería imos seguir velando porque con razóns técnicas poidamos modificar e seguir mellorando os servizos sanitarios. A realidade é que a Sociedade Española de Cardiología di que Galicia ten unha mortalidade mellor que a media de España, está nun 3,5 incluíndo Ourense. Por iso dicimos que a mortalidade está diminuíndo de forma importante...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o tempo. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e imos seguir establecendo criterios de seguimento...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...para mellorar as condicións.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, terminou o tempo.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): E ademais a vostede, persoalmente...

O señor PRESIDENTE: Conselleiro, terminou o tempo. Grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para anunciar a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos despois da votación no seo da Unión Europea que negaba esa posibilidade

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señora conselleira, traemos hoxe un tema que non é novo, no que, dende logo, vostedes nunca deixan pasar a grande oportunidade de equivocarse, e a verdade é que —con certo interese— a ver se algunha vez son capaces de contar algunha verdade sobre esta cuestión.

Vostede sabe que despois do ridículo que fixeron tiveron a intención de saír cara a adiante con esta cuestión, e cabe lembrar que a verdade é que vostedes non levan un bo historial. Lembramos que na primavera do ano pasado, xa en 2017, vostedes —a preguntas ou a suxestións deste grupo parlamentario— dixeron, como é habitual neste goberno, que xa estaban facendo moito en suscitar aquela candidatura do Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos en Europa para que puidera vir para Galicia; xa estaban traballando.

Pasou, sen embargo, que en maio, en reunións na propia sede da Unión Europea, o Goberno español sabía, e debeu de comunicárllelo a vostedes, que non ía ser posible, porque xa tiña información real de que aquela intención de Europa era difuminar aquel laboratorio. Vostedes mantiveron a situación, incluso votaron a favor da idea de manter Galicia como unha candidatura única. Sabían que era imposible.

Non contentos, cando en outubro se votou —co voto a favor do Goberno español e ningunha obxección— que aquel laboratorio se difuminaba e, polo tanto, non habería candidaturas posibles, un mes despois o presidente Feijóo anunciou a candidatura; un mes despois de resolverse anunciou unha candidatura que xa non era posible e que nunca, nunca, presentaron.

A verdade é que as excusas foron moito mellores que a situación. A culpa foi de que os enviados a Europa en nome de España eran cataláns, esa verdade que foi marabillosa; a culpa era que era do comisario europeo que decidira; a culpa despois foi de que ninguén lles co-

municou nada e, polo tanto, vostedes non presentaron unha candidatura porque non había nada que presentar, porque ninguén lles comunicou nada. E a verdade, señora conselleira, que o único que nos preguntamos aquí é, ¿quen é o responsable? ¿E por que se anunciou?, ¿por que o presidente da Xunta con fastos oropeis e celebracións pagadas por todos anunciou unha candidatura de algo que era imposible?

Pero a verdade é que foi moito mellor a fuxida para adiante, porque vostedes en vez de recoñecer un erro e o ridículo que fixeron en nome de todos nós, en nome de toda Galicia en Europa, vostedes dixeron que ían traballar para revertir ese escenario, fuxiron para adiante, ¡son asombrosos! Quedaron en ridículo por mentir e resolvérono mentindo, porque prometeron estar traballando en revertir esa situación, en que tratarían de solicitar que se reverta o escenario.

¿Sabe que ocorreu con esa solicitude? En recentes semanas volveu falar a Unión Europea, e, ¿que dixo? Que non había ningunha petición oficial ao respecto. ¡Segunda vez! Este goberno non deixa pasar a segunda vez para poder caer na mesma pedra. O único que lle pedimos é que non o fagan unha terceira, que recoñezan o erro e nos expliquen por que anunciaron aquela candidatura cando non era posible. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, señor Torrado, tenme que permitir que antes de entrar en materia lle clarifique algunhas cuestións que parece que aínda non lle quedaron claras despois de ter falado disto —eu creo— dabondo. En todo caso, eu estou convencida de que non é unha oportunidade perdida o que pasou, porque España vai desempeñar a parte máis importante das funcións que ata o de agora vén realizando o Cefas, que é a relacionada coa clasificación e o seguimento das zonas de produción de moluscos bivalvos.

Digo eu que isto non se podería ter producido de darse esa tan nefasta xestión, xa que se este avance é froito dunha nefasta xestión, non queremos pensar como foi aquela que fixeron outros na que se nos impuxo un método químico de identificación de toxinas aínda sabendo que non achegaba maior seguridade aos consumidores, pero si que implicaba maior custo, maior variabilidade, lentitude e menor fiabilidade nos resultados analíticos.

O que si que me chama a atención é que agora si parece que xa temos un responsable do comité que debateu e tomou esta decisión, porque antes disto parece ser que o proceso por comitoxía era algo que non tiña un pai, que naceu orfo. En todo caso, creo que alguén se equivoca gravemente cando di que non hai xestións, cando o 22 de xaneiro estiven eu mesma, co meu equipo, reunida en Bruxelas co director xeral da DG Santé, que depende dese comisario ao que vostede facía referencia. E esa reunión era para abordar a situación do laboratorio e ver a posibilidade que existía de revertir a segregación das funcións e atribuír aos laboratorios da comunidade autónoma as mesmas funcións. Disto existen probas gráfi-

cas e noticias que aseguran que isto é como eu llo estou contando, e esta reunión, ademais, anuncieina nunha comparecencia no Parlamento de Galicia en decembro de 2017.

Ademais, non se pode afirmar que se negara a posibilidade de reverter a situación desde esa votación que vostede cita, senón que aínda quedaba daquela o voto no Coreper e no Consello de Ministros, alén de poder ser revisable incluso no Parlamento Europeo ata principios de febreiro deste ano.

Nesa marxe temporal foi na que fomos a Bruxelas, fomos para amosar directamente o interese de Galicia por seguir sendo o centro de referencia para o control da clasificación das zonas de produción. Naquela xuntanza, que parece que para algúns non existiu, foi o propio director da DG Santé quen sinalou a posibilidade de que o laboratorio de referencia de Vigo sente as bases para establecer un protocolo de traballo conxunto co Intecmar.

Iso foi o que lle plantexamos ao Ministerio de Sanidade do Goberno anterior, e no que estamos a traballar era unha posibilidade para que Galicia aumente as competencias de forma directa, e agardamos e confiamos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...que se poida seguir producindo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Señora conselleira, a Unión Europea afirma que non hai ningunha petición oficial; entón, vostede terame que explicar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se a Unión Europea mente, non terá problema entón en ir alí e manifestar unha queixa profunda, pero maniféstea, non diga que o vai facer, non diga que o vai facer, fágao.

Ou mentirán os medios... Claro, porque vostede é certo que ten unha poderosa arma para dicir que a Unión Europea mente: fíxose unha foto. ¡Que está ben, facerse unha foto está ben! Vostedes incluso mentiron en todo este proceso por catro titulares de prensa, e meteron o presidente nese problema, porque a vostede lémbrolle que aquí dixo que non era o seu problema, porque vostede nunca o afirmou despois de outubro, que foi a votación. Afirmouno despois de outubro o presidente, pero que se chafara el, que vostede aí xa largou o problema.

Entón, ¿mente vostede, menten os medios ou mente a Unión Europea? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu fago as preguntas, é moi complicado lingüisticamente, pero ao señor Pazos xa llo explicaremos outro día.

Señora conselleira, hai que recordar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por certo, o deputado que fala dixo que non había ningunha candidatura presentada, contouno en co-

misión, pero se vostede me di que si imos incorporar un eixe ao asunto, igual mente algún deputado do Partido Popular.

Por certo, señora conselleira, é que vostedes dixeron que a culpa —fíxese, esta é a da última comisión, é que non perden vostedes a oportunidade de lucirse— era do actual goberno, que non apoiara suficiente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora conselleira, xa atopamos un montón de culpables. Agora ben, algún é certo, porque o único real, señora conselleira —e iso é o que nós preguntamos—, é que vostedes sabían que isto era imposible. Venderon a súa credibilidade por catro titulares. Tentan fuxir para adiante e a verdade é que quedan en ridículo cada vez que din algunha argumentación, e a cuestión é con que nova patraña nos van deleitar agora para dar como explicación.

E se fai algunha cousa, por favor, fágaa por escrito, porque a verdade é que vostede credibilidade de fotos poderá ter, pero de palabra hai tempo que non ten ningunha. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peche desta pregunta, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Despois, ao terminar, pódolle deixar unha carta, señor presidente, que lle remitín o día 11 de setembro ao comisario pola resposta que deu no Parlamento Europeo, para que vexan que eu non falo só de fotos, que tamén falo...

Señor Torrado, mire, eu xa non sei como explicarlle as cousas, porque cando un non quere entender cerra os oídos e o que digan os demais impórtalle pouco. Non se pode presentar unha candidatura cando non había ningunha axencia á que presentar unha candidatura. ¿Vostede veu algún prazo? Non, isto foi unha decisión que tomou un señor comisario de segregar as competencias que ata o de agora están no laboratorio Cefas. Esa decisión tomouna un comisario, que a vostede non lle gustou que llo dixera porque o comisario é socialista. Eu non lle teño culpa, señor Torrado, o comisario levou ao colexio de comisarios... *(Aplausos.)* Iso é como se agora un ministro leva ao consello de ministros unha proposta de real decreto e se di: ¡Ai, foi o consello de ministros, non foi o ministro! ¡Home! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O que votou... Perdón, señor. O que lle estou dicindo é que o comisario do que depende esta decisión propuxo facelo en comitoxía, iso é dicir que non se pode presentar unha candidatura, non hai ningún prazo aberto para presentala. Nós o que fixemos foi dicir... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ben, se non quere escoitar... Claro, así di tonterías tras tonterías. *(Murmurios.)* Non, a min, mire, mentira, ningunha. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu voulle pedir ao director xeral da DG Santé que confirme por escrito el que eu estiven reunida con el e o que se tratou nesa reunión. Eu voulle pedir que o diga, porque así llo pedín ao comisario xa o día 11 de setembro.

Non se pode dicir que non houbo unha proposta oficial cando foi o propio director da DG Santé o que nos dixo: como a parte máis importante vai para Galicia, eu voulle propoñer ao laboratorio comunitario de referencias que depende del, aínda que está ubicado aquí en Galicia, que faga un protocolo de colaboración conxunta co Intecmar. E iso é no que estamos a traballar, señor Torrado, e iso é no que seguimos a traballar.

E esa proposta que se fixo dende Galicia ao Ministerio de Sanidade estaba enriba da mesa. Eu espero e agardo, sinceramente, que agora siga adiante, porque o Intecmar está onde estaba. Vostedes..., é que claro, falan por falar. Xa cando me oíron a min falar de que íamos pedir isto, entón foi cando se lles ocorreu dicir que veña para Vilagarcía. Home, e dío un alcalde que levaba dous anos de alcalde e aínda non fora visitar o Intecmar nunca. *(Aplausos.)* E tivo que ir visitar o Intecmar cando se celebraron os vinte e cinco anos do Intecmar. ¿Saben vostedes o que temos aquí en Galicia? É que de verdade, eu o que lles pido é que non sementen tantas dúbidas, temos que traballar todos polo sector, e iso é o que estamos a facer.

A nós pareceunos naquel momento unha mala decisión da Unión Europea de dividir as funcións do laboratorio Cefas, e séguenos parecendo unha mala decisión. Agora xa hai algún país máis que o entende coma nós. E a nós o propio director xeral da DG Santé pediunos que seguirmos as actuacións que se ían realizar a partir do 1 de xaneiro de 2019 e que se notabamos algunha anomalía que volveríamos retomala. Por iso nunca abandonamos a posible idea de que reconsideren a posición na Unión Europea e que Galicia estará en disposición de atender esas funcións se así nolas dan.


O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Non hai máis asuntos, remata aquí o pleno. Boa tarde.

Remata a sesión ás seis e corenta e oito minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25